

de Cadernos
Lingua
2021

39
núm.



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Cadernos de Lingua

Ano 2021

39



REAL ACADEMIA GALEGA

Comité editorial:

Dirección: Manuel González González

Secretaría: Xosé Luís Regueira Fernández

Secretaría técnica: Carme Pazos Balado, Xaquín Loreda Gutiérrez, Nélida Cosme

Consello de redacción:

Rosario Álvarez Blanco

Ana Isabel Boullón Agrelo

Francisco Cidrás Escaneo

Xosé Henrique Costas González

Francisco Fernández Rei

Xesús Ferro Ruibal

Ernesto González Seoane

Ramón Lorenzo Vázquez

Gonzalo Navaza Blanco

Alba Nogueira López

Henrique Monteagudo Romero

Fernando Ramallo Fernández

Goretti Sanmartín Rei

Dolores Sánchez Palomino

Antón Santamarina Fernández

Contacto:

cadernos@academia.gal

<https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos>

ISSN: 1130-5924 (edición impresa)

ISSN-e: 2603-6975 (edición dixital)

Depósito legal: C 1642-1992

<https://doi.org/10.32766/cdl.39>

©Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

Apartado 557

Tlf. 981 20 73 08

Fax. 981 21 64 67

www.academia.gal

15001 A Coruña



REAL
ACADEMIA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE CIENCIA
E INNOVACION

COMITÉ CIENTÍFICO

Takekazu Asaka	–	Univ. Tsudajuku de Toquio
Débora Campos Vázquez	–	Univ. de Buenos Aires
Elisabetta Carpitelli	–	Univ. Alpes-Grénoble
Ernestina Carrilho	–	Univ. de Lisboa
Olga Castro	–	Aston University, Birmingham
Atilio Castelucci	–	Univ. Sapienza Roma
Ramón de Andrés Díaz	–	Univ. de Oviedo
Benigno Fernández Salgado	–	Univ. de Vigo
Manuel Ferreiro Fernández	–	Univ. da Coruña
Maria Filipowicz-Rudek	–	Univ. de Cracovia
Xosé Ramón Freixeiro Mato	–	Univ. da Coruña
Enrique Gargallo Gil	–	Univ. de Barcelona
Valéria Gil Condé	–	Univ. de São Paulo
Xavier Gómez Guinovart	–	Univ. de Vigo
Xosé María Gómez Clemente	–	Univ. de Vigo
Taina Hämäläinen	–	Univ. de Helsinki
Johannes Kabatek	–	Univ. de Zurich
Xabier Kintana	–	Euskaltzaindia
Ramón Mariño Paz	–	Univ. de Santiago de Compostela
Héctor Muñoz Cruz	–	Univ. Autónoma Metropolitana de Ciudad de México Unidad Iztapalapa
Guillermo Rojo	–	Real Academia Española
Antonio Romano	–	Univ. de Torino
Johannes Schnitzer	–	Institut für Romanische Sprachen Wirtschaftsuniversität-Wien
Carsten Sinner	–	Univ. de Leipzig
Andrés Suárez González	–	Univ. de Santiago de Chile
Ildikó Szijj	–	Univ. Eötvös Loránd
Xavier Varela Barreiro	–	Univ. de Santiago de Compostela
Nikola Vuletić	–	Universidade de Zadar
Helena Zernova	–	Univ. Estatal de San Petersburgo

ÍNDICE

Artigos:

- Fraseoloxía da novela *Costa do Solpor*,
de Xosé M.^a Lema / Xosé María Rei Lema 9
- Ola señor, dásmo o libro?* 141
Adquisición de estratexias de cortesía en galego /
/ Tamara Rial Montes
- Ideoloxía e identidade no discurso musical:
o caso do hip-hop e o trap galegos a través de
Rebeliom do Inframundo e Boyanka Kostova /
/ M.^a Belén Senín Santiago 165

Recensións:

- Álvarez Blanco, Rosario, Dubert García, Francisco
e Sousa Fernández, Xulio, eds. (2020). *Atlas Lingüístico
Galego. Volume VII. Léxico. O ser humano (II)*.
A Coruña / Santiago de Compostela: Fundación Barrié /
Universidade de Santiago de Compostela, 650 pp. /
/ Marta Negro Romero 191
- Normas de entrega de orixinais para a publicación 197

TABLE OF CONTENTS

Articles:

- Xosé M.^a Lema's novel *Costa do Solpor* phraseology /
/ Xosé María Rei Lema 9
- Hi, Sir, can I have the book?* 141
Acquisition of politeness strategies in Galician language /
/ Tamara Rial Montes
- Ideology and identity in musical discourse:
the case of Galician hip-hop and trap through
Rebeliom do inframundo and Boyanka Kostova /
/ M.^a Belén Senín Santiago 165

Reviews:


- Álvarez Blanco, Rosario, Dubert García, Francisco
e Sousa Fernández, Xulio, eds. (2020). *Atlas Lingüístico
Galego. Volume VII. Léxico. O ser humano (II)*.
A Coruña / Santiago de Compostela: Fundación Barrié /
Universidade de Santiago de Compostela, 650 pp.
/ Marta Negro Romero 191
- Indications for submission of originals 197

ARTIGOS

Fraseoloxía da novela *Costa do Solpor*,
de Xosé M.^a Lema /
/ Xosé María Rei Lema

Ola, señor, dásmo o libro?
Adquisición de estratexias de cortesía en galego /
/ Tamara Rial Montes

Ideoloxía e identidade no discurso musical:
o caso do hip-hop e o trap galegos a través de
Rebeliom do Inframundo e Boyanka Kostova /
/ M.^a Belén Senín Santiago



FRASEOLOXÍA DA NOVELA *COSTA DO SOLPOR*, DE XOSÉ M.^a LEMA

Xosé María Rei Lema¹
chemadelema@gmail.com

Resumo: En non poucas novelas galegas actuais vemos moitas construcións sintácticas que non son propias do noso idioma galego. Algunhas parecen simples traducións mecánicas dun texto pensado e escrito en castelán, adobiado con algunha que outra palabra que lle dea un carácter “enxebre” á versión galega. Para dar atopado unha frase ou perífrase inequivocamente galegas hai que pasar páxinas e páxinas.

Un dos campos que máis sofre esta pobreza é o da fraseoloxía. E se hai unha novela recente que ten unha inmensa riqueza fraseolóxica esa é *Costa do Solpor. O regreso da Illa do Tesouro* de Xosé M.^a Lema. De aí o interese deste traballo de recolleita, que decidimos facer sobre a edición reducida da obra (425 páxinas) para non excedernos na extensión. Aínda así contabilizamos unhas 950 frases ou expresións distintas, entre as que incluímos tamén os refráns. A estas haberlles que sumar outras vinte expresións tomadas doutros idiomas (inglés, francés, bretón...) e que figuran no texto na lingua da que son tiradas.

Palabras chave: fraseoloxía, locucións, perífrases verbais, refráns, lingua galega, *Costa do Solpor*, Xosé M.^a Lema.

Title: Xosé M.^a Lema's novel *Costa do Solpor* phraseology.

Abstract: In some current novels we see many syntactic constructions that are not typical of Galician language. Some of them are simple mechanical translations of a text originally conceived and written in Spanish seasoned with words that give a peculiar character to the Galician version. To find a truly Galician phrase or construction is not always easy.

1 Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa e asesor lingüístico no sector audiovisual.

This is especially true when it comes to idiomatic words and phrases. A recent novel with an immense wealth of idioms is *Costa do Solpor. O regreso da Illa do Tesouro* (“Costa do Solpor. Return from Treasure Island”) by Xosé María Lema, which explains our interest in this work where, even in an abridged edition, we have counted about 950 different phrases or expressions, among which we include proverbs. To these phrases we must add another twenty from other languages (English, French, Breton...) that appear in their original form.

Key words: Phraseology, Fixed expressions, Verbal phrases, idioms, proverbs, Galician language, Costa do Solpor, Xosé María Lema.

1. Introducción

A edición de libros en galego sufriu unha considerable baixada nos últimos anos, con cifras que apenas superan os setecentos títulos ao ano, lonxe dos números do ano 2008, cando se pasaba dos dous mil. Son datos do Observatorio da Cultura Galega, dependente do Consello da Cultura Galega, nos que se deixan ver ben ás claras que o punto de inflexión foi a chegada ao goberno galego do Partido Popular, que cortou de vez as axudas á publicación na nosa lingua. Mais tan preocupante como a diminución na cantidade de libros publicados parécenos a mingua da calidade deses afortunados que chegan a bo porto e saen do prelo cara ás librerías. A teor desta situación, debéra caer de caixón que ao ter menos textos editados estes pasarían polo cribro da calidade literaria e lingüística, pero non vai por aí a auga ao rego. A isto haille que sumar que a falta de axudas ás editoriais supuxo tamén unha progresiva diminución no sempre esencial traballo de corrección que elas exercían antes de que as obras visen a luz.

En todo caso, cómpre centrarse nas obras publicadas e, neste sentido, se consideramos tan só a produción en prosa, atopamos que a calidade lingüística dos textos decreceu considerablemente nos últimos anos, tanto a nivel sintáctico coma semántico. E isto dáse incluso entre autores de moito éxito de vendas, que talvez antes pasaban desapercibidos entre o amplo abano de novelas que se publicaban. É frecuente ver nas novelas moitas construcións sintácticas que

non son propias do galego, senón simples copias das do castelán, e mesmo nos últimos tempos do inglés (se cadra por influencia da linguaxe audiovisual, tan de moda nestes tempos). E no campo do léxico a situación non mellora. Moitas novelas parecen simples traducións mecánicas dun texto pensado e escrito en castelán, adobiado con algunha que outra palabra que lle dea un carácter “enxebre” á versión galega, coma se por poñer *ollar* no canto de *mirar*, *semellar* en vez de *parecer* ou *intre* no sitio de *momento* xa fose máis que suficiente para que a obra adquira natureza de galego puro. Pódese xustificarse que estas publicacións achegan o galego a unha persoa afeita a ler en castelán, que de atopar un rexistro máis afastado do seu habitual acaso non accedería a el; mais tamén é certo que esa mesma persoa lectora vai optar sempre pola edición en castelán da obra se ten opción a facelo (como ocorre en moitos dos éxitos editoriais).

Un dos campos que máis sofre esta pobreza léxica é o da fraseoloxía, que é o que nos vai ocupar aquí. Se un le moitas das novelas actuais do panorama literario galego vai poder pasar páxinas sen dar con máis expresións ou frases feitas que aquelas que son tamén do dominio castelán, e moitas outras que son propias do castelán e pasan ao galego con simples traducións literais. Xa Xesús Ferro Ruibal advertía en 1996, no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (RAG), sobre este comportamento: “Entre dicirlle a un fillo pola mañá, mentres almorza, *apura que vas perde-lo autobús* e dicirlle *bule, que vas quedar en terra* hai a diferenza de pensar en castelán ou pensar en galego”.

Está claro que non podemos xeneralizar e dicir que todas as novelas cometen este “pecado” e se manteñen alleas á fraseoloxía galega, pois hai narracións cunha alta calidade lingüística. Nós agora queremos centrar nunha que talvez destaque sobre as demais no plano fraseolóxico. Estamos falando da novela *Costa do Solpor* de Xosé M.^a Lema, que viu a luz por vez primeira en 2013, dentro da colección Narrativa de Edicións Xerais, e que obtivo o Premio da Crítica de creación literaria 2014. Con todo e iso, seica a editorial renunciou a facer unha segunda edición —tras esgotarse por completo a primeira— e, en troques, en 2017 publicou unha versión máis breve que levou o título de *Costa do Solpor. O regreso da Illa do*

Tesouro, agora dentro da colección Fóra de Xogo. Vai ser esta última, dunhas 220 páxinas menos, sobre a que imos realizar o noso estudo.

No propio título desta segunda versión xa temos boa parte do argumento da obra: a partir do final da famosa novela de Robert L. Stevenson, nárrese a viaxe de volta da goleta *Hispaniola* que, tras partir da Illa do Tesouro co bandullo cheo de riquezas, tiña mentes de regresar ao porto de Bristol. Mais saíronlles as contas furadas aos protagonistas, e unha tormenta campal fixo que tivesen que procurar acubillo na costa galega. É, pois, unha novela de aventuras ambientada no século XVIII que transcorre pola costa coruñesa, dende a cidade herculina ata o cabo de Fisterra, na Costa do Solpor.

Nas 425 páxinas da novela chegamos a contabilizar unhas 950 frases ou expresións distintas, entre as que incluímos tamén nesa listaxe os refráns, que non fan máis dunha ducia. A estas habéralles que sumar outras vinte expresións tomadas doutros idiomas e que figuran no texto na lingua da que son tiradas e a súa tradución ao galego en nota ao rodapé. Antes de adentrármonos no corpus fraseolóxico, témoslle que facer unha advertencia a quen non lese a novela e se sorprenda aquí de atopar entre os exemplos de frases algunha forma que non se corresponda coa do galego estándar. Neste sentido, temos que dicir que o autor utiliza para os diálogos dos personaxes nativos da costa fisterrá as formas dialectais que son propias deste territorio lingüístico, o correspondente á área fisterrá norte do bloque occidental das falas galegas, segundo a clasificación de Francisco Fernández Rei (1990).

Non nos parece que haxa mellor forma de comezar que recollendo algunhas das palabras que Ferro Ruibal lle dedicou na presentación en Santiago de Compostela do libro orixinal, o 20 de marzo de 2013:

Tamén é unha novidade o léxico: *Costa do Solpor* non é unha novela de falar galego con mil palabras. Lema, que ten na cabeza o falar fluído do seu pai e da súa nai, entende que a pulcritude está na fraseoloxía. A escaseza ou banalidade fraseolóxica dalgúns escritores de hoxe é preocupante porque a fraseoloxía é o nivel máis alto de calquera lingua, o nivel C2 en termos do Marco Europeo das Linguas. Non é este o caso desta novela. A riqueza fraseolóxica desta novela é un dos seus trazos distintivos.

E mesmo se o lector non os usa, están tan ben traídos que o contexto no que se insire xa os define e xa os fai transparentes.²

Dentro do amplo corpus fraseolóxico que ofrece a obra, o que máis destaca é o relacionado co mar. É lóxico, xa que estamos diante dunha novela de aventuras que transcorre ben no mar, ben en terreos costeiros, polo que o léxico e a fraseoloxía mariñeira teñen unha gran presenza. É este un terreo pouco explorado dentro da lexicografía galega, pois fóra dos estudos xa específicos de Paco Rivas (2005 e 2015), os ditos mariñeiros aparecen a contagotas nas obras máis xerais.

Nesta novela de Xosé M.^a Lema podemos atopar expresións para o estado do mar (*mar desfeito, mar de fondo, ferver o mar, unha vaga de mar campal, ventar un cifral...*), para o estado dunha embarcación (*botar amarrias, halar áncoras, quedar ó garete, poñerse ó pairo, á valga, enfiar o rumbo, poñerse en facha, recoller trapo...*), ou para falar das distintas actividades dos seus personaxes (*andar ó corso, armar en corso, cabaleiro de fortuna, andar ás crebas, lobo de mar...*). O amor tamén está moi presente na novela, tanto desde un punto de vista máis romántico (*andar en amores, andar toliña por alguén, ser a meniña dos ollos de alguén, quedar mortiña de amores...*), coma desde un plano máis sexual (*acalmar a fervedura, ferver os untos, qeutar o forno, ter caras de cans tras cadelas...*); e ollo!, que facerlle

2 Palabras tomadas da presentación de Xesús Ferro Ruibal en Santiago o 20 de marzo de 2013. A maior parte das persoas que fixeran presentacións da novela ao longo do ano 2013 salientaran a súa gran riqueza léxica e fraseolóxica: F. Fernández Rei (Teo 22/II/13); Primitivo Iglesias (Lugo 12/IV/13); María Canosa (Baio 22/III/13); Xan Fernández e X. M. Varela (Carballo 19/IV/13); J. M.^a Laredo (A Coruña 2/V/13); Xosé Antón Laxe (Allariz 10/V/13); Concha Blanco e Chus Barbeira (Vimianzo 11/V/13); David Otero e X. C. Garrido (A Estrada 22/V/13); Modesto Fraga (Arteixo 16/VI/13); Manuel Vilar (Muxía 21/VI/13); Víctor Castiñeira e Alexandre Nerium (Cee 12/VIII/13); Miguel Vázquez Freire (Corcubión 2014) etc. Eu mesmo lle dera á miña intervención na presentación de Arteixo este título: “A riqueza léxica e fraseolóxica, unha xoia de por si”. Os textos de todas estas presentacións están publicados no blog costadosolpor.blogspot.com do propio autor (o de Fernández Rei tamén n’*A Triabe de Ouro*, 2013). Tampouco pasara desapercibido este aspecto para algúns críticos literarios. Como anécdota, na presentación da Estrada, unha lectora de 88 anos —Filomena Fraga, labrega de Agrón (Ames)— interviñera para dicir que había na novela moitas palabras e frases que ela deixara de escoitar desde había máis de corenta anos, e que as fora anotando nun caderno para recuperalas.

o amor a alguén non é realizar o acto sexual con esa persoa, senón, simplemente, cortexala. A falsidade amósase a través de expresións como quitar a cobra do burato con man allea, facer orellas de mercador, caer na rateira, riso de coello, con renarte solerma, ser un tarabelo, non ser trigo limpo, facer a vista gorda ou ser auga que dorme. Tamén se pode tirar proveito de algo ao non dar puntada sen fio, haber boa tallada, non tremere o pulso, ser boa baza, baixo corda... A desconfianza vén dada ao andar coa area no zoco ou cando algo dá mala espiña, e non é mal consello que cando se trata de lobos hai que desconfiar de todos, ás veces porque alguén ten cara de beato e unllas de gato, e outras porque sabemos das súas mañas e afirmamos que en boas mans está o pandeiro.

Poucas frases hai para o que beben e comen na novela, aínda que algunhas veces cheguen a *embebedarse como monas* e despois teñan que *durmir a mona*; e xa que falamos de durmir, pódese *pasar a noite en claro* e *non prender no sono*, pódese pasar *unha noite de sonos curtos* porque algo lles *quita o sono*, mais algunha vez terán que *coller o sono* e *pegar o sono*. Para o corpo temos expresións que falan das súas partes (*beizos de boi canso, a cana dos ósos...*), ou de accións que realiza (*baixar as calzas, ensuciar as cirolas, romper augas, ter oído de porca parida...*). E se a alguén *lle pide ó corpo algo* é que ten un desexo, como o sería se dixese *quen me dera* ou se *andase coa gana*; se os desexos se convierten en algo negativo xa poden ser maldicións: *mal raio me parta!*, *mal raio vos escalace!*, aínda que tamén podemos nomear a Deus para implorar algunha cousa (*Deus non o queira!*, *Que Deus me escoite*, *Que Deus nos colla confesados...*). Va que ten un recendo máis aquelado un *Deus querendo* ca un *se Deus quere*, aínda que os dous sexan válidos? Cando a alguén *lle dá a alma*, *lle dá o corazón* ou *lle dá o corpo* algo é que ten un presentimento, e outros xeitos de coñecemento pódense dar cando *chegan ós oídos* ou *chegan á orella* cousas, que ás veces *sabes de primeira man* e outras tes que *dar por sentado* que ocorreron. Tamén as podes pensar, e aí é cando *che traballa a cabeza* e tes que *darlle mil voltas á cabeza* e *gastar os miolos*.

Moitos dos personaxes da novela son descritos como seres acovardados, que viven humillados, e iso exprésase a través de frases como *baixar a cabeza*, *baixar as orellas*, *ser canciño de cego*, *ser dos que poñen o cu para que lles boten o sal*, *quedar co rabo entre as*

pernas... Son contrariedades que lles pasan, mais *en todas partes hai cans descalzos* e aínda que *deas couces contra o aguillón* ao final tes que *aferrarte a un cravo ardendo* se non queres acabar nunha *desfeita apocalíptica*. Contra iso non tes que *darte por vencido*, hai que loitar *coma cans famentos, vender cara a vida*, para *sair coa túa e non ter ataduras* nesta vida; pero tamén podes *ser unha ovella tosquiada e pedir papas*, e así vante *deixar co cu ó aire* para os restos. Dentro dos estados de ánimo dos protagonistas, vemos que moitos devenen por chorar (*chorar a fío, chorar bágoas de sangue, chorar os sete chorares, chorar unha veiga, correr idoiros, esbagoar os ollos...*), outros conviven co medo ou coa intranquilidade (*andar coa alma nun fío, ver a morte ós ollos, arreguizárselle o sangue, callárselle o sangue, non lle cocer o pan no forno, poñérselle cara de leite fervido...*), e algúns mesmo chegan a tolear (*virárselle o sentido, virarlle a tella...*), mais tamén moito enfado (*levado dos demos, poñerse nos cornos da lúa, levado da breca, botar escuma pola boca, fender nubes...*), e incluso felicidade (*estar coma un rei nunha cesta...*). Para non desesperar ante as adversidades ten un toque máis enxebre a máxima *Non hai mal que non haxa ben* que a de *Non hai mal que por ben non veña*, que é a que se escoita habitualmente e que semella calcada do castelán.

Hai na obra moitas expresións para indicar cantidades, sobre todo cando se trata de abundancia: *a centos, a eito, a embute, ás envorcias, a esgalla, a pote, a regos...* As distancias veñen marcadas por *unha carreiriña de can, diante dos fociños, ter a tiro, no cu do mundo...* O modo de actuar pódese manifestar en rapidez (*marchar ás alancadas, andar de bolina, a carreira aberta, a todo dar, ir coma quen leva o demo detrás, a fume de carozo, coma un lóstrego, cun pé aquí e outro acolá, bater cos pés no cu, a unlla de cabalo...*), ou en lentitude e prudencia (*a paso de boi, ir ó paso, andar con pés de la/manteiga, andar con tino...*). A vixilancia é fundamental en moitos dos actores da novela, así hai quen *está ó axexo, á espreita, con cen ollos, non quita ollo, abre ben as orelas* ou ben *mira de esguello*. Hai xente que pode ser irreflexiva (*ser un cabeza de vento*), avara (*ser un carto no cu*), covarde (*ser un caga na escada, ser unha galiña choca*), orgulloso (*máis foncho ca unha pedra, ter moitas ínfulas, non caber nos seus coiros...*) ou de malos actos (*ser do coiro do demo, ser unha besta brava/parda*); hai quen busca os perigos (*botarlle aceite ó lume, buscala ben buscada, espertar o can que dorme,*

meterse na boca do lobo...), quen maltrata (*medirlle as costas a alguén, coller polos colares, ter un gato que esfolar, deixar medio morto, poñer no seu sitio, comerlle os sangumiños...*), e quen axuda e anima (*dar azos, botar unha man...*) porque é boa xente (*ser home de honor, ser unha campá de lá*).

Falar sempre se falou e nesta novela hai quen fala moito e de máis (*ser unha agra aberta, darlle ó badal, a boca chea, perderse pola boca, alixeirar a lingua, botar a lingua a pacer, botar a lingua ó clareo/ sol, desatar a lingua, falar polas orellas, falar sen papas na boca...*), e tamén quen fala en voz baixa ou quere que lle garden un segredo (*falar para os seus adentros, bisbar de boca a orela, coa boca pequena, ser conto para un xordo, con voz contida...*). Haber hai quen non fala (*non dar chío, non dar unha fala, ser de poucas falas...*), ou que non quere falar (*calar coma un afogado, calar coma un peto*), se cadra porque o obrigan a gardar silencio (*fechar bocas, conto calado, morra o conto, facer un pacto de silencio*). Hai quen fala mal (*ter a boca rachada, falar pestes de alguén*) e quen fai que sexa de dominio público todo o que conta (*andar na boca do mundo, andar de boca en boca, anunciar a can e a gato, andar nas linguas da xente*). Hai quen *non presta oídos* e quen *fai oídos xordos* porque o que se conta non é moi crible (*non hai can que o roia*) nin razoable (*non ter xeito nin pés*), ou porque non é esa a cuestión, é dicir, *non vai por aí o gato ás filloas*, e iso *non ten volta de follas*. Os que queren compracer a todos *poñen candeas a Deus e ó demo*, pois é ben sabido que *Deus é bo, pero o demo non é malo*, claro que hai quen *nin cre nin deixa de crer*, pero peor son os que *nin comen o óso nin llo dan ó can*.

A todos lles chega a hora de morrer, a algúns *apágaselle a candea*, outros *encartan a gaita e pasan a mellor vida*, e outros *toman o baño de terra* ou *toman o definitivo baño de mar* (no caso de morreren afogados); hai quen *paga coa vida* o seu atrevemento e quen *queda no sitio*. Cando está próximo o óbito *veslle a cruz ó demo, estás entre o caldeiro e a cruz* ou *estás ás portas do inferno*. Pero nesta novela, máis que morrer, á xente mántana de moitas maneiras: *pasar polas armas, pecharlle a boca a alguén, enfriarlle o ceo da boca, mandar ó inferno, verter sangue, furar as tripas...* As relacións persoais na obra poden ser positivas (*estar a ben, facer bo caldo/xugo, ter trato con alguén...*) ou negativas (*levarse coma a cabra e o coitelo, ter debaixo dun*

dente, estar a mal, virarlle as costas, cortar polo san...); hai quen *garda as distancias* porque *cadaquén co seu igual*, e quen *tempera os ánimos e pon a man no lume* por quen faga falta.

As frases feitas máis habituais na narrativa de hoxe en día son as que expresan unha ponderación, mais nesta novela non supoñen unha gran porcentaxe dentro do seu corpus: *rexo coma un buxo, lindo coma un caravel, pálido coma un defunto, fraco coma unha follola de centeo, teso coma un fuso, feo coma un pecado, contento coma un rulo, suar coma un boi, tremar coma un vimbio, botarse a alguén coma un corvo ás preas, estar coma figos secos...* A fraxeoloxía sobre o tempo aparece marcando o momento do día no que transcorre a acción, con especial relevancia para a primeira hora (*á alba, á rompida do día, ó abrir o día, ó raxor*), aínda que tamén temos para o resto do día (*ser ben de día, á caída da tarde, caer a noite, na cerradiña da noite, de sol a sol...*). Pouca xente sabe que *a cora do día* é o momento de máis calor do día. A brevidade temporal exprésase de distintos xeitos: *nun airiño de Deus, de alí a un pouco, na arte do demo, nun mal esbirrar, da noite para a mañá, nun suspiro, nun tristrás, velo e non velo...* A frecuencia vén dada por ditos como *un día si e outro tamén, desde que o mundo é mundo, de pascuas en ramos, non era sen tempo ou meu dito, meu feito...*

Os personaxes da novela pasan moitos traballos e teñen que *baixar a espiña do lombo e dar o dó de peito*, aínda que ás veces *non teñen mans a medir e cústalles ferro e fariñalfouce* facer tanto choio, porque cando vén todo xunto é que *vai haber pano para mangas*. Aínda así, non che é moita riqueza, pois hai quen *é pobre de solemnidade*, xa que anda *descalzo de pé e perna, cunha man diante e outra detrás*, ou o que vén sendo o mesmo, *coas mans baldeiras* ou *co papo baldeiro*, e teñen que *quedar a velas vir* porque sempre hai alguén disposto a *chucharlles o sangue*. Cando todos os esforzos *quedan en auga de castañas*, o seu traballo foi baldío, foi *como arar no mar* (e, se é doado, *como arar no barbeito*). Pero se un é como é, e *non esfolo nin mata, nin mata nin espanta* daquela non ten que *chamarse a engano*, pois o seu *non ten nome*. Caso contrario sería que *tivese un pauto co demo*, algo que lle *viría que nin pintado*, que *sería unha bendición do ceo* e daquela o esforzo *pagaría a pena*.

As frases e expresións para xuramentos, blasfemias ou maldicións son innumerables. Ferro Ruibal, na citada presentación da novela en Santiago de Compostela, afirmaba ao respecto: “o repertorio de imprecacións só o pode superar un máster nas tabernas do país ou nos campos de fútbol”. O autor recorre a Cristo, ao demo, ao diaño, a Belcebú, a Satanás, a Barrabás, a Xuncras e a quen faga falta para poñer nas bocas dos personaxes toda a rabia e o anoxo que levan dentro; non se podía esperar menos dunha caterva malvada de piratas (e non só!): *Cago en Cristo negro!*, *Cago en Cristal!*, *sicario de Belcebú*, *por todos os demos do inferno!*, *polos cravos de Cristo!*, *esterco de Satán*, *voto a Xuncras!*... Outras veces válese das partes íntimas para expresar o mesmo enfado: *Cago na cona da mona!*, *carallo de Cristal!*, *malo raxo a cona que o pariu!*, *pola cona que te pariu!*... Nalgunha ocasión, para indicar que quen se considera máis listo tamén se pode enganar, bota man dunha ocorrente expresión de bordel (*aínda á puta máis fina lle pode escapar un peido!*), e mesmo lle dá corda á imaxinación e crea expresións coma *malditos fillos de cade-la doente!*, *malditos os castróns cornudos que vos puxeron por pais as putas nais que vos malpariron*, *carrachos!*, e así, todo un *rosario de xuramentos*.

En definitiva, analizamos ata aquí un bo monllo de achegas fraseolóxicas dunha obra que ten a embute. Pódense ver todas, ordenadas alfabeticamente, pero, como é de adoito nestes casos, tomando como referencia a palabra de maior peso semántico da frase. En cada unha destas palabras “marcadas” colocamos todas as expresións que figuran no texto, indicando na seguinte columna o seu significado, para logo amosar os exemplos tirados do libro (con indicación da páxina na que aparecen); e por último, podemos ampliar a información con algunha expresión equivalente á citada. Despois de amosar todas as frases e expresións galegas (incluíndo os refráns, como xa dixemos), ofrecemos unha serie de expresións propias doutras linguas (inglés, francés, bretón ou córnico) que figuran no libro, coa súa tradución ao galego e un breve comentario.

Para rematar, quixemos subliñar o uso frecuente nesta obra de tres perífrases verbais, posto que parece que son, hoxe por hoxe, perífrases en perigo de extinción na nosa literatura contemporánea. Quen crea que esaxeramos, que faga a proba e volva ler boa parte

das novelas actuais para verificar se abundan ou escasean, por exemplo, perífrases enxebres do tipo *dar en* + infinitivo, (*non dar* + *participio*, *haber de* (en pasado) + *infinitivo*). A diferenza é notoria entre unha construción do tipo *dera eu en pensar que estaría matinando* por “acabei por pensar que estaría matinando”, e sobre todo *non daba entendido* ou *non o daba quitado do sentido* fronte ás equivalentes “non lograba / conseguía entender” ou “non lograba / conseguía quitalo do sentido”, calcadas do castelán; ou en frases como *houben de quedar durmido* ou *houbo de esganalo* fronte a “estiven a piques / a punto de quedar durmido” ou “estivo a piques / a punto de esganalo”.

Dando remate ao noso comentario engadimos que na recolleita da fraseoloxía contamos coa colaboración do propio autor da novela, que tivo na extensa fraseoloxía do *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (2009) a súa fonte principal de información —non en van foi un dos seus autores—, aínda que non a única, como é lóxico (véxase a bibliografía). Polo que el mesmo nos revelou, boa parte das frases e expresións de carácter local ou comarcal foron tiradas de obras como o *Vocabulario de Soneira* (RAG, 2000), de Francisco Romero Lema, e *As historias de Pepe de Xan Baña* (2005), de Xosé Baña Pose.

2. Fraseoloxismos

2.1. Fraseoloxismos galegos

A

ABOUXADO, -A

Estar abouxado/a. Estar axordado/a.

Abouxados estaban os meus oídos de tanto xuramento que escoitaba! (25).

ABRAIADO, -A

Estar abraiado/a. Estar asombrado/a, sorprendido/a.

A xente estaba abraiada por que un valo tan esvelto [...] se puidese manter en pé (154).

ABSOLUTO

En absoluto. De ningunha maneira.

Cando partimos de Bristol eu era aínda un neno *en absoluto* interesado polas rapazas (398).

ACEITE

Botarlle aceite ao lume. Avivar unha paixón ou estado de ánimo.

A forte resistencia non supuxera para el cambio ningún; todo o contrario: *botáralle aceite ó lume* (321).

SIN: **Botar leña ao lume**

ACOUGO

Non ter acougo. Non ter tranquilidade.

En canto logremos varar *O Trono*, ven axiña onda min, que *non terén acougo* ata que te vexa san e salva (302).

ADAXO

Buscar un adaxo. Buscar un pretexto.

Seguro que o individuo aínda non puido *buscar un adaxo* para abandonar a garda (341).

SIN: **Ter un adaxo**

Co adaxo de. Con motivo de; coa desculpa de.

Deixáñose asoballar polos frades do priorado, que, *co adaxo de* lles melloraren os contratos, pretendían despoxalos dos foros (271).

[...] tendes que buscar alguén que [...] volva subir a bordo da goleta *co adaxo de* lle vender máis queixos ó médico (300).

Antonte, á volta de Compostela, fixen por pasar pola súa casa *co adaxo de* saudalos (411).

SIN: **Co gallo de**

ADENTROS

Para os seus adentros. Para si, para o seu interior.

—pensou *para os seus adentros* e non lle deu máis voltas á cabeza (91).

Saint-Syr gardou silencio, avergonzado [...] mais *para os seus adentros* xurou que algún día lle devolvería a humillación ó seu socio (211).

AFEITO, -A

Estar afeito/a a. Estar acostumado/a a.

A mocidade de San Cibrán *estaba afeitada* que as serventías acabasen nunha boa xolda (306).

AGACHADO, -A

Ás agachadas. De maneira oculta.

E xa lle estou canso de vir *ás agachadas* pola porta da servidume! (94).

AGRA

Ser (coma) unha agra aberta. Persoa que fala en exceso, que o conta todo.

Limíteime a deixalo falar e falar: *era unha agra aberta* (218).

AIRE

Nun airiño de Deus. Un momentíño de nada; un intre.

Para a miña idea só foi *un airiño de Deus* o que botei cos ollos pechos (139).

Se iso chega ós oídos do voso prometido rompe co compromiso *nun airiño de Deus* (257).

[...] e parecíalles un milagre que un simple pegureiro de ovelas se puidese transformar *nun airiño de Deus* nun respectable membro da nobreza británica (408).

SIN: **Nun aire. Nun suspiro**

Ao seu aire. Con liberdade, sen ningún tipo de limitación.

Un pouco máis arriba, entre a area seca e as primeiras casas, algareiras galiñas e porcos rosmóns andaban ceibos *ó seu aire* (55).

ALANCADA

Ás alancadas. A grandes pasos con moita présa.

Pola conta que lle tiña, marchou para acolá *ás alancadas* (82).

ALBA

Á alba. Ao abrir o día, ao amencer.

Vannos obrigar a levar áncoras mañá *á alba* (314).

ALEGRÍAS

Botar as alegrías. 1. (aquí) Vomitar [as *alegrías* son os pulmóns, os órganos respiratorios dun animal].

2. Fatigarse por traballar moi duro.

Puaghgh! Isto cheira que fede! Fasmé *botar as alegrías* pola boca, zarampallo! (191).

ALENTO

Conter o alento. Tratar de non respirar por algún perigo ou por medo.

Contendo o alento foi virando a cabeza e dexergou na escuridade a silueta de dous homes a cabalo (253).

Con todos nós *contendo o alento* deu por ela paseos de ida e volta para observar o terreo (310).

—a tripulación *contivo o alento* esperando a reacción irada do capitán (319).

Cortar o alento. Estarrecer co medo.

Cóntanse por toda a costa deste barco filibusteiro crimes para *cortar o alento* (152).

Deixar sen alento. Sen poder respirar.

O Sr. Trelawney recibíume coma un pai, cunha aperta tan forte que me houbo de *deixar sen alento* (369).

ALÍ

De alí a un pouco. Pasado un breve período de tempo.

De alí a un pouco volveuse escoitar outro berro (358).

SIN: **De alí a pouco. De alí a un nada**

ALLADA

Coller/pillar na allada. Sorprender a alguén cando está argallando algo.

[...] andaban buscando un lugar para o desembarque de tropas cando o torbón *os colliu na allada* (52).

Pillounos na allada: era a mesma historia de madre Farruca (274).

—Calade todos dunha puta vez, que hai que *collelos na allada!* (349).

ALMA

[Andar] **coa alma nun fio.** Andar moi nervioso, moi intranquilo.

Pero aínda tivo que pasar [...] un tempo máis prolongado do calculado polo fidalgo, que andaba *coa alma nun fio* (341).

Parecía moi nerviosa (a rapaza), *coa alma nun fio* (373).

Botar a alma pola boca. Estar moi canso/a ou débil polo esforzo realizado.

Botando a alma pola boca por fin chegou á beira da Insua Negra (355).

Chegar á alma. Chegar ao máis íntimo; causar unha profunda emoción.

—Bravo, Jim! —os parabéns de Mariña *chegáronme á alma*— (252).

SIN: **Chegar ao corazón**

Coa alma e coa vida. Con sentimento, con toda a vontade.

O meu pensamento levábame a desexar estar no sitio do meu amigo, *coa alma e coa vida*, e non sei que daría por sentir [...] (371).

SIN: **De todo corazón**

Coa alma aos pés. Moi desanimado/a.

Coa alma ós pés volvemos á entrada do túnel (295).

Dar a alma. Presentir, parecer.

Sentou diante miña e *deume a alma* que me ollaba mal (55).

E dábame a alma de que cedo ou tarde ían atopar o noso cargamento especial (122).

A min xa *me daba a alma* que o era, pola descrición que tiña del (372).

O que son as cousas, no momento de mo entregar [...] díxome que *lle daba a alma* que esta alfaia me ía traer a felicidade (400).

SIN: **Dar o corazón. Dar o corpo**

Doer na alma. Magoar moito psicoloxicamente.

[...] *e doíame na alma* que morresen pensando que o seu grumete fora un covarde (139).

[Saír] **como alma que leva o díaño.** Escapar precipitadamente dun lugar.

O vesgo adiviñou [...] o cuarto onde tiña que entrar, pois del saíu *como alma que leva o díaño* unha moza medio espida (78).

Poñerlle (moita) alma. Poñerlle moito interese.

E sería verdade todo o que me contou? *Poñer poñíalle moita alma* ó relato (27).

ALMALLO

A pequeno almallo, gran chocallo. Refrán para ridiculizar aquel que se fai moi valente ante alguén considerado máis débil.

—Vaia, ho! Moito galeas, «*a pequeno almallo, gran chocallo*» (375).

ALTO, -A

Caer de alto en peso. Caer con toda a forza do peso que leva.

[...] saíu disparado polo aire para acabar *caendo de alto en peso* no casco da balandra (342).

AMARRAS

Largar/Soltar amarras. Saír un barco do porto.

Por un momento pensei [...] que ía dar o ton da canción que servira á ida para *soltar amarras* no porto de Bristol (30).

Xa había case un mes que *soltaríamos amarras* do Caribe (35).

Prometeulle non marchar sen volver saudalo en canto estivese todo preparado para *largar amarras* (54).

O *Lyon*, cunha tripulación de trinta e dous homes, *largou amarras* do porto de Lisboa (84).

Contramestre Gray, *solte amarras* e avíseme cando as áncoras estean haladas! (117).

Por fin o bergantín empezou a *largar amarras* (341).

SIN: **Levantar áncoras. Levar áncoras**

AMOCADURA

Era boa amocadura! Expresión para amosar certa ironía ou burla nunha apreciación.

As riquezas do conde xa non existen, fervello, xa o sen, pero cos tesouros agochados polos piratas si que teñen que ver, *era boa amocadura!* (279).

SIN: **Érache boa!**

AMOR

Andar en amores. Ter unha relación amorosa.

Andarían en amores en calquera recuncho entre os penedos (391).

SIN: **Facerse o amor**

Facerlle o amor [a alguén]. Agarimárense dous namorados. (**obs.** Distinto de realizar o acto sexual, que sería *facér o amor*).

—Había tempo que non vía dous namorados *facérense o amor* un ó outro con tanto ardor (371).

—Xa, xa [...], xa o sei; pero é que os vin tan namorados, *facéndose o amor* un ó outro con aloumiños. Se ela fose filla miña [...] (388).

Tratos de amores. Relacións amorosas.

Só madre Farruca era sabedora dos seus *tratos de amores* (246).

ÁNCORA

Botar áncoras. Ancorar, fondear unha embarcación.

A *Hispaniola* botara *áncoras* na punta Batedora (186).

Halar áncoras. Recoller as áncoras do fondo do mar tirando por elas.

Contramestre Gray, solte amarras e avíseme cando *as áncoras estean haladas!* (117).

De súpeto, observou que o bergantín despregaba as súas velas e estaba *halando áncoras* (337).

Levar áncoras. Saír un barco do porto onde está atracado.

Volvo [...] ó momento en que a nosa goleta *levou áncoras* do porto dunha illa da América española (20).

O contramestre tocou o chifro para *levar áncoras* e os mariñeiros agarraron as barras do cabrestante (29).

[...] se as cousas non mudaron des que *levamos áncoras* na procura da illa do tesouro (34).

En fin [...], podo asegurarlle que o barco inglés non poderá *levar áncoras* (80).

A tripulación da *Hispaniola* debe estar preparada para *levar áncoras* (300).

SIN: **Levantar áncoras. Largar amarras. Soltar amarras**

ÁNIMO(S)

Temperar os ánimos. Suavizar enfrontamentos entre persoas; limar asperezas.

—Acouga, Chavián, acouga [...] —tratando de *temperar os ánimos* interveu Mariña (273).

ANSIA

(Non) ter ansia. (Non) ter interese.

Os do bergantín *non tiveron ansia* de recoller os cadáveres dos camaradas (152).

Unha ansia fóra. Un problema ou preocupación menos.

Que o que hai que facer é tirar ó mar esa alparda guedelluda e así teriamos *unha ansia fóra* (62).

Non sei se entende a nosa fala, pero con arrialo pola borda cun contrapeso atado ó pescozo, *unha ansia fóra* (143).

Pois iso supoñía que xa non se tiña que preocupar pola goleta inglesa. *Unha ansia fóra* (327).

ANXO

Puros coma anxos e orgullosos coma demos. Máxima do xansenismo, movemento relixioso puritano do séc. XVII.

A Terra será un paraíso e os cristiáns seremos «*puros coma anxos e orgullosos coma demos*» (331).

APALPADA

Ás apalpadas. Valéndose do tacto para recoñecer as cousas, pola ausencia de luz.

Sen pensalo, baixamos *ás apalpadas* por unha escaleira de pedra (289).

SIN: **Ás apalpadelas**

APALPADELA

Ás apalpadelas. Valéndose do tacto para recoñecer as cousas, pola ausencia de luz.

Mentres camiñabamos case *ás apalpadelas* (290).

SIN: **Ás apalpadas**

APARTE

Facer un aparte. Facer unha observación.

Facendo un aparte, o Dr. Livesey díxolle coa boca pequena (388).

Fago un aparte para anticipar a boa nova de que [...] os meus amigos [...] acabaron unindo as súas vidas (424).

Nun aparte. Nun sitio retirado.

Nun aparte estaban parolando o Sr. Trelawney e o doutor Livesey (413).

AQUEL

Co aquel de. Co pretexto de; coa oportunidade de.

Co aquel de romper co silencio pregunteille a Andrea [...] máis cousas do seu defunto marido (177).

SIN: **Co adaxo de. Co gallo de**

AQUELAR

Un sen o outro [Deus e o demo] **non se aquelan**. Frase que expresa a necesidade da existencia de dous poderosos seres antagónicos.

A xente ben di que lles hai que poñer candeas ós dous (a Deus e ó demo), que *un sen o outro non se aquelan* (332).

ARAR

Ser como arar no barbeito. Ser doado.

Botala [a mole pétrea] logo a rolos pola pendente cara á punta Cachelma xa *foi arar no barbeito* (361).

Ser coma arar no mar. Ser cousa imposible.

Tratar de saír daquela enseada pecha na que nos encerraron *era coma arar no mar*, tarefa imposible (214).

ARCA

De arca a couso. Todo ao ancho dun barco (do lado dereito ao esquerdo, mirando de popa a proa).

Caparémolos a todos, cona divina, e penduraremos os seus carallos nas vergas, de proa a popa e *de arca a couso!* (347).

SIN: **De babor a estribor**

AREA

Andar coa area no zoco. Andar desconfiado.

O Chavián non se opuxo ós desexos da súa nai, aínda que agora xa *andaba coa area no zoco* pola disposición dela a contar intimidades (166).

SIN: **Andar coa area na zoca**

ARMA

A carreira das armas. A carreira militar.

Se decidise escoller *a carreira das armas* augúrolle un gran futuro (386).

Pasar polas armas. Matar cunha arma; executar.

Aqueles homes ós que nunca lles tremera o pulso *para pasar polas armas* a quen se lles puxese diante (320).

ARRIAR

Arriar en banda. (aquí) *fig.* Deixarse caer á auga, escapar do barco pola borda.

Arriei en banda pouco antes de que vos chovese o trebón de pedras e paus (374).

Arriar pola borda. Expresión mariñeira que significa botar fóra do barco violentamente.

Como faga honras ó alcume, *arriano pola borda* cun couce por onde perde o aire! (69).

[...] do que tiveran que descontar case un terzo do «material», pois contraera febres na viaxe e houbera que *arrialo pola borda* (89).

SIN: **Tirar pola borda**

Arriar velas. *fig.* Liscar, marchar [expresión mariñeira].

—Ordes do capitán, amigo [...] Así que *arriando velas!* (60).

Así

Así como así. De calquera maneira, sen reflexionar.

Falastes de sacar o tesouro da furna *así como así* (253).

ATADURA

(Non) ter ataduras. (Non) estar sometido a un poder ou obriga, libre.

Recoñeceu que mesmo debería estar contento por nacer nunha familia que *non tiña ataduras* (156).

AUGA(S)

Como auga nun cribo. De maneira fácil e veloz.

E percorreremos as sete millas de distancia á furna, non hai máis, *como auga nun cribo* (324).

[Quedar] **en auga de castañas.** Quedar en nada.

Todo debeu quedar *en auga de castañas* (9).

Romper augas. Expulsar o líquido que recobre o feto cando se vai producir o parto.

Faltábanlle só días para *romper augas* e dar a luz o seu noveno fillo (257).

[Ser] **auga que dorme.** Ser hipócrita.

O seu socio *era auga que dorme*, había tempo que o sospeitaba (99).

AVANTE

Avante toda! Orde de navegar con toda a forza que teña a embarcación.

—*Avante, avante!*, que nos atacan! —berrou Smollett alporizado—
Avante toda! (118).

—*Avante toda*, pola nai que vos pariu! (119).

Avante toda, ou ábrovos en canal! (353).

—*Avante toda*, temoneiro! (354).

AVISO

Poñer sobre aviso [a alguén]. Advertilo, poñelo en alerta.

[...] pois o alporizado grallar dunha bandada de gaivotas *pusérao sobre aviso* da presenza dun barco (151).

AXEXO

[Estar] **ao axexo**. Estar vixiando sen ser visto.

Estiven *ó axexo* e un día vin como un barco con todo o seu aparello case se introducía pola boca da furna (278).

SIN: [Estar] **á espreita**. [Estar] **á esculca**

AZOS

Dar azos. Dar ánimo, dar forza.

Karadeuc, os teus paisanos precisan cantar a canción que lles *dá azos!* Dálles o ton! (104).

Isto *deume azos* para dubidar de tal afirmación (208).

Unha vitoria sobre eses piratas do mar *daríanos azos* para unha luita máis longa (306).

B

BABOR

A babor. Cara ao lado esquerdo do barco (mirando de popa a proa).

Temoneiro, vira *a babor* cara ó nordés (30).

Chegou ó cume da Ponta Ruiva mesmo cando o noso temoneiro cumpría a orde de virar *a babor* (30).

No momento de virar *a babor* para dirixirse cara ó poñente (105).

Capitán! Aló vai a paxara inglesa, *a babor*, polo outro lado do illote bicudo! (119).

O barco, que estaba a piques de virar *a babor* para enfilear cara á boca da gruta, quedou ó paio (350).

De babor a estribor. Todo ao ancho dun barco (do lado esquerdo ao dereito, mirando de popa a proa).

[...] un refacho de vento descomunal que fixo abanear o barco *de babor a estribor* e houbo de arrebolar a Saint-Syr pola borda (355).

Por babor. Cara ao lado esquerdo do barco (mirando de popa a proa).

A conversa cortouse cando un mariñeiro berrou: «Navío a popa, *por babor!*» (419).

BADAL

Darlle ao badal. 1. Falar sen tino. 2. Non conterse no falar; falar de máis.

Non estaba de máis a advertencia, todos lembrabamos as liortas que tiveramos na viaxe de ida por o Sr. Trelawney *darlle ó badal* (22).

SIN: **Baleirarse pola boca. Botar a lingua a/ao clareo. Botar a lingua a pacer. Botar a lingua a paseo. Botar a lingua ao sol. Desatar a lingua. Irse da lingua. Perderse pola boca**

BÁGOA

Debullarse en bágoas. Chorar amargamente.

A muller *debullábase en bágoas* lembrando os pormenores daquel suceso (163).

SIN: **Desfacerse en bágoas**

BAIXO

Polo baixo. En voz baixa, de maneira case inaudible, con disimulo, secretamente.

O Chavián íame traducindo *polo baixo* a cada pouco (162).

—díxonos don Reimundo *polo baixo* (309).

Así coma quen que nos escoitaches falando *polo baixo* (336).

—comentou *polo baixo* o fidalgo— (340).

—comentou *polo baixo* ó seu veciño, para que non o escoitase o capitán, un dos apostados na amura de estribor— (348).

Élle a chamada da vida, Livesey —moumeoulle Trelawney *polo baixo* ó doutor (371).

BALDEIRO, -A

[Notar] **un baldeiro no estómago.** Sufrir un medo repentino.

O Chavián *notou un baldeiro no estómago* e foi recuando arpepiado (253).

BANDEIRA

Baixar bandeira. *fig.* Recoñecer expresamente a superioridade de alguén; render(se); humillar(se).

E a súa cólera fora maior cando a goleta ás primeiras de cambio *baixara bandeira* (120).

[...] aquel aluado pretendía tamén humillarnos obrigándonos *a baixar bandeira* ante o seu idioma (121).

BAÑO

Tomar o baño de terra. *fig.* Morrer. [< inglés: «when I take the earth bath»].

Cando *tome o baño de terra* facede o que queirades ti e mais o doutor (17).

En canto *tome o definitivo baño de terra* herdaría o pazo (404).

Tomar o definitivo baño de mar. *fig.* Morrer afogado.

A Garridiña e os seus homes *tomaron o seu definitivo baño de mar* (361).

BARCO

Barco de presa. Barco pirata ou barco corsario.

[...] o invencible capitán do *An Ankou*, o *barco de presa* que máis navíos
[...] mandou ó fondo do mar (123).

BARLOVENTO

[Navegar] **a barlovento.** Navegar polo lado por onde vén o vento.

Navegando a barlovento non tardamos en chegar ó extremo do cabo
(117).

BARRABÁS

Polas barbas de Barrabás! ou **Por Barrabás.** Bocalada ou expresión vulgar que invoca o bandido que saíu libre en lugar de Cristo.

—Pouco tempo para preparar un ataque en condición, *polas barbas de Barrabás* —exclamou subitamente Saint-Syr (80).

—Pero iso non pasará comigo, *por Barrabás* —matinaba Saint-Syr (109).

—*Polas barbas de Barrabás!* Que Satanás me leve se non é o [...] *El Trueno!* (120).

—Vailles ser peor, *por Barrabás!* —exclamou, irado, o bucaneiro (120).

—Estes castróns da Costa do Solpor hanse de acordar disto, *por Barrabás!* —exclamou (Saint-Syr) en voz alta— (355).

BATALLA

Curtido/a en mil batallas. Moi experimentado/a [en especial na guerra].

O almirante vía a cousa moi complicada: primeiro, conseguir enganar o astuto capitán do *An Ankou*, *curtido en mil batallas* (335).

BAZA

Meter baza. Intervir nunha conversa ou asunto.

Xa empezaba a haber certo clima de hostilidade contra nós cando outro mariñeiro *meteu baza* (51).

Aproveitando a confusión o Dr. Livesey decidiu *meter baza* dirixíndose ó enmascarado (124).

Ser unha (boa) baza. Ser de grande utilidade ou proveito.

—Pois *sería unha boa baza* descubriilo, que non pode andar lonxe (196).

BEIRA

Facerlle as beiras [a alguén]. Tratar de namorar, cortexar, seducir.

Non era doado de explicar o feito de que un mozo da aldea, do que tiña sospeitas de que lle estaba *facendo as beiras* á súa adorada filla, saíse da Torre a aquelas horas da noite (255).

SIN: **Facerlle a corte. Facerlle o amor**

BEIZO

Beizos de boi canso. Beizos moi grosos.

—exclamou Caetano do Anido, taberneiro e arrieiro de viños, home groso de amplas faceiras e *beizos de boi canso* (69).

BELCEBÚ

Por Belcebú! Expresión que invoca o demo.

E morrerei de vello, *por Belcebú!* —balbuciu apertando os dentes.

Sicario de Belcebú. Imprecación contra unha persoa malvada, a quen se considera que está ás ordes do demo.

—Ah do *An Ankou! Sicarios de Belcebúúúú*, escoitade a maldición dun condenado a morte: (132).

Voto a Belcebú! Expresión que invoca o demo.

—*Voto a Belcebú!* De onde xurdiu este bandallo? (189).

Voto a Belcebú que se van acordar! (321).

—Non pode ser, *voto a Belcebú!* Ten que ser un espellismo, un engano dos sentidos polo cansazo! (356).

BEN

E mais ben. Expresión que reforza unha afirmación.

—Fixo, carallo, fíxoo *e mais ben* —dixo o chamado Mascato— (141).

Poñerse a ben [con alguén]. Volver á amizade; rematar un enfado. Imporar o perdón divino.

[...] e, para *se poñer a ben* co seu espírito foi cando mandou facer a estatua (275).

[...] dedicou o derradeiro intre a *poñer a ben* co Creador a súa alma (255).

BENDICIÓN

Ser unha bendición do ceo. Ser algo excelente ou favorable.

Pois os seus habitantes considerarían *unha bendición do ceo* que a goleta encallase nunha das súas praias [...] (423).

SIN: **Ser unha bendición de Deus**

BERRO

A berros. Alzando moito a voz.

Suplicámoslle *a berros* que volvese (364).

—repetiu *a berros* Saint-Syr dirixíndose á figura espectral (374).

—Chavián, Chavián! Xa teño a solución! —exclamou o almirante acorado, falando *a berros* (407).

Berro seco. Berro breve e forte que se emite cando se fai un grande esforzo.

Tres *berros secos* e turrade con todas as vosas forzas! Agora ou nunca! (360).

BESTA

A besta non pregunta quen a monta. Refrán ou aforismo que asegura que as monturas adoitan adaptarse ao xinete.

—*A besta non pregunta quen a monta* [...] —sentenciou o palafreireiro (70).

[Ser] **unha besta brava/parda.** Ser moi bruto, ou moi desapiadado e cruel.

—Eu ben che quixen avisar, *besta parda*, pero non me fixeches caso! (261).

—Perdechesh moito tempo aldraxándome, *besta parda*! (319).

Axustizaches ti este *besta brava*, Chavián? (373).

SIN: **Ser unha besta negra**

BICO

Comerse a bicos. Darse mutuamente moitos bicos.

Non me diga vosa mercé que lle parecía xusto que unha parella de ruliñas como a fidalguiña e o Chavianciño, que *se comían a bicos* no barco [...] (415).

BIOSBARDOS

Pillar nos biosbardos. Estar moi despistado.

A pregunta *pillouna nos biosbardos*, e só atinou a responder tateando (326).

BO, BOA

Polas boas. Sen ter que usar a violencia.

Xa verá como estes señores son razoables e nos van dicir *polas boas* onde se atopa o seu rico cargamento (124).

—non *polas boas*, claro, que de primeiras as mulleres sempre dicides que non— (326).

BOCA

Abrir a boca. (aquí) Falar.

Ía *abrir a boca* para preguntarlle por ela, pero el coutoume (151).

Eu seguía sen *abrir a boca* e ela continuou (367).

Andar en/na boca do mundo. (aquí) Ser de dominio público.

O almirante Hawke, nome que *andaba en boca de todo o mundo* antes de levarmos áncoras de Bristol (23).

[Andar/Seguir] **de boca en boca.** Transmitirse oralmente; facerse de dominio público.

A maldición do trobeiro *seguí de boca en boca* (284).

A sanguinolenta historia d'A Matapiratas *andaría de boca en boca* polas tabernas portuarias e de feira en feira (378).

Boca abaixo. Co corpo estendido cara ao chan.

O corpo que atopei, tombado *boca abaixo*, era dun home, sen dúbida un dos tripulantes do bergantín (372).

Ó tempo que falaba, o Chavián foise achegando ó cadáver, que os mariñeiros deixaran estomballado *boca abaixo* (372).

Botar escuma pola boca. *fig.* Estar fóra de si.

Tras el choutaron outros membros da tripulación *botando escuma pola boca* coma cans rabiosos (121).

[Bisbar] **de boca a orella.** Dicar algo polo baixo ou en segredo, de persoa a persoa.

En fin, o meu amigo *bisbaba* coas pedras *de boca a orella!* Falaba con elas, ou, polo menos, a min parecíamos (311).

Calar a boca. Expresión para ordenar gardar silencio.

—*Cala a boca*, carracho! Vas dado se pensas que non vou abrir esa porta (172).

—*Cale a boca!* traidor miserable! (201).

—*Cala a boca*, zarangallo! Quen che mandou tocar a gaita aquí? (314).

—*Cala a boca*, Karaudec! (347).

—*Cala a boca*, lurpia! (375).

Coa boca pequena. En voz baixa, sen que ninguén máis escoite.

Facendo un aparte, o Dr. Livesey díxolle *coa boca pequena*: (388).

De boca para fóra. Só de palabra.

Que traballen algo, que ata agora só o fixeron *de boca para fóra* (324).

[Dicir] **a boca chea.** Falar sen disimulo, abertamente.

Pois xa cho podo *dicir a boa chea*: vinlles comunicar ós ingleses que o seu grumete [...] (319).

Irse a boca a [dicir algo]. Dicar ou pronunciar algo sen pensar, mecanicamente.

É que entre nós *váisenos a boca a dicir* Trillóns (168).

[Facer] **fechar bocas**. Facer calar.

Con aquela obra monumental o meu home *fechara moitas bocas*, pois todos tivero que recoñecer que era un traballo moi ben feito (178).

Pecharlle a boca [a alguén]. *fig.* Darlle a morte.

Despois de que cante hai que *pecharlle a boca* (144).

Perderse pola boca. Falar sen tino, non conterse no falar, falar de máis.

De momento voume contentar con encerrar ese maldito tolo [...] para evitar que o furafollos ese *se perda pola boca* (62).

SIN: **Baleirarse pola boca. Botar a lingua a/ao clareo. Botar a lingua a pacer. Botar a lingua a paseo. Botar a lingua ao sol. Darlle ao badal. Desatar a lingua. Irse da lingua**

Punto en boca. (aquí) Expresión coa que se conclúe cara a unha situación de silencio.

Punto en boca. Por nós non se ía saber (378).

[Quedar] **coa boca aberta**. Quedar abraiado, sorprendido.

[...] e quedara *coa boca aberta* cando o escoitara parolar co Dr. Livesey (387).

SIN: [Quedar] **coa boca dunha cuarta**

[Quedar] **coa boca dunha cuarta**. Quedar abraiado, moi sorprendido.

[...] cando observei a todos os que nos acompañaban *coa boca dunha cuarta* cara ó meu amigo, sentín unha fonda satisfacción (311).

SIN: [Quedar] **coa boca dun palmo. Cun palmo de boca aberta. Coa boca de a cuarta**

Saber por boca [de alguén]. Saber porque o dixo a persoa que se cita.

Así e todo, eu *soubera por boca* do propio Silver dunha versión (24).

—Eu tamén son admirador dese ilustre maluño, de cuxas fazañas *sou-ben pola súa boca*, capitán (93).

Ter a boca rachada. Xurar, blasfemar; ser malfalado/a.

Algúns daqueles mozos *tiñan a boca tan rachada* coma os piratas (389).

SIN: **Ter a boca grande**

BOI

A paso de boi. Con moita lentitude.

Foron *a paso de boi* máis que de cabalo, pois o inexperto xinete prefería ir coñecendo o animal (71).

O rochelés cacheou o visitante e despois subiu *a paso de boi* ó sobrado da pousada (76).

—E van tirando dun carro! [...] Camiñan *a paso de boi* (349).

Boi de palla. Persoa sen afouteza, sen malicia; un pousafoles.

[...] estaban seguros de dar boa conta daquel fato mal armado de aldeáns da Costa do Solpor, unha xentiña con sona de *bois de palla* (347).

BOLINA

Andar de bolina. Andar ás présas; con moito apuro.

Todos parecían *andar de bolina*. Quedamos sorprendidos (338).

[Navegar] **de bolina.** Navegar contra a dirección do vento, formando o menor ángulo o vento e a proa.

Logo viramos a estribor e recibíunos a proa unha brisa intensa que nos obrigou a *navegar de bolina* (117).

O pulo do refacho encaixara *de bolina* o bergantín cara á estreita boca da enseada (338).

BOLSA

[Persoa] **de bolsa e comercio.** Persoa dedicada á banca ou ao comercio [frase utilizada por Fr. Martín Sarmiento].

Desatendendo as palabras do seu asociado, quedou matinando na ambición ilimitada deste *home de bolsa e comercio* (95).

BORDO

A bordo. Dentro dunha embarcación.

[...] pois este [o francés] permitiu que *a bordo* correse a augardente e o ron a esgalla entre a tripulación (85).

—E tes idea de quen sería o que botou a lingua ó sol *a bordo*? (158).

Por estribor largáronnos a esqueira de corda para subir *a bordo* (406).

A bordo manda vosa mercé, capitán, pero os deste bote aínda non subimos ós seus dominios! (407).

BOTADO, -A

Botado/a para a diante. Ousado/a, atrevido/a; vaidoso/a.

[...] pois ningún humano se atreverá a roldar por unha paraxe demoníaca; os máis *botados para a diante* xa pagaron coa vida o seu atrevemento (210).

BRAVO, -A

Á brava. De maneira brusca e violenta; violar.

—Mala pécora! [...] Agora voute cabalgar *á brava* como fixen coas outras (317).

Canto máis digas que me aborreces, máis devezos por domearte como só eu sei facelo. *Á brava!* (325).

BRAZO

[Quedar] **de brazos cruzados**. Sen facer nada.

Se logramos a vitoria fui porque a buscamos sen quedarmos *de brazos cruzados* (361).

SIN: [Estar/Quedar] **cos brazos caídos/cruzados**. [Estar/Quedar] **de brazos caídos/cruzados**. [Estar/Quedar] **cruzado/a de brazos**

BRECA

Levado/a da breca. Abraiado/a; fóra de si; irritado/a.

O Chavián volviuse medio tolo coa mala nova e marchou *levado da breca* (368).

BUCÍO

A bucío. Ata o fondo da auga.

Alfred tirouse á auga *a bucío* (166).

Fixo un mergullo perfecto, *a bucío*, que só produciu unha breve batuxada (367).

BURRA

Caer da burra. Decatarse dun erro.

O meu amigo *caera da burra* e decidira facerlle caso á meiga de Vila-sumisa (304).

BUSCAR

Buscala ben buscada. Dar motivo para sufrir un castigo; meterse en problemas.

Tiveches unha oportunidade e botáchela a perder. *Buscáchela ben buscada!* (125).

SIN: **Andalas buscando**. **Buscalas pola man**

BUXO

[Forte/Rexo] **coma un buxo**. Moi forte [coma a madeira de buxo, moi dura].

Buxeirán non, rapaz, Buxerán, porque debía ser *forte coma un buxo* (249).

[...] xunto a un mozo e a unha moza *rexos coma buxos*, Cheíño do Rei e Ádega de Xanzón (322).

C

CÁBALAS

Facer cábalas. Facer cálculos ou conxecturas para adiviñar unha cousa.

Todos, agás o despreocupado fidalgo, iamos *facendo cábalas* de como nos recibirían (48).

CABALEIRO

Cabaleiro de fortuna. *fig.* Pirata.

[...] alí estaba o mellor da mocidade de Valverde, de Reiverde [...] disposta a impedir os abusos dos *cabaleiros de fortuna* (303).

[...] como fixeran antes tantas mulleres raptadas por *cabaleiros de fortuna* (317).

CABALO

Cabalo sen brida. Sen goberno.

[...] e a goleta quedara ó garete coma *un cabalo sen brida* (38).

CABEZA

Baixar a cabeza. Humillarse, aceptar algo sen replicar.

Seica de tanto *baixaren a cabeza* xa lles están medrando unhas xibas no lombo, ghi, ghi! (142).

Botar da cabeza. Expulsar do pensamento.

Pero ela seguía dálle que dálle [...] e eu tratando de *botala da cabeza* (365).

Da cabeza aos pés. De arriba a abaixo.

Arrepioume a ollada que me botou *da cabeza ós pés* (144).

SIN: **Dos pés á cabeza**

Irse a cabeza. Marchar o pensamento.

Fóiselle de novo *a cabeza* para falar de cando empezaron a aparecer esfragados polos cantís os corpos dos facheiros (276).

Non caber na cabeza. Resultar incomprendible, fóra de toda lóxica.

Aquel tesouro estaba maldito de El-Señor, pero a min *non me cabía na cabeza* que o Todopoderoso consentise (138).

Non me cabía na cabeza que un home tan comprometido (394).

Pasar pola cabeza. Pensar por un intre; vir á mente unha idea.

O que nunca *lle pasara pola cabeza* fora que este mozo [...] soubese entenderse tan ben na fala dos ingleses (387).

Quedar [algo] na cabeza. Aprender; memorizar.

Para que non lle esquecese [...] viñera repetindo en alto a partida palabra por palabra ata comprobar que lle *quedara na cabeza* (168).

[Ser] **un cabeza de vento.** Ser unha persoa pouco reflexiva, con pouco xuízo e sensatez.

A culpa é toda dese Chavián do Vao [...], *un cabeza de vento* coma seu pai, que xa era un tarabelo! (345).

[Ter] **a cabeza noutra parte**. Estar distraído, estar absorto.

—Xa o sei, capitán! [...] Acougue! —dixo o aludido *coa cabeza noutra parte* (406).

Traballarlle a cabeza [a alguén]. Darlle moitas voltas a algo; non parar de cavilar.

Moito *lle traballou a cabeza* a vosa mercé en pouco tempo (417).

Virlle á cabeza [algo a alguén]. Ocorréselle de repente unha idea; lembrar.

O lóxico sería que nin *lles viñese á cabeza* a existencia de tesouro ningún (122).

Repítoche que foi unha idea que me *veu á cabeza* coma un lóstrego (293).

Comprendín decontado o desacougo do fidalgo [...], pois a min tamén me *viñera á cabeza* o tráxico final da Frolinda e do Buxerán (391).

CABO

Botarlle un cabo [a alguén]. Axudalo a saír dunha dificultade.

—Este é o momento de nos *botar un cabo*, se de certo estás sentido polo que fixeches (336).

Cabo de. Xunto a; ao carón de.

Chavián chamou por un dos cadelos, que axiña veu *cabo do* seu amo (159).

Vinde *cabo de* min, que volo explico! (295).

Fun *cabo do* Sr. Trelawney, que estaba meditabundo (392).

Fui para min unha ledicia ver como parte da mocidade desa vila vos soubestes rebelar vindo *cabo de* nós para luitardes contra os abusos (395).

Cabo de casa. Cabeza de familia (que, xeralmente, era o home).

E o máis vergonzoso de todo, a luitosa, imposto inhumano polo cal cando a unha familia *lle morre o cabo de casa* (329).

[Estar] **entre o cabo e o escobén**. Nunha situación difícil na que hai que elixir entre dúas cousas igualmente malas [expresión mariñeira].

—Non quero pillar os dedos *entre o cabo e o escobén* (76).

Desta vez puxeches o dedo *entre o cabo e o escobén!* (104).

SIN: [Estar] **entre o eixe e a roda**

CABRA

[Levarse] **coma a cabra e o coitelo**. Levarse moi mal.

En realidade os dous asociados *levábanse coma a cabra e o coitelo* (99).

SIN: **Levarse coma o can e o gato**

CADELA

Cadela asaída. Insulto dirixido a unha muller [literalmente: “cadela en celo”].

—A culata non ten a pólvora mollada, *cadela asaída!* Fendereiche a cabeza con ela! (375).

CAER

Deixar caer [unha pregunta]. Preguntar con segundas intencións.

O suboficial *deixara caer* a pregunta con rapidez (49).

CAGAR

Cago en Cristo! Xuramento contra Cristo no que hai certo reparo a pronunciar o seu nome.

—*Cago en Cristo* [...], pero se lle acaban de poñer unha lama que se pega ós dedos (172).

Cago en Crist...iña! Xuramento contra Cristo no que hai certo reparo a pronunciar ese nome.

O castigo para os piratas é a forca, *cago en Crist...tiña!*—berrou Cheíño do Rei— (389).

Cago en Cristo! Xuramento ou blasfemia contra Cristo.

Houbo de esganalo, *cago en Cristo* (141).

Cago en Cristo negro! Xuramento ou blasfemia contra Cristo.

—Unha cousa é roubar [...], *cago en Cristo negro!* —continuou—, e mesmo matar se non hai máis remedio (218).

Ten xenio a poldra, *cago en Cristo negro!* (316).

É cuspidio ó noso esqueleto bailador, *cago en Cristo negro!* (350).

Esa voz écheme coñecida [...] Nin que fose a do moribundo aquel do paquebote inglés, *cago en Cristo negro!* (351).

Cago na cona (da mona)! Bocalada ou expresión vulgar.

—É ou non é, Curricacho, *cago na cona da mona!* (141).

—*Cago na cona da mona!* Quen anda por aí, hostia! —exclamou o mascato (143).

—Aínda imos rir un anaco, *cago na cona!* —comentou outro dos piratas— (191).

Cago nos sacramentos! Xuramento ou blasfemia contra algo que se considera sagrado da relixión cristiá.

Cago nos sacramentos! Espertamos o can que dorme! (353).

[Ser] **un caga na escada.** Ser un covarde.

E falando dos desa vila podre [...] iremos bombardear os tobos *deses caga na escada* acovardados (346).

CAIXA

Abrir a caixa dos tronos. Provocar unha reacción violenta.

Nunca tal fixera, pois iso *abriu a caixa dos tronos* e sacou á luz a rabia demente do fillo pródigo de Saint-Malo (317).

CAIXÓN

Caer de caixón. Ser evidente.

Cae de caixón que os piratas fixeno o enreixado para o seu servizo (294).

CALADO, -A

Ás caladas. De maneira silenciosa.

Debiu gozar *ás caladas* convencido de que ninguén imaxinaría (292).
pero nós xa os fomos arranxando [os estragos] *ás caladas* (339).

Pola calada. En voz baixa, privadamente, sen que o escoite alguén alleo.

A valente fidalga contounos *pola calada* o que realmente acontecera a noite anterior na Insua Negra (378).

CALAR

Calar coma un afogado. Calar por completo.

Disque os piratas *calaron como afogados* e que os seus corpos se estremeceron cun xélido calafrío (132).

SIN: **Calar coma un morto**

CALDEIRO

[Estar] **entre o caldeiro e a cruz.** Estar máis morto que vivo; entre a vida e a morte.

Este, *xa entre o caldeiro e a cruz*, ceibou un ouveo estentóreo e caeu de xeonllos ós pés da destemida doncela (376).

CALDO

[Facer] **bo caldo.** Ter bo entendemento; levarse ben; seren acordos.

O confiado capitán do barco non reparara [...] nin tampouco no *bo caldo* existente entre estes dous individuos (83).

—tomou a palabra don Cristovo, que parecía que *fixera bo caldo* co crego— (390).

Eu pensaba que entre o fidalgo e o crego *fixeran bo caldo*, pois os dous loitaran contra un inimigo común (397).

CALMA

Á calma vento espera; mariñeiro, ponte en vela. Refrán ou máxima mariñeira que advirte sobre as calmas enganosas antes dunha tormenta.

«*Á calma vento espera; mariñeiro, ponte en vela*», di o refrán, e os refráns sempre atinan (35).

CALZAS

Baixar as calzas. Expulsar os excrementos do corpo; cagar.

—Cando vaia *baixar as calzas* límpese con el, gha, gha! (126).

SIN: **Arriar as calzas. Baixar os pantalóns**

CAMIÑO

Nin por rodeo nin por atallo, nunca deixes o camiño do carro. Aforismo ou sentenza que recomenda usar sempre o camiño tradicional.

[...] e (o palafreireiro) despediu o xinete con outro aforismo: «*Nin por rodeo nin por atallo, nunca deixes o camiño do carro!*» (70).

O bo camiño. Comportamento acorde coa moral ou coa lei establecida.

Volva *ó bo camiño* e acabará agradecéndolle á Providencia o contra-tempo de quedar aquí varado (344).

O camiño recto. *fig.* O comportamento moralmente bo, o admitido polo común dunha sociedade.

Quizais porque o santo titular da freguesía tamén andara por vieiros retortos antes de vir *ó camiño recto* (305).

O mal camiño. *fig.* O comportamento moralmente malo, non admitido polo común dunha sociedade.

Primeiro acabaremos con ese barco maldito e coa Confraría da Man Morta, que levou a tantos *polo mal camiño* (306).

[Tomar] **o camiño torto.** Mal camiño.

Que *camiño torto tomara* aquel personaxe tan educado e culto para se converter no máis sanguinario dos caudillos filibusteiros do Atlántico? (100).

CAMPÁ

[Ser] **unha campá de la.** Ser pacífico, sosegado.

Antes sempre anoxado con todo o mundo [...] e agora *unha campá de la* (20).

CAN

Andar de can [de alguén]. Ser un lambecús.

Fará iso se llo vas laretar ti, que decote *andas de can* do capitán (316).

Anunciar a can e a gato. Facer pública unha cousa con moita festa.

Todos quedamos amolados, pois xa iamos decididos a *anunciar a can e a gato* a gran fazaña dunha brava heroína (377).

Can de presa. Can adestrado para atacar (aquí: *fig.* barco de presa).

[...] para permanecer na costa galega un tempo prudencial, ata que os malditos *cans de presa* británicos se esquecesen deles (89).

Cara de can tras cadela. Rostro de home que denota desexos luxuriosos.

[...] aínda estón vendo *as caras de can tras cadela* daqueles bandoleiros (253).

Coller o can polas orellas. Afrontar con decisión as dificultades.

—Axíña, meus, que o vento vén na nosa axuda! *Collamos o can polas orellas!* (360).

Coma can sen dono. (aquí) *Fig.* Indómito, imposible de dominar.

[...] sentín unhas cóxegas rebeldes [...] que provocaron que o meu ‘carabullo’ —como festivamente o chamaban os amigos da Costa do Solpor— espertase do seu letargo e permanecese teso *coma can sen dono* (398).

Coma cans famentos. Con moita rabia, con moita violencia.

Galgaron as ondas ouveando roucas *coma cans famentos* (38).

Coma cans rabiosos. Con moito anoxo, con moita rabia.

Ó non o daren atopado, os piratas marchano *coma cans rabiosos* (232).

En todas partes hai cans descalzos. Frase que se utiliza para indicar que certo inconveniente ou defecto non é exclusivo do sitio ou persoa de que se trata.

Eis o capitán Saint-Syr [...], e o seu segundo Lourenzo de Aboal —paisano noso, para o noso escarnio, que *en todas partes hai cans descalzos*— (394).

SIN: **Non hai can que non mexe á parede. En todas as partes cocen fabas**

Espertar o can que dorme. Buscar problemas onde non os había.

Espertamos o can que dorme! Esta furna está enmeigada (353).

Facer arrimar os cans ás paredes. Dise de algo que mete moito medo.

Estou seguro de que é a voz grave do baixo do coro fúnebre do *Kernow*, que xa daquela *fixera arrimar os cans ás paredes!* (351).

Nin can nin cadela. *fig.* Ninguén.

[...] na que se falaba dunha unha cova na que non entraba *nin cadela nin can* (243).

Non deixar can tras palleiro. Esculcar, remexer a fondo; non quedar sitio onde mirar ou buscar.

Contounos que os piratas *non deixaran can tras palleiro* na mansión (178).

—Volverán, Jim; estón seguro. [...] E agora si que *non van deixar can tras palleiro* (232).

SIN: **Non quedar can tras palleiro. Non deixar torre ergueita**

Non vai haber can que roia [algo]. Frase que salienta o difícil de asumir, crer ou entender algo.

—*Non vai haber can que roia* [...] ese teu plan —murmurou o prudente Silvestre (299).

Sáirlle [a alguén] **o can sen rabo.** Levar un chasco.

Pensabades que todos eramos canciños de cego [...], pero *saívos o can sen rabo* (374).

SIN: **Sáirlle a cadela can. Sáirlle as contas furadas**

Ser [alguén] **canciño de cego.** Ser submisivo, abaixadizo.

Pensabades que todos eramos *canciños de cego* coma os de Vilasumisa (374).

CANA

A cana dos ósos. A medula espiñal.

O medo xa lles entrara a todos *na cana dos ósos* (349).

CANAL

Abrir en canal. Abrir o corpo cun instrumento cortante de arriba a abaixo.

Avante toda, ou *ábrovos en canal!* (353).

CANDEA

Apagárselle a candea. *fig.* Morrer.

Como o envexo, meu amigo, eu que só teño por herdeiros uns raposeiros sobriños-netos que coma voitres están esperando a que se me *apague a candea* (387).

Poñer candeas a Deus e ao demo. Querer compracer a dúas partes contrarias.

A xente ben di que lles hai que *poñer candeas ós dous* [*a Deus e ó demo*], que un sen o outro non se aquelan (332).

SIN: **Acender/Prender unha candea a Deus e outra ao demo**

Ter unha candea no enterro. Participar nalgún acto.

Non sexamos egoístas, pois eles tamén desexan *ter unha candea neste enterro* (130).

CANTO

No canto de. En vez de, en lugar de.

Malia as ameazas que proferira contra a rapaza [...] seguía sentindo a necesidade de seducila *no canto de* a posuír pola forza (321).

CANGOS

Caer cangos do ceo. *fig.* Ocorrer un cataclismo.

[...] pois, nunca mellor dito tamén, *caían cangos do ceo* (354).

CARA

Cara de ferreiro. Cara de mal humor, que mostra enfado ou anoxo.

—desculpouse en vendo a miña *cara de ferreiro*— (186).

A inclusión dos fidalgos entre os «tiranos» fixo que [...] se afastase do grupo con *cara de ferreiro* (397).

SIN: **Cara de cerralleiro. Ollada de ferreiro**

Cara de pau. Cara adusta, inexpresiva; cara de enfado.

—dixo coa súa habitual *cara de pau* mirando cara a min— (28).

Coa cara lavada. (aquí) Sen pagar as consecuencias, con descaro.

Pola miña propia seguranza xúrolle que estes castróns non han de liscar *coa cara lavada* para logo podéreno laretar por aí (136).

[Ter] **cara de beato e unllas de gato.** Aparentar ser unha persoa piadosa e ser en realidade outra pouco de fiar.

Manda nabo con este mexón de auga bendita *con cara de beato e unllas de gato!* (99).

[Ter] **cara de coello.** Ser hipócrita.

—tal foi o efusivo saúdo que lle dispensou ó visitante, con afagadora *cara de coello*, o da cabeza en forma de pera (93).

[Ter/Poñérselle/Vérselle] **cara de leite fervido.** Ter ou presentar unha cara moi pálida e tétrica.

—Mira ti este *cara de leite fervido* que parecía mudo (125).

En escoitando amentar a Buxerana, a don Cristovo púxoselle *cara de leite fervido* (391).

Xa estaba vendo as súas *caras de leite fervido* (411).

CARALLO

A onde carallo...? Expresión vulgar que introduce unha pregunta.

—*A onde carallo* pensas que vas, bandallo? (313).

Carallo. Emprégase para expresar sorpresa ou para corroborar unha afirmación.

—Fixo, *carallo*, fixoo e mais ben (141).

Carallo de Cris...ta! Xuramento ou blasfemia para expresar abraio no que se evita pronunciar o nome de Cristo.

Esta [voz] si, pero non a de antes, non, *carallo de Cris...ta!* (351).

Do carallo. [Precedido de adx. ou subst.]: Expresión vulgar de desprezo ou animadversión cara á persoa, animal ou cousa que se nomee.

—Ti queres ver a Deus por un cribo, *chosco do carallo?* (82).

—Non me fodas, *francés do carallo!* (316).

SIN: **Do nabo**

[Estar] **ata o carallo.** *fig.* Ao límite da paciencia ou do aguante.

Xa estaba eu *ata o carallo* dese seboso santiroleiro (321).

Manda carallo! Expresión vulgar que se usa para manifestar sorpresa ou decepción.

—*Manda carallo!* Coa gana que tiña eu de catar unha femia e mira ti que cousa xeitosa! (315).

SIN: **Manda nabo!**

Que carallo...? Expresión vulgar para remarcar unha sorpresa.

—*Que carallo é isto? Aaaaahhhhh!!* (149).

—*Que carallo vai ser, paifoco!* [...] Es ben pescso, ho! (172).

Que carallo vai saber el! Acabas de inventalo ti, lurpia! (319).

Róncallo o carallo! Expresión vulgar para remarcar unha sorpresa.

Róncallo o carallo! Quedou un inglés agochado aquí! (143).

CARAVEL

Lindo/a coma un caravel. Moi fermoso/a.

A todo isto había que engadirlle que era *linda coma un caravel* (247).

SIN: **Bonito/a coma un caravel. Bonito/a coma un sol**

CARNE

De carne e óso. Persoa real e auténtica, con aparencia humana, que é capaz de sentir e padecer.

Son os ladróns *de carne e óso* que vos están metendo o medo no corpo (351).

Preparade os mosquetes e disparede contra todo o que se mova no alto: xa veredes como son *de carne e óso!* (352).

CARRANCHAPERNAS

A carranchapernas. Montado ou sentado cunha perna para un lado e a outra para o outro.

Unha vez arreadas [as cabalerías], montamos *a carranchapernas* (258).

SIN: **Ás carranchapernas**

CARREIRA

A carreira aberta. A toda velocidade, con moita rapidez.

Pouco despois de que Mariña e o seu irmán de leite marchasen nos seus cabalos *a carreira aberta* (304).

[...] pois abrira pola parte da popa unha brecha enorme, a causa da cal o navío se estaba afundindo *a carreira aberta* (356).

Ás carreiras. Ás présas, correndo.

[...] andaba *ás carreiras* polo mesmísimo bordo do precipicio (287).

[...] tombou na cuberta os primeiros tripulantes que intentaran saír *ás carreiras* da goleta (338).

Unha carreiriña dun can. Distancia medianeira, máis curta que longa.

Queda mui lonxe o castelo do conde? [...] —*A unha carreiriña dun can*, filliña. Por este camiño ides chegar a el (275).

CARTO

[Ser] **un carto no cu.** Ser moi avaro.

Bastían aínda que *era un carto no cu* —disque tiña que aforrar para darlles uns bos dotes ás súas catro fillas (70).

CASAMENTO

Casamento de trato. Matrimonio concertado.

[...] e disque xa rexeitara *casamentos de trato* provenientes doutras familias fidalgas da comarca (247).

CASAR

Casar e compadraz, cadaquén co seu igual. Refrán que indica que cadaquén se debe emparentar cos da mesma clase social.

Don Cristovo tiña moi presente que «*casar e compadraz, cadaquén co seu igual*»; así fora sempre e así tería que ser (247).

CASO

Facer caso omiso. Non facer ningún caso, ignorar.

Dándolle varias caladas á pipa *fixen caso omiso* do confidente (217).

CASTRÓN

Malditos os castróns cornudos que vos puxeron por pais as putas nais que vos malpariron, carrachos! Maldición a base de insultos encadeados.

Malditos os castróns cornudos que vos puxeron por pais as putas nais que vos malpariron, carrachos! (353).

CAUSA

Causa maior. Motivo importante.

Chavián está aquí por *causa maior!* (255).

CEAVOGA

[Manterse] **a ceavoga**. Cando nunha viraxe uns remeiros vogan cara a diante mentres outros o fan cara a atrás [expresión mariñeira].

Tras uns momentos *a ceavoga*, os mariñeiros dos remos acataron a orde do armador e viraron en redondo (407).

CEGO, -A

Ás cegas. Sen reservas.

Non obstante, o noso armador confiou *ás cegas* na palabra do militar (54).

2. Sen ver por falta de luz.

—E non haberá perigo indo *ás cegas* por mar aberto? —insistiu o doutor— (116).

Amigos, non se ve nada e non podemos andar *ás cegas* (361).

Só abundaba cunha carreiriña *ás cegas* cara á beira do cantil [...] (364).

3. Sen pensar, de forma impulsiva.

Fixeron unha descarga pechada, *ás cegas* e de maneira descontrolada (354).

CENTO(S)

A centos. En gran cantidade; en número moi elevado.

[...] vilas e vilares de canto nome hai témolos *a centos* por aquí (244).

SIN: **A miles. A milleiros**

CERNA

Ir á cerna [de algo]. Dirixirse ao máis importante.

—Unha historia moi bonita, señor —cortou o Chavián vendo que o almirante se demoraba en *ir á cerna* do asunto— (401).

CHASCO

Levar un chasco. Levar unha decepción ou desengano inesperado.

O que máis me alegra é *o chasco que van levar* os nugalláns dos teus curmáns ingleses (404).

CHEIRAR

Cheirar que alcatrea. Cheirar mal intensamente; apestar.

É un coitadiño sen malicia. Pero hoxe ímolo escorrentar, que *cheira que alcatrea* (313).

SIN: **Feder que alcatrea**

CHEO, -A

Unha chea [de algo]. Gran cantidade, en abundancia.

Os seus moradores lograron fuxir e os nosos inimigos intentaron queimar o carballo *unha chea de veces* (401).

CHÍO

Non dar un chío. Non abrir a boca, non falar.

[...] pois non son poucos os que apandan co que lles boten *sen daren un chío* (270).

Non escoitarse un chío. Haber silencio, non escoitarse nada.

Ide apagando os fanais de abordo e gardade silencio. *Que non se escoite un chío* (347).

Non se escoitaba nin un chío (372).

CHISPA

Coma unha chispa. Moi rápido.

A pronuncia do nome verdadeiro do barco motivou que Lourenzo se levantase *coma unha chispa* (82).

Mala chispa me/te/o/a coma! Expresión de maldición, imprecación.

Mala chispa me coma! Como non me decataría antes! (407).

SIN: **Mala chispa me/te/o/a confunda!**

CHORAR

Chorar a fio. Chorar moito.

Pareceulle que fuxía escorrentada *chorando a fio* (78).

SIN: **Chorar ás cuncas. Chorar a rego. Chorar os sete chorares. Chorar unha veiga**

Chorar bágoas de sangue. Chorar amargamente, con moita dor.

E a ningunha lle valeu *chorar bágoas de sangue* (318).

Eu permanecín a distancia sen me atrever a achegarme a eles, nin sequera ó meu amigo: deixeiño *chorar bágoas de sangue* pola súa amada (363).

Chorar os sete chorares. Chorar moito.

[...]e fun eu daquela quen, *chorando os sete chorares*, se abrazou ó Chavián con forza (371).

SIN: **Chorar a fio. Chorar a rego. Chorar ás cuncas**

Chorar unha veiga. Chorar moito.

Chorei unha veiga (398).

SIN: **Chorar a fio**

CHOU

Ao chou. Sen un plan previo.

[...] o asalto non fora *ó chou*; aqueles piratas sabían ó que viñan (127).

SIN: **Ao azar**

CHOVER

Chover o mar chovido. Chover moito.

Empezou a *chover o mar chovido* (37).

SIN: **Chover a arroiñar. Chover coma quen a envorca. Chover a varrer**

CHUVIA

Se vén chuvia antes do vento, arría con tempo. Refrán ou máxima mariñeira que indica que se deben recoller as velas axiña por previsión dunha tormenta.

Quizais confiado no vello dito de «*se vén chuvia antes do vento, arría con tempo*», o capitán tardou en reaccionar, pois neste caso viñera antes o vento (36).

COBIZA

A cobiza fai valente o máis covarde. Máxima coa que se expresa que a ansia de riqueza pode facer que a xente sexa máis atrevida do que se espera.
—*A cobiza fai valente o máis covarde*, capitán (210).

A cobiza rompe o cesto. Refrán ou máxima que advirte contra o exceso de cobiza.

O voso médico acabou convencendo os piratas de que había que ir por máis tesouros á illa. *A cobiza rompe o cesto* (158).

COBRA

Quitar a cobra do burato coa man allea. Tirar a pedra e agochar a man.

[...] pois chegoume a carta deles [...] xustamente cando o rei George lle declaraba a guerra ó rei Carlos de España [...] Moi valentes os dous monarcas, *quitando a cobra do burato coa man allea!* (424).

SIN: **Quitar a cobra / cóbrega do valado coa man doutro**

COCER

Non lle cocer o corpo / Non lle cocer o pan no corpo [a alguén]. Non estar tranquilo; non convencer; impacientarse.

Mirando polo telescopio en todas as direccións ó Chavián *non lle cocía o pan no corpo* (179).

Traio boas novas para vós, filla querida, e xa *non me coce o corpo* esperar a mañán para chas facer saber (256).

Eu debería estar calado, pero *non me coce o corpo* (329).

SIN: **Non cocer o pan no forno**

Non lle cocer o pan no forno [a alguén]. Non estar tranquilo; non convencer; impacientarse.

[...] pero aínda *non me coce* moito *o pan no forno* no tocante ás gadoupas dos católicos irlandeses (45).

SIN: **Non cocer o pan no corpo**

COIDADADO

Traer sen coidado. Non lle importar nin interesar nada.

—Despois de cargar todo o tesouro nos nosos barcos, o que faga vosa mercé cos desa maldita goleta *tráeme sen coidado*, capitán (205).

COIRO

Non haber nos meus/seus coiros. Estar moi orgulloso e contento.

Quen máis quen menos *non cabía nos seus coiros* polo éxito da empresa (20).

Os dentes batíanme aterecido polo frío [...] pero no fondo *non cabía nos meus coiros* coa fachenda (39).

Ser do coiro do demo. Ser moi malo.

pois (os ingleses) *eramos do coiro do demo* (51).

Ti falas muito, pois contan que o Denociña *é do cuiro do demo* e que se alporiza por nada (69).

Ter o coiro moi duro. Ser moi forte, moi resistente.

Pero volvívín á vida, rapaz, porque o vello John *ten o coiro moi duro* (26).

COITADO, -A

Coitadiño de...! Desventurado! Pobriño!

Confeso que mesmo cheguei a pensar que eu tamén lle agradaba. *Coitadiño de min!* (398).

COLAR

[Coller] **polos colares.** Agarrar á altura do colo de maneira ameazadora.

A pronuncia do nome verdadeiro do barco motivou que Lourenzo [...] *collese polos colares* o abesullón (82).

Vermello de ira, o bucareiro veu cara a min e *colleume polos colares* (207).

CÓLERA

Montar en cólera. Enfadarse moito.

Despois de *montar en cólera*, Smollett aceptou facer unha breve arribada nunha das illas dos Azores (28).

O Amo —así nomeou ó enmascarado— *montou en cólera*, pois seica o rapaz escoitara unha conversa. (216).

Botando espuma pola boca, Saint-Syr *montou en cólera* (353).

COLLÓN

[Deixar] **cos collóns engruñados**. Quedar con moito medo.

Non vos dá vergonza que esta cativa vos *deixe cos collóns engruñados* coma figos secos? (321)

Ter collóns. *fig./vulg.* Ter afouteza viril, ser valente e arriscado.

Se foses un home diríache que *tes collóns* (325).

COLO

No colo. Nos brazos.

Menos mal que, nun banco de pedra diante dunha casa, había unha velliña cunha criatura *no colo* (304).

COMA

Coma quen (que). Expresa valor comparativo relativo.

Eu fixen *coma quen que* non escoitara a ofensiva alusión ós grumetes (29).

Vírame saltar do barco e nadar cara á costa *coma quen* leva o demo detrás (154).

Faga vosa mercé *coma quen que* me está releando o prezo (194).

Coma quen que nos escoitaches falando polo baixo, tes que facer que esta noticia chegue ó capitán do bergantín (336).

Non fono os barcos da Armada Real que facían *coma quen que* non os vían (395).

COMBATE

Entrar en combate. Empezar a loitar.

Na súa tropa había un degoro enfermizo por *entrar en combate* (120).

COMPROMISO

Romper co compromiso. Dar remate a unha relación, especialmente a amorosa.

Se iso chega ós oídos do voso prometido *rompe co compromiso* nun airiño de Deus (257).

CONA

Cona! Expresión vulgar de sorpresa ou abraio.

—Unha cousa é entrar na furna á luz do día e outra facelo con esta borraxeira, *cona!* —comentou polo baixo ó seu veciño (348).

—Guindemos o seu corpo ó mar despois de lle cortar a cabeza, *cona!*

—berrou Toniño de Sendón— (389).

Cona bendita! Xuramento que expresa sorpresa ou abraio.

Como lle saltou á gorxa o vellouco da casa azul, *cona bendita*, e iso que disque eran moi amigos! (141).

Cona divina! Xuramento que expresa sorpresa ou abraio.

—Caparémoslos a todos, *cona divina*, e penduraremos os seus carallos nas vergas (347).

Cona virxinal! Xuramento que expresa sorpresa ou abraio.

Non quero ser cómplice de tanta maldade, non tería perdón a miña alma, despois de andar penando, ardería no lume eterno, *cona virxinal!* (218).

Pola cona que te/o/a... pariu. Bocalada que expresa rexeitamento ou enfado.

—Puahgh! *Pola cona que te pariu*, alpabarda, limpa eses noxentos bormos, porco! (190).

CONCIENCIA

Escrúpulos de conciencia. Reparos de tipo moral.

—Porque eu tamén tiña *escrúpulos de conciencia* coma o almirante, señor (202).

CONFORME

CadRAR conforme. Estar de acordo.

O enmascarado non tivo máis remedio que *cadRAR conforme* (344).

CONTA

Caer na conta. Acabar por saber ou comprender algo que non se comprendía.

Como non *caera na conta?* (345).

Dar conta (de). Coidar, estar ao coidado de, facerse cargo.

Reparei no traballo dos dous cans máis cativos, pois eles sós *daban conta de* toda a manda (159).

Os cans saben conducir o gando ó sitio e *dar conta del* (179).

O Sr. Livesey indicoulle ó mariñeiro que xa *daba conta do* recado (392).

Pola conta que che/me/lle ten. Porque interesa.

Pola conta que lle tiña, marchou para acolá ás alancadas (82).

Saír as contas furadas. Non obter o logro ou beneficio esperado.

[...] como lle *saíron as contas furadas*, agora está facendo tempo (321).

SIN: **Saír a cadela can**

CONTO

Conto calado. Expresión usada para gardar silencio sobre un asunto (ou dalo por rematado).

Menos mal que para todos son Chavián do Vao, e *conto calado* (169).

E algo máis: que isto sexa *conto calado*, eh! (293).

E listo! *Conto calado!* (416).

Contos de fadas. Contos ou lendas imaxinarias.

Os matrimonios entre princesas e plebeos só se dan nos *contos de fadas* (388).

Contos de vellas. Antigas lendas sen fundamento real.

—Abonda xa de *contos de vellas*, covardes furriquireiros! (351).

[Deixar] **morrer o conto.** Ir esquecendo un asunto, dalo por concluído.

Pero a idea de contar o que faltaba (da nosa aventura) parecía amolalo, de xeito que non tiven máis remedio que *deixar morrer o conto* (18).

Morra o conto. Non se fale máis do asunto.

[...] dirixiuse á súa filla procurando que escoitásemos todos: —*Morra o conto* (256).

E se non fose así [...], que máis ten, Livesey! Mire o lado bo e *morra o conto* (419).

O conto de nunca acabar. Asunto que non parece ter fin nin solución.

Desesperante! *O conto de nunca acabar* (295).

SIN: **O conto de non acabar**

Ser conto para un xordo. Expresión usada para forzar a que se garde un segredo.

—A dicir verdade, e que isto *sexo conto para un xordo* —respondeu achegándose a nós os dous para que ninguén o escoitase— (330).

Mais isto que vos digo —concluíu Mariña—, *é conto para un xordo* (378).

CONTRALUZ

A contraluz. De costas á luz.

Os do bergantín ergueron a vista e albiscaron *a contraluz* [...] a silueta dunha alta muralla pétrica esburatada (354).

CORA

Na cora do día. No momento de maior calor do día.

Súas coma un boi, compañeiro! Non me estraña, pois estamos *na cora do día* [...] —engadiu mirando cara ó impecable disco solar que nos torraba— (183).

CORAZÓN

Darlle o corazón [algo a alguén]. Presentilo; ter certeza.

Dáme o corazón que vai haber sorpresas (179).

SIN: **Dar a alma. Dar o corpo**

Dureza de corazón. Insensibilidade, ausencia de sentimentos nobres.

Esta ía ser unha despedida tristeira pola *dureza de corazón* de don Cristovo (397).

Encollérselle o corazón [a alguén]. Sentir medo ou sufrimento.

[...]convertidos en seres sen rostro, e non me estrañaba que, vistos entre a brétema, a calquera mortal *lle encollese o corazón* (357).

Esgazar o corazón. Causar moita dor.

Os laios da moza *esgazaban o corazón* (250).

CORDA

Baixo corda. Por medios ocultos ou encubertos.

Os seus rudimentarios coñecementos do inglés —e seica tamén do francés—debíanse a que tratara de aprender de maneira autodidacta estes idiomas para poder ler os libros que *baixo corda* lle traían do estranxeiro (258).

Largar corda. Gañar tempo con dilacións.

—dixo don Cristovo ó tempo que *largaba corda* e accedía ós rogos da filla (258).

CORPO

Corpo a corpo. Con contacto físico.

A loita ía ser *corpo a corpo*, pois, loxicamente, non ían bombardear a furna (347).

SIN: **Corpo contra corpo**

Dar o corpo. Presentir.

Dáme o corpo que ti vas ser quen atope a chave do enigma (280).

SIN: **Dar a alma. Dar o corazón**

Pedirlle o corpo [algo a alguén]. Apetecer, desexar.

A min o que *me pide o corpo* é que nos rebelemos contra todos estes tiranos (396).

Quedar mal corpo. Sentirse mal, incómodo.

O certo é que eu estaba esperando a xolda esta mesma noite, pois *quedárame mal corpo* da última por culpa do meigallo do da voz rouca (143).

CORRENTE

Poñer ao corrente. Poñer en coñecemento.

Contoulle todo con brevidade e *púxoo ó corrente* de quen era eu (305).

CORSO

[Andar] **ao corso.** Modo de piratería legal, amparada por un goberno.

—De piratería non [...]! Este navío está dedicado *ó corso* (343).

Armar en corso. Dedicar un barco á piratería legal.

Así el podería *armar* máis barcos *en corso* coma *El Trueno* (136).

Patente de corso. Licenza que dá un goberno para autorizar actos de pira-
tería.

Dubido que o seu augusto rei D. Joseph de Portugal lle outorgase
patente de corso (126).

CORTAR

Cortar polo san. Poñer fin con determinación a algo antes de que sexa
demasiado tarde.

A actitude desafiante de Mariña exasperou a Saint-Syr, que, cegado
pola ira, decidiu *cortar polo san* (375).

CORVO

[Botarse a alguén] **coma un corvo ás preas.** Dun xeito moi agresivo.

Que se vaia persignando ese ovelleiro se lle pasa algo ó meu caraveliño,
botarenme a el *coma un corvo ás preas* (345).

COSTADO

Polos catro costados. Polos catro lados; por todas as partes.

O *Kernow* empezou axiña a arder *polos catro costados* (131).

COSTAS

Medirlle as costas [a alguén]. Darlle unha boa malleira.

Non fuches home de te ceibares desa puta coa que estás amigado?
Tiñas que *medirlle as costas*, mariqueiro! (104).

Virarlle as costas [a alguén]. Cambiar de posición o corpo para darlle as
costas a unha persoa, xeralmente con desprezo.

Dito isto, o capitán do *An Ankou viroulle as costas* a Mariña con desdén
(319).

SIN: **Dar(lle) as costas. Volver(lle) as costas**

COUCE

Dar couces contra o aguillón. Empeñarse en levar a cabo un imposible.

Ti faime caso, mociña, que eles *dean couces contra o aguillón* e ti escu-
dríña ben na estatua do Trabeiro (280).

CRAVO(S)

Aferrarse/Agarrarse a un cravo ardendo. Empregar todos os medios para
saír dun apuro.

Había que *agarrarse a un cravo ardendo*, e o capitán deu orde de enfilear
cara a aquel resplandor (41).

El, que se sabía conservador, disposto a romper con anticuados costu-
mes seculares, e o seu homólogo, de arelas tan reformistas, *aferrado a*
eles coma a un cravo ardendo (397).

SIN: **Agarrarse a un cravo fervendo**

Polos cravos de Cristo! Expresión coa que se manifesta protesta ou sorpresa, ou para encarecer unha súplica.

Non vimos roubar! *Polos cravos de Cristo!* (269).

Polos cravos de Cristo, apurade, Silvestre, agora ou nunca! (341).

Polos cravos de Cristo!, quero pensar que aínda estamos a tempo, non si? (362).

CREBAS

Andar ás crebas. Buscar obxectos de valor nos restos dos naufraxios.

Faltoulles tempo para acudirén aló, os máis deles coa idea *de andaren ás crebas*, ós achados (162).

Para que logo digan que só sabemos *andar ás crebas* nas preas dos afogados (389).

CRER

Nin crer nin deixar de crer. Frase que indica cautela nun asunto de fe ou de crenzas.

—*Nin creo nin deixo de crer*, meu ben. Xa che dixen que para min as lendas antigas teñen un pouso de verdade (285).

CRETO

(Non) dar creto. Crer ou non crer no que se asegura.

[...]pero el *non daba creto* a tales cubilladas, pois non concibía tanta crueldade (134).

Quedei mirándoo *sen dar creto* ó que estaba a escoitar (155).

Ó principio *non deron creto* ás miñas palabras (195).

Tratando de se incorporar, deluvou os ollos outra vez, pois *non daba creto* ó que estaba vendo (356).

—Atémoslle as mans e as pernas a un pau e levémolo a ombros de porto en porto, para que todos o vexan e *dean creto* (389).

O Chavián *non daba creto* ó que estaba escoitando (404).

CRIBO

Coma un cribo. Con moitos buratos.

Ímoste levar onda el, pero coa barriga *coma un cribo* (148).

CRISTO

Polos cravos de Cristo! Expresión coa que se manifesta protesta ou sorpresa, ou para encarecer unha súplica.

Non vimos roubar! *Polos cravos de Cristo!* (269).

Polos cravos de Cristo, apurade, Silvestre, agora ou nunca! (341).

Polos cravos de Cristo!, quero pensar que aínda estamos a tempo, non si? (362).

CRUZ

Verlle a cruz ao demo. Ver a morte próxima.

Acababa de *lle ver a cruz ó demo* comprobando que co mar embravecido non había brincadeiras (37).

Ninguén nos respondía e empezamos a *verlle a cruz ó demo* (288).

CU

Deixar co cu ao aire. Deixar en evidencia.

Agora ímolos *deixar co cu ó aire* (127).

O cu do mundo. *fig.* Lugar afastado dos centros de cultura e do poder.

Seica á ilustre dama deste *cu do mundo* lle entrou o medo no corpo (319).

Pois que foi derrotado por un fato de rapaces da Costa do Solpor, esa que chamades «*o cu do mundo*» (374).

—Aí tes a nosa fin da terra, o cabo Land's End [...] —O noso «*cu do mundo*»! —exclamei mirando cara á punta (423).

[Ser] **dos que poñen o cu para que lles boten o sal.** Frase que expresa un desprezo total polos submisos e covardes.

pois eses covardes [de Vilasumisa] [...] *son dos que poñen o cu para que lles boten o sal* (273).

CUSPIDO, -A

Ser cuspid/a [a algo ou a alguén]. Parecerse moito a algo ou a alguén.

É *cuspid* ó noso esqueleto bailador! (350).

Era innegable: eu e mais el *eramos cuspidos* (414).

CUSTAR

Custar ferro e fariña [algo a alguén]. Custar moito traballo ou/e esforzo.

[...] había cousas que se me varreran do sentido e que me ía *custar ferro e fariña* recordalas (19).

SIN: **Custar ferro e fouce. Custar barro e fariña**

Custar ferro e fouce [algo a alguén]. Custar moito traballo ou/e esforzo.

Agora xa hai un terceiro [faro] e abofé que vai *custar ferro e fouce* botalo abaixo, pois é todo el de pedra (58).

Dous bos abrigos, pero *custa ferro e fouce* entrar neles, a non ser que se conte con algún piloto que xa tivese feito a arribada (181).

SIN: **Custar ferro e fariña. Custar barro e fariña**

Custe o que custe. Por encima de todo, salvando calquera dificultade.

Desde aquela, a poderosa Armada británica tiña orde de capturar, *custase o que custase*, o bergantín roubado (89).

SIN: **Custe o que custar**

D

DADO, -A

Ser dado/a [a algo]. Ser inclinado/a a algo.

—Quizais se esaxere moito a historia, porque os mariñeiros *son moi dados a* fachendear da crueldade dos seus capitáns (101).

Ir/Estar dado/a. Estás amolado/a.

Vas dado se pensas que non vou abrir esa porta [...] Aquí non vai quedar un cornecho sen mirar (171).

DAR

A todo dar. Moi rápido, coa máxima présa.

Ollando cara á costa reparei nun individuo que subía *a todo dar* por un estreito e perigoso carreiro (30).

Non rematou a frase e liscou *a todo dar* (177).

Dálle que dálle. Úsase para indicar insistencia ou teimosía.

Mariña seguía chamándome con teimosía [...], eu respondíalle impo-
tente [...] Pero ela seguía *dálle que dálle* (365).

SIN: **Dálle que lle das. Dálle que lle darás**

Quen me/che/lle [...] dera! Expresión de desexo: oxalá, quen puidera.

—Unha guerra! Que Deus o escoite, cabaleiro! *Quen nola dera* (126).

—*Quen me dera* ter a oportunidade que tiveches ti (181).

—O que? Non, doutor. Eu non fun. *Quen me dera!* (373).

Quen me dera que o fose, pois téñolle aprecio (387).

Quen me dera atopar unha moza así aquí en Bristol! (398).

DÉBEDA

Saldar unha débeda. Pagala ou compensar con algo equivalente.

Non puiden *saldar esa débeda* co meu sobriño, teu pai; permíteme que agora o faga contigo (404).

DEBIDO

Como é debido. Como debe ser; como ten que ser.

El esperaba que, en canto lles pasase a chea, fosen castigados *como era debido* (86).

Non tivemos maior problema en escorrentalos: ata os cans non eran cans *como é debido!* (269).

Máis do debido. Máis do conveniente.

Alguén vira un barco que se achegara á praia *máis do debido* (327).

DEDO

Contar cos dedos dunha man. Dise para indicar unha cantidade mínima de algo.

O corpo deste café [de Moka] [...] engaiolaba; *contábanse cos dedos dunha man* os portos europeos que dispoñían del (74).

Pillar os dedos. Correr un risco por actuar con imprudencia, atrevemento ou precipitación.

— Non quero *pillar os dedos* entre o cabo e o escobén (76).

SIN: **Coller os dedos**

DEFUNTO, -A

[Tornar] **pálido/a coma un defunto.** Moi pálido/a.

O señor da Torre da Atalaia *tornou pálido coma un defunto* (345).

DELONGA

Dar delongas. Ir deixando para máis tarde.

Non lles notei moito entusiasmo en formalizar o compromiso: *daban delongas* aducindo que don Xosé aínda era moi novo (411).

DEMO

Así me coma o demo! Maldición ou xuramento que acompaña unha afirmación.

Do lado francés estaban o *Formidable*, o *Superbe*, o *Thésée* [...], quen sabe cantos (barcos) máis, *así me coma o demo!* (25).

[Ir] **coma quen leva o demo detrás.** Con moita présa.

Vírame saltar do barco e nadar cara á costa *coma quen leva o demo detrás* (154).

Demo de + SUBSTANTIVO! Expresión coloquial de desprezo ou rexeitamento.

Demo de cachourizo! Aquí remataron as túas trasnadas! (148).

Do demo se... Expresión que manifesta sorpresa ou repulsa por algo.

[...]e touporroutou!, o barco tronzaría pola metade e *do demo se* os ingleses estes estarían aquí tan rufos (51).

SIN: **Dou ao demo se...**

SUBSTANTIVO + do(s) demo(s). Malo, tremendo [expresión con valor ponderativo].

Aquí remataron as túas argalladas, *cativo do demo*, morre dunha puta vez! (149).

En menos que o demo frega un ollo. Facer algo moi rápido.

Botouse pola rampla e, *en menos que o demo frega un ollo*, estaba no monte de area cabo de min (186).

Retiroulle a palla e, *en menos que o demo refrega un ollo* deixou ó descuberto unha escultura de madeira (261).

SIN: **Nun abrir e fechar de ollos. Nun intre. Nun suspiro**

Levado/a do(s) demo(s). Moi enfadado/a ou alterado/a.

Aínda pasou un tempinho para que aparecese o touciñento enmascarado, que, *levado dos demos*, contestou con hostilidade (342).

[...] pero sabiamos que acabaría caendo ó mar, *levado dos demos* como marchara (364).

E berrando [don Cristovo] «Filla querida!» [...], seguido do seu fiel Silvestre botou a correr *levado do demo* (391).

Na arte do demo. Nun tempo moi breve; nun intre.

A alegría da festa esmoreceu *na arte do demo*. Gaitas e pandeiros quedaron arrombados (394).

SIN: **Nun abrir e fechar de ollos. Nun intre. Nun suspiro**

Na terra do demo hai que facer outro tanto... Refrán ou máxima que recomenda facer o mesmo que fan todos en sitios que un descoñece.

—E de que von vivir, logo? Andar á pedicha non é o meu [...] «*Na terra do demo hai que facer outro tanto*», xa o dicía miña avoa (90).

Non fose o demo que... Expresión que significa prevención.

Erguinme e andei con pés de manteiga, *non fose o demo* que as miñas pisadas me delatasen (140).

Non fose o demo que a súa circia rectitude relixiosa non se diferenciase moito do fanatismo [...] (331).

SIN: **Non vaía ser que. Por se acaso**

Por todos os demos do inferno! Maldición para expresar contrariedade.

Por todos os demos do inferno! —exclamou con voz apagada (259).

Que o demo me leve! Expresión de xuramento usada para reforzar unha afirmación.

Que me leve o demo se non é...! Por fin acordén! (267).

SIN: **Que o demo me coma! Que Satanás me leve!**

Que o demo me coma! Expresión de xuramento usada para reforzar unha afirmación.

Que o demo me coma se non levo finxindo toda a vida! (213).

SIN: **Que me leve o demo!**

Ser do coiro do demo. Ser moi malo.

[...] pois [os ingleses] *eramos do coiro do demo* (51).

Ti falas muito, pois contan que o Denociña *é do couro do demo* e que se alporiza por nada (69).

DENTE

Armar ata os dentes. Dispoñer de moitas armas.

Os piratas [...] estaban *armados ata os dentes* (352).

[Dicir] **entre dentes.** En voz baixa, abrindo a boca ó mínimo.

—Pronunciou, *mon... maître*, pronunciou —respondeu Saint-Syr *entre dentes* (93).

«[...] pero que diaño de xentiña!», dicía adoito *entre dentes* (302).

—Todo está perdido, señor —engadiu *entre dentes*, pois en terra había outros dous piratas da garda— (336).

SIN: **Por entre os dentes**

Ter debaixo dun dente. Ter animosidade ou antipatía por alguén.

Tiña os fidalgos, ós que lles chamaba harpías, *debaixo dun dente* (329).

SIN: **Ter debaixo dunha moa**

DESCALZO, -A

Descalzo de pé e perna. *fig.* Moi pobre (sen calzado nin case tampouco vestido).

Os pobres dos labradores [...] *descalzos de pé e perna* (329).

DESCANSO

O descanso eterno. O que se consegue despois da morte.

[...] engadindo que non era propio dos cristiáns negarlle *o descanso eterno* a ninguén, mesmo ós criminais (379).

DESFEITA

Desfeita apocalíptica. *fig.* Destrución total.

En fin, se non morrera naquela *desfeita apocalíptica*, abofé que non morrería nunca! (355).

DEUS

A quen Deus teña en santa paz. Dito para referirse a unha persoa morta, desexando que teña acougo no ceo.

Canto lle tiras a Alfred, o meu finadiño, a quen *Deus teña en santa paz* (161).

SIN: **A quen Deus teña na (súa) gloria. Que en paz descanse**

A quen Deus teña na gloria. Dito para referirse a unha persoa morta, desexando que teña acougo no ceo.

Deumo o finado do meu pai, *a quen Deus teña na gloria* (399).

SIN: **A quen Deus teña en santa paz. Que en paz descanse**

Como Deus manda. Como está establecido; como é de (bo) costume.

Quero verte casada *como Deus manda* e rodeada de fillos (258).

[...] mais non se colocaron a rumbo, senón *como Deus manda* (394).

SIN: **Como é debido**

Deixado da man de Deus. En estado de abandono ou esquecemento absoluto.

Este éche un lugar *deixado da man de Deus* (164).

Deus é bo, pero o demo non é malo. Expresión para indicar que hai que botar man de quen sexa para lograr algo.

Deus é bo, pero o demo non é malo —engadiu con naturalidade (277).

Deus me perdoe. Expresión para suavizar algo que se vai dicir ou que se dixo que pode resultar ofensivo, pecadento ou malsoante.

Tamén lembro, *Deus me perdoe*, a perfecta redondez dos seus seos, resaltados polo cinguido vestido (235).

E, que *Deus me perdoe*, pero os señoríos eclesiásticos son aínda peores cós leigos (329).

[...] e non sei que daría por sentir os peitos da fidalga no meu peito e a morneza dos seus beizos nos meus beizos, *Deus me perdoe!* (371).

Deus non derruba por derrubar, senón para edificar mellor. Aforismo dos frades predicadores utilizado para xustificar o consentimento divino das desgrazas naturais.

—*Deus non derruba por derrubar, senón para edificar mellor.* (84).

Deus non o queira! Expressa o desexo de que non se cumpra aquilo que se indica.

Deus non o queira, padre! (310).

Por que razón, chegado o caso (*Deus non o queira*), me vería forzado a pelexar a morte contra o Chavián? (421).

Deus querendo. Dito para pedir da divindade que un desexo se cumpra.

Faltábanlle só días para romper augas e dar a luz o seu noveno fillo; o sexto vivo, *Deus querendo* (257).

O Chavián, Jim e unha moza moi valente que, *Deus querendo*, coñeceremos mañá (361).

SIN: **Deus (o) queira. Queira Deus. Deus o faga/mande. Se Deus quere**

Deus sexa loado! Expresión de alegría ou satisfacción.

—Jim vivo! *Deus sexa loado!* (194).

SIN: **Loado sexa Deus!**

Fianza en Deus, que é santo vello! Dito para ponderar a confianza en Deus.

Fianza en Deus, que é santo vello! (364).

Grazas a Deus. Por sorte, afortunadamente.

A Hispaniola é un deles! Grazas a Deus que non a afundiron eses canallas! (181).

Home de Deus. Home de condición relixiosa (sacerdote, frade...).

[...] sorprendíume que un *home de Deus* coma el se mostrase incrédulo co milagre da barca de pedra (308).

Meu Deus! Exclamación de tipo relixioso que denota sorpresa, admiración ou queixa.

Meu Deus! —lamentouse Mariña—. Outro fracaso! (294).

Meu Deus! Outra vez a maldición da furna de Buxerán sobre os Mariño! (391).

Que apuro pasei, *meu Deus!* (398).

Nunca Deus para mal me dera! Expresión que denota asombro, sorpresa ou contrariedade.

Nunca Deus para mal me dera! Outra vez máis, non (27).

Que dicís, filla? *Nunca Deus para mal me dera!* (257).

Ofender a Deus e á comunión dos santos. *fig.* Eufemismo por blasfemar; ceibar innumerables xuramentos.

[...] engadiu outro filibusteiro, pasando logo a *ofender a Deus e á comunión dos santos* (350).

Que Deus te/o/a/nos/vos bendiga. Fórmula de tipo relixioso para manifestar bos desexos.

Que Deus vos bendiga! (406).

Que Deus bendiga esta unión entre os Trelawney de Inglaterra e os Mariño de Lobeira de Galicia (411).

Que Deus me/te/o/a escoite! Expresión de desexo fervente: oxalá.

—Unha guerra! *Que Deus o escoite*, cabaleiro! (126).

Que Deus nos colla confesados. Expresión que denota o temor relixioso de morrer sen confesión e ir ao inferno.

Que Deus nos colla confesados! (262).

Ver a Deus por un cribo. Dito ou expresión para ameazar de morte a alguén.

—Ti queres *ver a Deus por un cribo*, chosco do carallo? (82).

DÍA

Á rompida do día. Ao amencer.

Viña poñer no seu coñecemento que mañá *á rompida do día* levarei áncoras co *An Ankou* (96).

SIN: **Ao romper o día. Ao abrir o día. Ao abreinte**

Ao abrir o día. Ao amencer.

—Capitán! Aínda recibín o aviso *ó abrir o día!* (104).

Ó abrir o día, os veciños do lugar, en canto soubeno que había un barco varado (162).

SIN: **Á rompida do día. Áo abrente. Ao romper o día**

Morrer o día. Facerse de noite.

[...] pero ten que ser axiña, antes de que *morra o día* (295).

Romper o día. Amencer.

Xa rompera o día na cidade portuaria da Coruña cando un home fraco de longas pernas (102).

SIN: **Abrir o día**

Ser ben de día. Haber tempo que amenceu.

Xa era ben de día cando apareceron os operarios que contratamos (115).

Un día si e outro tamén. Todos os días, continuamente.

[...] *un día si e outro tamén* fono aparecendo mortos esfragados nos cantís (272).

DIAÑO

Que diaño de xente! Expresión para maldicir (determinado tipo de xente).

«Que terra tan farturenta a nosa, pero *que diaño de xentiña!*», dicía adoito entre dentes (302).

SIN: **Que demo de xente!**

DISCRECIÓN

A discreción. De maneira xeneralizada, sen pararse a mirar.

—Fogo *a discreción* cara a onde botaron ese foguete, hostia! (354).

DISTANCIA

Gardar as distancias. Establecer un espazo de separación. Non coller confianza ou familiaridade.

Procurando *gardar as distancias* para que ninguén desconfiase, o chamado Mingos sentou preto de min (216).

DITO

Meu dito, meu feito. Expresión que indica que se leva a cabo decontado o que se sinala ou ordena.

Meu dito, meu feito (188, 190, 268).

Meu dito, meu feito: marchamos correndo cara á estatua do xardín das torres (288).

Meu dito, meu feito: nun dos campíos [...] os mozos empezaron a cavar na terra para o enterro colectivo (390).

DÓ

Dar o dó de peito. Realizar unha das notas máis agudas á que chega a voz do tenor. Realizar un esforzo supremo.

Ademais, apóstоче a que o coro da *Hispaniola* vai cantar mellor, pois vai *dar o dó de peito* (143).

Sen dó. A discreción; sen ter en conta a dor.

O xefe dos bucaneiros saltou sobre el e empezou a zoupar *sen dó* nas súas costas (121).

Pois hai uns días un fato deles veu bater en min *sen dó* (271).

Baixade os remos dunha puta vez ou mallarei en vós *sen dó!* (352).

Ter dó. (aquí) Ter compaixón.

preciso cartos, alfaias, o que sexa para que os membros do tribunal que a vai xulgar. [...] *teñan dó* dela (273).

DON

Ter don de xentes. Ter aptitude para engaiolar a xente.

Tiña engado e *don de xentes*, pois sempre engaiolaba os capitáns (101).

DOTE

Sen dote, moza bonita non casa. Máxima que salienta a riqueza como principal requisito para o matrimonio dunha muller.

Nin súa avoa, nin súa nai foran pretendidas en matrimonio: «*sen dote, moza bonita non casa*» (238).

DOUDICE

Na doudice dos posesos. Na loucura dos posuídos polo demo.

[...]pola outra, todos tiñan, *na doudice dos posesos*, os ollos cravados na parte da proa (346).

DOUTÁN

A doután. Con total liberdade e soltura.

En podendo expresarse *a doután* na mesma lingua xa non tiña medo de tatear como antes o fixera (82).

En canto nos achegamos ó lugar onde o rabaño acostumaba a pacer *a doután* (179).

Os dous deixaron esbagoar os ollos *a doután* (368).

E

EITO

A eito. 1. En abundancia.

—Quedarón, a embute, pois non as demos estibado todas. Lingotes de prata sobre todo, *a eito* (158).

Houbo vivas *a eito* para os dous (383).

2. Sen seleccionar, de principio a fin, todo seguido.

Primeiro colocou (as pedras) da base, as máis planas, case *a eito* (311).

SIN: **A feito**

EIXE

[Estar] **entre o eixe e a roda**. Atoparse nunha situación difícil na que hai que elixir entre dúas cousas igualmente malas.

—Voar? Pero se eu nunca desexei voar! —estaba eu *entre o eixe e a roda* (185).

SIN: [Estar/Atoparse] **entre o cabo e o escobén**

Sacar dos eixes. Irritar, facer perder a paciencia.

[...] exasperou a Saint-Syr que, cegado pola ira, decidiu cortar polo san e apuntou coa arma á insolente moza que o estaba *sacando dos eixes* (375).

EMBARCAR

Deixarse embarcar. Deixarse levar.

Don Cristovo non se explicaba como se *deixara embarcar* na angueira de axudar a uns ingleses descoñecidos (345).

EMBUTE

A embute. En gran cantidade, en abundancia.

En ocasións coma estas [...] as ninfas da casa tiñan traballo *a embute* (74).

[...] que se esfurrican [os piratas] co medo por unha maldición que alguén lles botou, e por forza tiveron que recibilas *a embute* (328).

SIN: **A esgalla. A pote**

ENFRIAR

Enfriarlle o ceo da boca [a alguén]. *fig.* Deixalo sen vida.

E quero dicir que fomos nós os da Costa do Solposto ou do Solpor os que lle *enfriamos o ceo da boca*, carallo! (389).

SIN: **Arrefriarlle o ceo da boca**

ENGADO

Ter engado. Saber atraer, engaiolar.

Tiña engado e don de xentes, pois sempre engaiolaba os capitáns (101).

ENGANO

Chamarse a engano. Lamentarse por ser enganado; caer no erro, enganarse.

—*Heave-to! Heave-to!*, repetiu o da buguina no noso idioma a orde, para que non nos *chamásemos a engano* (120).

ENSUCIAR

Ensuciar as cirolas. *fig.* Cagar.

E non faltou quen fixo tanta forza nos cuartos traseiros que acabou *ensuciando as cirolas* (361).

ENTALADO, -A

Deixar entalado/a. Quedar paralizado/a (a causa do frío, do medo etc.).

Pero, de repente, albiscamos algo que nos *deixou entalados* (337).

ENVORCAS

Ás envorcas. En abundancia, en grandes cantidades.

Caeron *ás envorcas* salabreadas de coios e bolos (149).

Escoitou retumbar a terra polo mesmo lugar onde minutos antes caera *ás envorcas* a avalancha pétreo (356).

SIN: **Á envorca**

ESBIRRAR

Nun mal esberrar. Nun intre, moi rápido.

O doado que é na nosa sociedade pasar de plebeo a nobre *nun mal esberrar* (419).

SIN: **Nun suspiro. Nun airiño de Deus**

ESCOLLEITO, -A

Ser moi escolleito/a. Ser moi esixente e difícil de contentar.

O meu amigo *era moi escolleito* e seguía obsesionado (287).

SIN: **Ser moi botado/a para diante**

ESCUMA

Botar escuma pola boca. Estar furioso, moi anoxado.

Botando escuma pola boca, Saint-Syr montou en cólera (353).

ESFOLAR

Nin esfolo nin mata. Que é inofensivo, que é inocente.

Deixádeo subir, que este *nin esfolo nin mata* (314).

SIN: **Nin mata nin espanta. Nin mata nin tolle**

ESGALLA

A esgalla. En abundancia.

[...] pois este permitiu que a bordo correse a augardente e o ron *a esgalla* entre a tripulación (85).

ESGUELLO

[Mirar] **de esguello.** Mirar de lado, oblicuamente, de maneira disimulada.

[...] malia que ningún dos seus ollos se atrevía a ser o primeiro en fixar a mirada [...] Por fin, un deles, *de esguello*, atreveuse a facelo (78).

Non obstante, o capitán do *An Ankou* seguiu mantendo o cano da pistola debaixo do queixo do noso armador, que *miraba de esguello* cara ó aínda ergueito percusor da arma (124).

O meu amigo, *mirando de esguello* por se os dous piratas o seguían vixiando, procurou evitar o capitán (192).

—Entendín ó momento a súa artimaña [...] —díxome en voz moi baixa e *mirando de esguello* para comprobar que estabamos sós (213).

Mentres trataba de enxugar as bágoas, cadroume ó xeito *ver de esguello* o seu medallón (398).

Dixo esta última frase *mirando de esguello* cara á súa namorada (405).

SIN: [Mira/ver] **polo rabo do ollo**

ESMECHAR

Quenta que esmecha. Quentar moito, en exceso.

Era mediodía e o sol *quentaba que esmechaba* (183).

ESPADA

[Estar] **entre a espada e a parede.** Estar nunha situación moi comprometida, neste caso con perigo de morte.

Estaba, nunca mellor dito, *entre a espada e a parede* e ignoraba ademais que o estaba ameazando (255).

ESPERANZA

Perder toda esperanza. Non ter confianza en que algo se arranxe.

—Ós da goleta dirémoslles [...] que o seu grumete abesullón afogou cando fuxía. Que *perdan toda esperanza* (211).

ESPIÑA

Darlle mala espiña [a alguén]. Dar que desconfiar, causar inquietude e receo.

Teño as miñas dúbidas, doutor, pero estes homes que temos ó xornal empezan a *darme mala espiña* (116).

[Haber/Ter] **unha espiña cravada no corazón.** Ter unha preocupación ou motivo desacougo.

Había *unha espiña cravada no meu corazón* e por fin podo arrincala (404).

ESPORA

Dar espora [a unha montura]. Forzar a apurar o paso [a unha montura].

[...] e deixaron paso ós xinetes, que *deron espora* ás súas monturas (301).

ESPREITA

Á espreita. Vixiando con disimulo sen ser visto.

Alí estaba outra vez de pé, [...] coa mirada no horizonte e as orellas ergueitas tal podengo lebreiro *á espreita* (21).

Estiven *á espreita* e estou seguro de que levan un cargamento moi importante na bodega (79).

[...] e atopouna no almirante, que xa estaba *á espreita* na amura de estribor (412).

ESQUECEMENTO

(Non) dar a esquecemento. (Non) esquecer.

Aprendiuma a min, para que *non dese a esquecemento* cando nacera (168).

ESTRELA

[Ter] **boa estrela.** Ter boa sorte.

Protexíao *a súa boa estrela*, pois aínda non houbera ninguén que lle atopase un punto vulnerable (109).

En efecto, o garrido René, tan *boa estrela* tivera sempre que se cría inmortal (355).

Xa non era el o único supervivente: tamén ela *tivera boa estrela* (374).

ESTRIBO(S)

Perder os estribos. Perder a paciencia e o dominio de si mesmo.

[...] o pirata do sabre *perdeu os estribos* e lanzou unha estocada mortal (261).

ESTRIBOR

A/De/Por estribor. Cara ao lado dereito do barco (mirando de popa a proa).

Ó divisala, o capitán deu orde de virar *a estribor* para afastarse dela (105).

Logo viramos *a estribor* e recibiuos a proa unha brisa intensa (117).

—comentou polo baixo ó seu veciño [...] un dos apostados na amura *de estribor*— (348).

Por estribor largáronnos a esqueira de corda para subir a bordo (406).

Deixamos *a estribor* a entrada da furna de Buxerán, de Martín Eáns ou de quen fose (413).

F

FACHA

Poñerse en facha. 1. [Nunha embarcación de vela], facer que quede inmóbil.

O capitán Smollett viu que non había escapatoria e optou por *poñer o navío en facha* (120).

Por iso *se puxo en facha* a condenada goleta! (120).

Non foi así, e o bergantín *púxose en facha* para afundila (324).

A goleta *púxose en facha* e enviouse unha lancha con dous remeiros para buscalo (370).

2. fig. [Na lingua mariñeira], facer que unha persoa se deteña.

Ponte en facha, baldrogas! Non escoitaches o alto? (190).

FALA

Non dar unha fala. Non articular palabra; non falar.

Ademais, aquela criatura *non daba unha fala*, e iso probaba que non era humana (234).

[Persoa] **de poucas falas.** Persoa pouco faladora, parca en palabras.

Levaba anos na cidade, pero aínda así non dominaba o idioma do país, quizais por ser home *de poucas falas* (75).

Quedar sen fala. Enmudecer, perder a facultade de falar.

Quedei sen fala (367).

FALAR

O falar non ten cancelas. Expresión que critica o feito de facer afirmacións á lixeira, sen base real.

—*O falar non ten cancelas*, ho! (69).

FALTA

Botar en falta. Notar ou sentir a ausencia.

Lourenzo fora deixando para o final o nome do tripulante que estaba *botando en falta* (104).

Tamén *boto en falta* o padriño, pois el levábame ás leiras do interior (226).

FE

Dar fe. Asegurar como certo; testemuñar.

Isto quere dicir que Alexander Smollett pode *dar fe* na *Hispaniola* de todo tipo de documentos redactados nela (407).

Fe cega. Confianza completa.

[...] pois eu nunca tivera a *fe cega* de Mariña e non contaba volvelo ver vivo (371).

FEITIÑO, -A

[Moi] **feitinho/a.** Ben proporcionado/a; moi fermoso/a.

[...] chegou á mansión un cantor *moi feitinho*, de ollos verdes e longas guedellas (248).

FEITO

[Aceptar] **os feitos consumados.** Acción que se realiza adiantándose a un posible obstáculo ou impedimento.

Don Cristovo [...] acabou por *aceptar os feitos consumados* (302).

FEMIA

Ser moita femia. Ser unha muller de boa aparencia e fortaleza.

Ti es moita femia para el (325).

FERRO

De ferro. (aquí) Enérxica, moi forte.

A disciplina *de ferro* do seu irascible capitán mantiña a bordo unha harmonía tensa (103).

FERVEDURA

Acalmar a fervedura. *fig.* Satisfacer o desexo sexual.

Naquel momento iso era o máis urxente, antes incluso que «*acalmar a súa fervedura*» (327).

FERVER

Ferver os untos. *fig./vulg.* Estar en excitación sexual.

O feito de te arrepoñeres aínda me quentou máis; aínda me *ferven os untos* (325).

FESTA

Festa rachada. Festa moi grande, desmesurada, sen que nada falte.

Aquilo era unha *festa rachada*, unha esmorga no medio do inferno, gho, gho, gho! (25).

Unha festa rachada! E se caesen enriba miña, soterrándome? (154).

FIAR

Aló foi que Marica fiou! Dise cando algo que custou facer se desbarata de repente.

—*Aló foi que Marica fiou!* (280).

SIN: **Alá vai canto Marica fiou!**

FIGO

Coma figos secos. Expresión que pondera o engurrada que está unha persoa ou parte dela.

Non vos dá vergonza que esta cativa vos deixe cos collóns engruñados *coma figos secos?* (321).

FILLO, -A

Fillo/a bravo/a. Fillo/a que se ten fóra do matrimonio.

Tras ceibar unha restra de maldicións, o capitán dixo que, se por culpa del perdían a caza, aquel *fillo bravo* da Póvoa de Varzim probaría trinta xostregadas da súa «gata de nove rabos» (104).

SIN: **Fillo/a da igrexa. F. de a pé do toxo. F. de achego. F. de arrimo. F. de furto. F. de moza. F. de palleiro. F. de peta na porta. F. de porta aberta. F. de rego. F. de roleiro. F. de solteira. F. de tras as silveiras. F. de tras da silveira. F. de tras da porta. F. de detrás do valado. F. do airío. F. do canal. F. do monte. F. do mundo. F. do raposo. F. do vedro. F. do vento. F. ventureiro/a**

Fillo/a de leite. O/a que fora aleitado/a por unha ama de cría.

A insistencia da súa idolatrada *filla de leite* acabou coas tímidas negativas da ama (248).

Fillo de Babilonia. Insulto de tipo relixioso contra alguén considerado irreverente ou sacrílego.

—Debestes preguntarme quen era eu e que levaba no carro, *fillos de Babilonia* (262).

O fillo da miña nai / O fillo de mi madre. Expresión que mostra o orgullo dunha persoa por ser como é.

Mais *o fillo de miña nai* non o pensou dúas veces (147).

Ti non, pero *o fillo de mi madre* si, que por algo di que [...] (288).

Fillo/a de cadela doente. Insulto equivalente a chamarlle a alguén ‘fillo/a de puta’.

Malditos *fillos de cadela doente!* (353).

Fillo/a de puta. fig. Mala persoa [úsase como insulto].

Imos facer o que ela non quere: levar áncoras xa para impedir que eses *fillos das putas* máis putas de todas as putas da Costa do Solpor nos rouben o tesouro! (321)

FINADO, -A

O/A finado/a de... Utilízase para remarcar que a persoa da que se fala está morta.

Deumo *o finado* do meu pai, a quen Deus teña na gloria (399).

Fío

Non perder o fío. Non esquecer o asunto do que se estaba a falar.

Debo volver atrás no tempo para *non perder o fío* do que aconteceu na *Hispaniola* (201).

Un fío de voz. Voz moi tenue, case inaudible.

[...] atinou a dicir o home *cun fío de voz* (261).

—O demo? —falou por fin, *cun fío de voz*, un dos do grupo (268).

FOCIÑO(S)

Bater de fociños. Encontrar de repente sen contalo.

Baixei do meu catre e quixo o destino que fose *bater de fociños* con quen o día anterior me declarara eterna inimizade (213).

Caer de fociños. Caer coa cara cara a baixo con todo o peso.

Cain de fociños na cuberta (26).

Diante dos fociños. Moi próximo.

O cabaleiro estaba repetindo o que eu lle contara como se el o tivese visto e vivido *diantes dos fociños* coma min (51).

Era lóxica a indignación do xefe pirata, pois calquera cazador queda burlado cando outro lle levanta a presa *diantes dos fociños* (120).

[...] esperando a ocasión de escacharen coa risa en canto lle puxese *diantes dos fociños* un dos alcatreantes queixos (192).

O *El Trueno* tíñao mesmo *diantes dos fociños*, na enseada do coído das Lobeiras (340).

O fociño do lobo. *fig.* Perigo mortal.

—Non te achegues tanto *ó fociño do lobo*, Chavián [...] que estas refoladas sonche moi traizoeiras (295).

[...] pero evitei aproximarme *ó fociño do lobo*, non fose o demo (331).

Pasar polos fociños. Insistir nunha cousa que non se quere oír ou que se oe de mala gana.

E, sorrindo de orella a orella, o espigado *gentleman pasounos polos fociños* o seu mapa (33).

Non deixou de *pasarlle polos fociños* que a vila onde arribamos non era outra que Fisterra (56).

Pois agora ía ter a satisfacción de romper con aquel compromiso verbal e gozar *pasándolles polos fociños* o expediente de fidalguía do Chavián (411).

Reviritar o fociño. Poñer xesto de enfado ou de estrañeza.

Smollett *reviritou o fociño*, contrariado polas continuas intromisións do armador nas súas funcións (32).

No que si *reviritou o fociño* foi cando escoitou a intención do seu socio de trasladar todo o tesouro (137).

—Que noxo! —exclamou Mariña *reviritando o fociño* (285).

Don Cristovo *reviritou o fociño* dubidando que aquel improvisado plan resultase (301).

SIN: **Torcer o fociño. Virar o fociño**

Ruchar o fociño. Poñer xesto de enfado ou estrañeza.

—Que porco é este puto aloulado! —berrou o Alacrán *ruchando o fociño* con anoxo (191).

SIN: **Reviritar o fociño**

FODER

Non me fodas! Expresión vulgar de rexeitamento ou contrariedade.

—*Non me fodas*, francés do carallo! Fará iso se llo vas laretar ti (316).

—*Non me fodas*, Gallardo! Ben sabes que [...] (349).

FOGO

Abrir fogo. Disparar armas de fogo.

Mais, cando o contramestre levantara o sabre para dar a orde de *abrir fogo* [...] (324).

—*Fogo* a discreción cara a onde botaron ese foguete, hostia! (354).

FOGUETE

Botar foguetes. (aquí) *Fig.* Facer unha festa rachada.

[...] farían un punto de muiñeira e *botarían foguetes* para unha foliada (244).

[Marchar] **coma un foguete.** Moi rápido.

Mingos considerou a ameaza como uns parabéns, e liscou *coma un foguete* daquel cuarto (81).

FOLGOS

Coller folgos. Tomar forzas, enerxía, valor.

Non respondín e pechei os ollos para *coller folgos* (150).

Foi quen de subir á parte superior, onde se deixou caer estomballado para *coller folgos* (356).

FONCHO, -A

Máis foncho/a ca unha pedra. (aquí) Moi baleiro/a; moi anódino/a.

[...] que tía Casilda de Mórdomo, a miña madriña, *é máis foncha ca unha pedra* e nunca me contou *estoria* ningunha (248).

FORMIGA

Coma polo monte a(s) formiga(s). Sen ningunha dificultade.

Estonlle afeito a andar polos riscos dos cantís *coma polo monte as formigas* (280).

[...] mais mentres el se movía pola beira do abismo *coma polo monte a formiga*, eu andaba con pés de manteiga e aspiraba fondo (311).

Non o coñecés coma min: el anda por enriba dos cantís *coma polo monte a formiga* (369).

FORNO

Quentar o forno. *fig.* Espertar o apetito sexual.

Agora mesmo vou cobrar a débeda. Non sabes ben como me *quenta o forno* a túa altiveza (375).

FORZA

Á forza. De xeito violento; usando a forza contra alguén.

Saint-Syr, mentres levaba *á forza* para o seu camarote unha moza moi noviña para o seu solaz, dera permiso (130).

SIN: **Pola forza**

Pola forza. De xeito violento; usando a forza contra alguén.

Malia as ameazas que proferira contra a rapaza [...] seguía sentindo a necesidade de seducila no canto de a posuír *pola forza* (321).

SIN: **Á forza**

FRACO, -A

Fraco/a coma unha palla de centeo. Moi fraco.

Unha fonda melancolía levouno a case esquecerse de comer e quedou *máis fraco ca unha palla de centeo* (230).

FREO

Poñer freo [a algo]. Impedir que se manifeste algo con intensidade.

Disque os galegos viven desde nenos na lascivia máis impúdica; nin a temida Inquisición foi capaz de *poñer freo* a esta libertinaxe (371).

FULMINAR

Fulminar coa mirada. Deixar abraiado, impresionado, coa mirada.

Fulminaba o médico *coa mirada*, e iso que eran moi amigos [...] (203).

FUME

A fume de carozo. A toda présa.

De súpeto, quitoulle o fachuco a un dos mozos e marchou *a fume de carozo* (364).

SIN: **A lume de carozo. A lume de biqueira**

FURTO

A furto. Ocultamente, de maneira clandestina; ás agachadas.

Non sobra engadir que este local tiña sona de acubillar un lupanar *a furto* (74).

FUSCO

A medio fusco. Na penumbra.

Abrín os ollos, canso de tanto pesadelo. Diante miña, *a medio fusco*, os rostros da moza fidalga e do doutor Livesey (366).

FUSO

Teso/a coma un fuso. (aquí) Dereito/a e inmóbil.

[...] quedei pasmado mirando para o meu temerario amigo [...] *teso coma un fuso* malia as refoladas (288).

G

GAITA

Encartar a gaita. *fig.* Morrer.

—A avalancha [de pedras] rachou as velas e fixo gran mortalidade —dixo—; a maior parte da chusma xa *encartou alí a gaita* (367).

Velaquí o tendes! [...] —berrou Tomé de Viseo—. A terrible Denociña *coa gaita encartada!* (388).

Quen che/lle/vos... mandou tocar a gaita aquí? Expresión para advertir a alguén para que non interveña en asuntos alleos.

—Cala a boca, zarangallo [...]! *Quen che mandou tocar a gaita aquí?* (314).

GALIÑA

[Ser] **unha galiña choca.** *fig.* Ser covarde.

—Como vos atrevedes a rendervos sen loita, *galiñas chocas?* (121).

—Esas risadas, *galiñas chocas*, veñen dos que vos están roubando o voso tesouro! (352).

GANA

Arder coa gana. Ter moitos desexos.

Ven comigo buscar o Chavián, que *ardo coa gana* de o ver (366).

GARDA

Baixar a garda. Deixar de adoptar unha actitude vixilante.

—A Bonitiña *baixou a garda!* —exclamou a rapaza— (376).

Poñerse en garda. Adoptar unha actitude vixilante.

Puxémonos en garda (309).

—Quen ser este espantallo! —exclamou un dos filibusteiros [...]. —*En garda!* (313).

Todos nos *puxemos en garda* en previsión de que fose outro corsario de St.-Malo ou Brest (419).

GARETE

Ir [todo] ao garete. Sen rumbo, sen éxito [frase mariñeira].

—O teu plan é ben fantasioso, rapaz [...] abonda con que falle algo e aló *vai todo ó garete* (306).

Seguro que a infortunada (rapaza) non tardaría en revelar o plan ideado polo seu amigo Chavián, e *todo se iría ó garete* (336).

Se no *An Ankou* tamén se escoitara a delatora gargallada toda a estra-texia *iría ó garete* (358).

Quedar ao garete. Quedar unha embarcación sen goberno, sen dirección nin rumbo, a mercé do vento e das correntes mariñas.

O piloto non tivera máis remedio que gorecerse [...] e a goleta *quedara ó garete* coma un cabalo sen brida (38).

[...] que logo os deixaron choídos na bodega do seu propio navío, que *quedara ó garete* a unhas vinte iardas do *An Ankou* (130).

GARGALLADAS

Rir ás gargalladas. Rir moito e con sonoridade.

Nunha mesa do fondo había un grupo de mariñeiros escanciando xerras de cervexa e *rindo ás gargalladas* (75).

Rindo ás gargalladas, dicían que de todo iso eran eles as únicas teste-muñas (80).

GATAS

A gatas. Andando a rentes do chan coas catro extremidades.

Pousamos no chan os fachos prendidos e recuamos *a gatas* cara a unha zona máis alta (359).

SIN: **A gatiñas**

GATO

Coma gato escaldado. Ás présas, escarmentado polo medo ou pola dor.

Botei unha curta carreira e brinqueei *coma un gato escaldado* pola borda (147).

Non (che) vai por aí o gato ás filloas. Non é esa a cuestión [frase que se usa para manifestar que non van nese sentido certas ideas ou propósitos].

Non che vai por aí o gato ás filloas, meu rei: a vida no mar é moi escrava (225).

Morto? Chavián morto? Non ha, ho! Quero eu que non! Non, *non vai por aí o gato ás filloas!* (369).

Ter un gato que esfolar [con alguén]. Ter prevista unha discusión violenta ou unha pelexa con alguén; ter un asunto complicado para arranxar.

—*Teño un gato que esfolar contigo*, merdento! —espetoulle o capitán ó velo— (104).

GLORIA

Que dá gloria. Que dá moito gusto.

En terra non se sabe mover, pero na auga nada *que dá gloria* vela (236).

Que en gloria estea. Fórmula usada para referirse a unha persoa morta.

Meu pai, *que en gloria estea* (150).

Foiche máis ben obra de meu pai, *que en gloria estea* (153).

Hoxe é o día indicado para comprobar se herdei ou non as habelencias do finado de mi padre, *que en gloria estea* (310).

SIN: **Que Deus teña na súa gloria. Que en paz descanse**

GOLPE

Golpe de graza. O que se dá para rematar un ferido de morte ou para destruír algo por completo.

[...] aínda puido ver o que caera sobre a cuberta: un bloque pétreo de varias toneladas, *o golpe de graza* para o seu fachendoso bergantín (356).

[...] pero tamén era consciente de que isto non ía provocar o seu afundimento. Faltaba *o golpe de graza* (360).

Xa vexo que te libraches do *golpe de graza*, e ata me alegre, pois así puidesches ver a túa derrota humillante (374).

GONZOS

Sen gonzos. Sen forza física ou de vontade.

—Imposible que esteas viva, lurpia! —retrucou o náufrago aínda no chan e case *sen gonzos*, tratando de se incorporar (374).

SIN: **Sen azos. Sen folgos**

GRANDE

Facerse grande. Ir medrando, facerse maior.

Cando me fun *facendo grandíño* aprendiuma a min (168).

GUERRA

Declarar a guerra. Facer saber o goberno dun país a outro que se considera inimigo e en estado de guerra con el.

Xustamente o mesmo día en que o rei George *lle declaraba a guerra* ó rei Carlos de España (424).

Estado de guerra. Situación na que un goberno indica que se está en guerra.

No tocante a nós, en canto se declare o *estado de guerra* (136).

GUSTO

Polo meu gusto. Polo meu desexo.

Polo meu gusto nin ela nin vós deberíades ir aló (253).

H

HOME

Home feito e dereito. Rapaz que xa chegou á idade adulta.

Aquí hai dous vultos moi sospeitosos envolveitos en palla, camaradas!

Dous deles do tamaño de *homes feitos e dereitos* (260).

SIN: **Home feito. Home calcado**

HONOR

[Persoa] de honor. Persoa distinguida, fiable.

Vosa mercé parece un *home de honor* (125).

HORA

A malas horas. Tarde de máis.

—*A malas horas* lle entran os remorsos, noxento felón! (207).

SIN: **A boa hora. A boas horas**

Chegarlle a hora [a alguén]. (aquí) Chegarlle o momento da morte.

[...] e todos pensamos que ó bondadoso almirante *lle chegara a hora*, e ningún de nós o podía impedir (123).

HOSTILIDADES

Romper as hostilidades. Declarar a guerra.

Mais cumpría agardar o momento oportuno, que chegaría en canto o rei D. Carlos *rompese as hostilidades* (136).

I

IDEA

Non chamar a idea. Non convencer, non atraer.

Non me chama a idea de ir buscar iso que di que falta (203).

Para a miña idea. Na miña opinión, ao meu ver.

Abrahan Gray [...] *para a miña idea* que seguiría no mar (21).

Para a miña idea, entre eles había algúns da turba que nos estivera antes increpando (54).

Un deles [...] empeñárase en pasar ó noso bote, aínda que *para a miña idea* había sitio abondo na outra embarcación (55).

IDO, -A

[Estar] **medio ido/a**. Estar co pensamento noutra parte.

Xa, xa —respondeu *medio ido*—. Xa o sei; pero é que os vin tan namorados [...] (388).

IDOIRO

Correr idoiros. *fig.* Chorar moito.

Agora *corrían* por min *idoiros*. Chorei unha veiga (398).

IGUAL

Cadaquén co seu igual. Cada un cos da súa clase social.

Cadaquén co seu igual. As cousas son así desde que o mundo é mundo (388).

De igual a igual. De ti a ti, de persoas do mesmo rango ou importancia.

Os veciños reviránose contra os donos das terras e agora están facendo tratos *de igual a igual* (271).

IMPROVISO

De improviso. De maneira imprevisible e súbita.

[...] en canto se nos atravesou a proa, xurdido *de improviso* de entre a bruma, outro navío aínda de maior porte (119).

IN CRESCENDO

In crescendo. [locución latina] Aumentando progresivamente.

O lume aínda non dera chegado ós seus encerros, pois todo estaba preparado [...] para que a intensidade dramática fose *in crescendo* (131).

INFERNO

[Estar] **ás portas do inferno**. Estar a piques de morrer.

Empecei a suar e a delirar. *Estiven ás portas do inferno*, pero volvíñ á vida, rapaz (26).

[Ir] **ao inferno de cabeza**. Condenarse sen remisión.

[...] facéndose así cómplice daqueles horribles crimes, que sen dúbida o acabarían levando *de cabeza ó inferno* (90).

Mandar ao inferno. *fig.* Matar.

Vas ser o primeiro que vou *mandar ó inferno* se non me dis onde agochades «ese gargamento especial» (122).

—Pois por vires meter o focíño, Hipócrates [...] serás o primeiro a quen *mande ó inferno!* (125).

Vou facer agora o que debín ter feito, galdrapa: montarte a sangue e *mandarte despois ó inferno!* (375).

ÍNFULA

Ter moitas ínfulas. Ter altas pretensións, as máis das veces infundadas.

Continuou dicindo que os Leis Santiyán *tiñan moitas ínfulas*, pois a aldea xa lles quedaba pequena (411).

IR

Vaiche boa! Expresa que hai unha gran diferenza entre o que se di e o que realmente é. Tamén para dar máis énfase a unha valoración.

—É can ou cadela? —*Vaiche boa!* Tamén che é can (159).

Poñer en común as terras! *Vaiche boa!* Uns polos outros e ninguén as traballaría! (396).

IRA

Vermello de ira. Ruborizado pola ira.

[...] cuns ollos esbagullados *vermellos de ira* (262).

IRMÁN, -Á

Irmán/Irmá de leite. Persoa que, sen ser irmá doutra, foi aleitada pola mesma muller ca ela.

Pouco despois de que Mariña e o seu *irmán de leite* marchasen nos seus cabalos (304).

O Crego Sabio veu consolar a don Cristovo, ó Chavián e ó fiel Silvestre, que choraba esbagoado pola súa *irmá de leite* (363).

L

LATÍN

Ata en latín ladran os cans. *fig.* Expresión para indicar que hai moita sabedoría (no sitio que se cita).

—En San Cibrán *ata en latín ladran os cans* —ponderou a vella da criatura no colo (305).

LATRICADA

Ser cousa latricada. Ser cousa pouco importante, insubstancial, xa falada.

Vai ti saber se é verdade o que dixos. Para min que *é cousa latricada* (143).

LEVAR

Levarse ben. Ter relacións amigables.

Co noso Señoríño xa estón certo de que *me levo ben* (332).

LILAINA

Por santa Lilaina, que pariu por un dedo! Expresión usada para ridiculizar ou tamén como alegría inesperada. [Lilaina, santa inexistente].

—*Por santa Lilaina, que pariu por un dedo!* (295).

LIMPO, -A

Limpo/a de po e palla. Cantidade ou produto neto.

Os pobres dos labradores [...] ademais das cargas de trigo *limpas de po e palla* (329).

LINGUA(S)

Alixear a lingua. Dicir todo o que se sabe.

Por culpa do covarde inglés ó que se lle acabou *alixeirando a lingua* (141).

Os dous canallas falaran dun cambio de plans por culpa «dun covarde inglés ó que se lle *alixeirara a lingua*» (158).

SIN: **Baleirarse pola lingua. Botar a lingua a pacer**

Andar nas linguas do mundo. Ser obxecto dos comentarios da xente.

Ó cabo, tamén a el lle chaman o Crego Meigo, pois *anda nas linguas do mundo* tanto ou máis ca min (281).

SIN: **Andar en linguas. Andar nas linguas da xente**

Baleirarse pola lingua. Falar de máis; falar sen tino.

[...] mais repítolle o que dixo o doutor: *non se baleire pola lingua*, que os que andamos ó mar non falamos ben ningunha, pero coñecer coñecémolas todas (48).

SIN: **Alixear a lingua. Botar a lingua a pacer**

Botar a lingua a pacer. Falar sen tino, falar de máis.

O capitán ben nos advertiu que tivéssemos coidado de non *botar a lingua a pacer* (21).

SIN: **Baleirarse pola boca. Botar a lingua a/ao clareo. Botar a lingua a paseo. Botar a lingua ao sol. Darlle ao badal. Desatar a lingua. Irse da lingua**

Botar a lingua ao clareo. Falar sen tino, non conterse no falar, non gardar un segredo.

Despois, ó veren que Trelawney case me arrebola pola borda por *botar a lingua ó clareo*, decidiron arriscarse (195).

SIN: **Alixear a lingua. Botar a lingua a pacer**

Botar a lingua ao sol. Falar sen tino, falar de máis.

—E tes idea de quen sería o que *botou a lingua ó sol* a bordo? (158).

SIN: **Botar a lingua a pacer**

Desatar a lingua. Falar sen tino, falar de máis.

Entre bebedeira e bebedeira, os membros da chusma bucaneira *desataban a lingua* e presumían do xeito que tiña o seu capitán (89).

SIN: **Botar a lingua a pacer**

Quedar sen lingua. Quedar sen fala, non ser quen a falar.

Non vaias *quedar* agora *sen lingua*, birollo! (79).

Tirar da lingua. Facer falar a alguén máis do que desexa ou pode.

Considererei que me sería máis útil *tirarlle* un pouco máis *da lingua* ó bandallo (215).

LISTO

E listo! E xa está! Acabouse!

E listo. Conto calado! (416).

LIXEIRA

Á lixeira. De maneira superficial e rápida; precipitadamente.

Penso, capitán [...] que a repartición dun tesouro tan fabuloso coma este non se debe facer *á lixeira* (125).

LOBO

Cando se trata de lobos, hai que desconfiar de todos. Máxima ou dito que indica que non son de fiar persoas movidas por algún interese espurio.

[...] mais, *cando se trata de lobos, hai que desconfiar de todos*, e os frades de Moraime nunca deno puntada sen fío (396).

Lobo de mar. Mariñeiro experimentado.

Por outra parte [...] un vello *lobo de mar* amigo do sarxento da praza recomendárame (116).

Mariñeiros! [...] Sodes *lobos de mar* ou ovellas tosquidas? (321).

Meterse na boca do lobo. Expoñerse a un serio perigo.

Era *meterse na boca do lobo* pero o Chavián estaba decidido (188).

Seica viches o lobo! (aquí) Toleaches?

—*Seica viches o lobo*, rapaz! —replicou o Chavián cun aire paternalista— (241).

LOGO

Deica logo. Expresión de despedida por pouco tempo.

Fixen buguina coas mans e non lles berrei «adeus», que iso é para os mortos, senón un longo «*deica logo!*» (413).

SIN: **Ata logo**

E logo...? E entón?; e daquela? [introduce unha pregunta].

E logo ti quen vés sendo? (125).

E logo ti non o sentiches? (153).

—*E logo*, por que me contas todo isto agora, canalla? (217).
Madía leva! *E logo* non vou poder, se tamén é o meu? (401).
E logo non sería máis ben *Trillonis* ou mesmo *Trilonis*? (401).

E logo! Expresa admiración ao mesmo tempo que afirma; claro que si, naturalmente. [Na p. 400 é tradución do inglés *of course!*].

—É ben certo, Jim! *E logo!* —respondeu a brava moza (366).
O Carballo de Lawney, *e logo!* (400).
porque a *Hispaniola* [...] é solo inglés!, *e logo!* (406).

LOMBO

Baixar a espiña do lombo. *fig.* Traballar.

Se en vez de baixaren tanto as orellas *baixasen* algo máis *a espiña do lombo* (272).

SIN: **Baixar o lombo**

Botar [algo] ao lombo. Responsabilizarse de algo.

Así quedaría liberado da responsabilidade que me acababa de *botar ó lombo* (207).

LÓSTREGO

Coma un lóstrego. Expresión que pondera a rapidez.

[...] pois a esvelteza do seu corpo permitíalle brincar rápido *coma un lóstrego* ó pescozo das súas presas (78).

SIN: **Nun lóstrego. Coma un foguete**

LÚA

Poñerse nos cornos da lúa. (aquí) Alporizarse.

—So quería botar unha ollada, ho! Non é para *poñerse nos cornos da lúa* (60).

LUME

A lume de biqueira. A toda présa; precipitadamente.

O home fitounos como se fósemos uns aparecidos e liscou *a lume de biqueira* (268).

SIN: **A lume de carozo. A fume de carozo**

A lume de carozo. A toda présa; precipitadamente.

Os servidores escoitaron as ordes do seu amo e foron saíndo todos *a lume de carozo* polas rúas da cidade (99).

Saíron coas súas monturas *a lume de carozo* (300).

SIN: **A fume de carozo. A lume de biqueira**

O lume eterno. *fig.* O inferno.

—Queridos irmáns en Xesús Cristo, malia que sen dúbida as súas almas pecadoras xa estarán ardendo *no lume eterno*, sepultamos cristianamente os corpos destes malfeitores (394).

Quen a lume mata, a lume morrerá. Máxima ou expresión que vaticina que a violencia se volverá contra quen se vale dela.

Escoitade a maldición dun condenado a morte: «*quen a lume mata, a lume morrerá!*» (132).

SIN: **Quen a ferro mata, a ferro morrerá**

Ser [algo] lume de Sodoma. Ser algo moi peccento.

[...] pero aquel bispo intentou impedir tal matrimonio dicindo que aquela unión *era lume de Sodoma* (234).

M

MADÍA

Madía leva. Sen dúbida! Como non!

Madía leva! E logo non vou poder, se tamén é o meu? (401).

SIN: **Madía leva**

MAL

[Estar/Levarse/Poñerse] **a mal.** Perder a amizade.

Están a falar co Frutoso da Crega! E ese mal bicho leva anos *a mal* connosco (170).

Mal menor. De entre os males, o que faga menos dano.

[...] non faltou quen aceptaba como *mal menor* o ladroízo dos piratas (302).

Non hai mal que non haxa ben. Non desesperar nas adversidades.

O medo que pasara fixéralle perder a fala. Mellor así: *non hai mal que non haxa ben* (56).

Quen ía pensar que a nosa arribada en Fisterra cambiara para ben o seu destino; é ben certo que *non hai mal que non haxa ben* (413).

MALIA

Malia de...! Expresión imprecatoria que se emprega para ameazar.

Malia da goleta se todo é unha argallada súa para gañar tempo! (206).

SIN: **Maldita sexa!**

Malia o.../a... Maldición, expresión de contrariedade ou desgusto.

Que absurdas son todas as guerras! *Malia o berce* por sempre xamais dos que as provocan! (421).

SIN: **Maldito o.../a...**

MALO

Malo será que... Dito que expresa confianza en que un posible feito negativo non se cumpra.

Malo será que antes do pasamento non teña un intre para me arrepentir dos meus pecados (90).

MALPOCADO, -A

Malpocado/a de min/ti. Infortunado/a, digno de compaixón.

Pero, *malpocado de min*, o perigo aínda non pasara (148).

MALVA

Dar malvas [unha persoa]. Xacer morta e enterrada.

Se cadra estaríamos todos *dando malvas* de non ser pola boa defensa que el fixera no forte da illa (20).

SIN: **Criar herbas**

MAN

Botar man [a algo]. Collelo.

Por estribor largáronnos a esqueira de corda [...], e o primeiro en *botar man* dela foi Trelawney (406).

Botar unha man [a alguén]. Axudalo.

[o doutor] comprometeuse a *botarme unha man* na narración (19).

Volvíñ sobre os meus pasos para *botar unha man* nos preparativos do exterior (323).

Coa man no corazón. De maneira sincera.

[...] pois, *coa man no corazón*, eu non sen de ningún espírito puro que busque riquezas sen un chisco de cobiza (279).

SIN: **Coa man no peito**

Coas mans baldeiras / baleiras. Sen conseguir nada do que se quería.

Mesmo teño esperanza de que nos deixen marchar cunha pequena parte do tesouro para non volvermos *coas mans baleiras* ás nosas casas (202).

Mais así iades marchar *coas mans baldeiras*, Jim (241).

SIN: **Coas mans limpas**

Coas mans en asas. Coas mans situadas na cintura, a cada lado.

—repetiu a berros Saint-Syr dirixíndose á figura espectral que entre as sombras da noite estaba vendo, posta en pé *coas mans en asas*, na parte alteira da Insua Negra (374).

Cunha man diante e outra detrás. Sen nada, sen medios económicos, en total pobreza.

En canto deixe de servirnos o agocho van quedar *cunha man diante e outra detrás* (142).

SIN: **Cunha man detrás e outra diante. Co posto**

De primeira man. Directamente da fonte de información, sen intermedios.

Nunca dera creto a tales ruxerruxes deica agora, que sei *de primeira man* que lle teñen pensado facer o mesmo á *Hispaniola* (215).

En boas mans está o pandeiro! Expresión irónica para indicar que algo está ao coidado de alguén pouco fiable.

—Cristo negro! *En boas mans está o pandeiro!* (69).

SIN: **En que mans está/anda o pandeiro!**

Estar da man dun. Estar ao seu coidado.

Farén o que *estea da miña man* (306).

Estar nas mans [de alguén]. Dependere de alguén, estar dentro das posibilidades de alguén.

[...] os poderosos condes de Altamira [...] non fixeran todo o que *estaba nas súas mans* por levantar a súa familia (246).

Lavar as mans. *fig.* Non querer responsabilidades de maneira hipócrita; declararse inocente dun acto inxusto.

Faga o que queira cos ingleses; *eu lavo as mans* (137).

[Non] **contar con moitas mans.** [Non] ter moitos traballadores; [non] ter moita axuda.

É ben certo que nela *non contabamos con moitas mans* (138).

Non ter mans a medir. Non dar abasto.

Non tiñamos mans a medir para el: en canto lle deixabamos as pedras [...] non tardaba en asentala no valo (311).

Non imos ter mans a medir furando bandullos (346).

Pedir(lle) a man [a alguén]. Solicitar o consentimento para casar.

Se non fose porque vosa mercé xa ten un compromiso formal cuns seus parentes, este *squire* súbdito da S.M.B. atreveríase a *pedirlle a man* da súa fermosa filla para o meu sobriño-neto (410).

[Pillar] **coas mans na pateira.** Sorprender no momento xusto en que un está facendo un acto delituoso ou secreto.

Pillaremos *coas mans na pateira* os atrevidos cómplices da teimuda moza, e non haberá compaixón (346).

SIN: [Pillar] **coas mans na masa.** [Pillar] **coas mans no allo.** [Pillar] **na allada**

Poñerlle a man encima [a alguén]. Pegar, maltratar fisicamente.

A malleira cesou cando se escoitou a voz do Sr. Trelawney, que permanecera en pé sen que ninguén ousase *poñerlle a man encima* (121).

SIN: **Poñerlle a man. Poñerlle a(s) man(s) enriba**

Poñer a man no lume [por algo ou por alguén]. Manifestar unha confianza total por algo ou por alguén.

Se en vez dun *quebranto* chegamos a sufrir un *arrufo*, el *poñía a man no lume* a que ningún de nós estaría vivo naquel momento (51).

Poño a man no lume a que van ir á illa esa do tesouro (158).

Teña por seguro que investigarei a fondo e demostrareille que as miñas suposicións son certas: o pai do Chavián é o fillo de Manfred; *poño a man no lume* (416).

MANTENTA

Á mantenta. De maneira intencionada; a propósito.

Os dous xefes piratas permaneceron saciando as súas ansias cobizosas de remexer *á mantenta* no noso tesouro (129).

[...] e eles pensarán que quedei *á mantenta* no bergantín para me salvar eu só (159).

MAÑÁ

Mañá será outro día. Fórmula que se emprega para dar remate ás tarefas do día ou para esperar que no día seguinte melloren as cousas.

Mañá será outro día. Hoxe non falaremos máis diso (244).

MAR

Correr os mares. Navegar por todos os mares.

[...] pero non lle interesou, pois o del era «*correr os mares*», navegar por todos os do mundo (227).

Ferver o mar. Estar o mar moi bravo.

Fervía o mar (38).

Malo mar vos coma! Expresión para maldicir.

—*Malo mar vos coma*, sacrílegos! (300).

SIN: **Malo mar vos trague!**

Mar a dentro. Parte do mar que se atopa a moita distancia da costa, de augas libres e sen abrigo.

O terceiro criminal, o da barca, procurara afastarse do sitio remando *mar a dentro* (149).

SIN: **Mar aberto**

Mar a fóra. Parte do mar que está a moita distancia da costa, de augas libres e sen abrigo.

Podíamos navegar bordeando o litoral, mais non aventurarnos alegremente *mar a fóra* (115).

SIN: **Mar aberto**

Mar aberto. Parte do mar que está a moita distancia da costa, de augas libres e sen abrigo.

Máis adiante, tras dobrar a península da torre e saír a *mar aberto*, albisouse ó lonxe (105).

Puxo o navío ó paio e mandou arriar un bote [...] para logo orzar cara a *mar aberto* (326).

Contábana nas aldeas da beiramar as nais ás súas fillas adolescentes para que non andasen soas polos areais a *mar aberto* (326).

Tiñamos certa vantaxe, pois a proa da goleta xa estaba virada cara a *mar aberto* (339).

SIN: **Mar a dentro. Mar a fóra. Mar ancho. Mar lonxe da costa. Mar maior**

Mar campal. Mar moi violento, de grandes ondas (expresión fisterrá).

Un 'quebranto' é unha vaga *de mar campal* nunha tormenta (51).

Mar coma un sebo. Mar sen ondas, apracible e tranquilo.

O mar parecía estar xa calmo *coma un sebo* (46).

[...] estaban uns mariñeiros discutindo a berros, malia que *o mar, coma un sebo*, non facía ruído (268).

SIN: **Mar calmo. Mar chan. Mar coma un río. Mar manso. Mar quedo. Mar quieto**

Mar de fondo. Mar axitado, moi encrespado.

O bergantín e os botes quedaran a mercé dunhas axitadas augas con moito *mar de fondo* (352).

Mar desfeito. Movemento axitado do mar de grandes ondas.

Un mar desfeito con ondas xigantescas cal montañas de auga de trinta pés de altura! (38).

Non cesou por iso a tempestade, pois seguía habendo *un mar desfeito* (39).

SIN: **Mar alto. Mar batido. Mar de vaga. Mar de vagallón. Mar duro. Mar gordo. Mar picado. Mar rexo. Mar roleiro. Marusía campal. Marusía de mar. Marusía real. Moito mar**

Mar maior. Mar lonxe da costa.

Alguén vira un barco que se achegara á praia máis do debido e que retornara axiña cara ó *mar maior* (327).

SIN: **Mar aberto**

O ancho mar. Mar lonxe da costa.

O ancho mar fora engulipando o disco vermello do sol no horizonte (244).

SIN: **Mar aberto**

Un mar [de algo]. Moita abundancia de algo.

A ama de chaves era todo *un mar de* agarimos maternais cara a nós os tres (244).

MATAR

Non mata nin espanta. Non resulta tan temible como aparentaba.

—Agora xa *non matas nin espantas*, Garridiña! (375).

SIN: **Non esfolo nin mata. Non mata nin tolle**

MEDO

Daba medo do medo que daba! Expresión que indica unha escena de medo arrepiante.

Daba medo do medo que daba! Aquel abismo era a boca do monstruoso Leviatán! (38).

Esfurricarse de medo. Ter moito medo.

É boa idea aproveitármonos das supersticións dos piratas, que *se esfurrican co medo* por unha maldición (328).

SIN: **Cagarse de medo**

Meter medo ao medo. Arrepiar, meter moito medo.

Seica a súa cara *metía medo ó medo* (267).

Meter o medo no corpo. Ocasionar moito temor.

Son os ladróns de carne e óso que vos están *metendo o medo no corpo* sabendo que credes nesas parvadas! (351).

MEMORIA

Borrar da memoria. Esquecer.

Meu pai foi quen me aprendeu cousas de navegación; iso non *se lle borrara da memoria* (181).

SIN: **Varrer da memoria. Varrer do sentido**

Varrer da memoria. Esquecer.

Todo isto debeu pasar haberá xa preto de vinte anos. Eu xa case o tiña *varrido da memoria* (403).

SIN: **Borrar da memoria. Varrer do sentido**

MENIÑA

A meniña dos ollos [de alguén]. Persoa ou cousa moi querida ou apreciada.

E agora, *a meniña dos seus ollos*, a máis fermosa e sabia (345).

—Que fixestes, desgraciados? Non me digades que xa non volverén ver *a meniña dos meus ollos!* (363).

MENOS

Ter a menos. Menosprezar.

Era galego de nación, pero había muitos anos que residía en Madrid, e non por iso *tiña a menos* expresarse na nosa lingua galega (308).

MENTES

Facer mentes de. Ter para si.

Agora que o dis, *fago mentes de* que era algo así coma Trillo, Trillo... Trillóns (168).

Fago mentes a que están agardando a que a patrulla me traia preso para levar áncoras (186).

Fago mentes de que non tardará en vir unha mortífera epidemia de peste nesta comarca por esta ofensa (262).

Só collería algunhas alfaías [...] pois *fago mentes de* que a falta dunha manchea delas nin se notaría (279).

Fago mentes de que el tamén o dicía así (402).

Ter mentes de. Ter intención de, facerse unha idea diso, imaxinar.

Tiña mentes de chegar algún día á terra paterna (156).

Don Cristovo *tiña mentes de* introducir nas leiras que tiña subforadas unha serie de melloras técnicas (246).

[...] pois non *tiña mentes de* manter contacto ningún co confidente do Dr. Livesey (303).

—*Téño mentes de* que imos aclamar unha valente heroína (377).

SIN: **Ter en mentes**

MERDA

Que merda é iso?! Expresión vulgar de sorpresa que pondera un rexeitamento.

Que merda é iso, carracho! (172).

MEXÓN

[Ser] **un mexón de auga bendita.** Ser moi beato.

Manda nabo con este *mexón de auga bendita* con cara de beato e unllas de gato! (99).

MILITAR

Militar de rango. O de alta gradación.

Concordo en que, se o chega a idear [o estrataxema] un *militar de rango* recibiría honras (386).

MIOLO(S)

Gastar os miolos. Pensar con insistencia nunha cousa.

A chave tela ti, Jim: tes que *gastar os miolos* para lembrar palabra por palabra a conversa dos dous piratas na bodega (242).

Estes días de obrigado repouso na casa, *gastén os miolos* e penso que adiviñén o sitio (279).

SIN: **Debandar os miolos**

Ir ao miolo [dun asunto]. Ir ao importante, ir ao esencial.

Vaiamos ó miolo. Faga vosa mercé coma quen que me está releando o prezo (194).

Indo ó miolo —continuou—. Un século despois un dos descendentes do conde (284).

MIRADA

Coa mirada perdida. 1. Sen fixar a mirada en ningún lugar concreto. 2. *fig.* Despistado/a, ido/a.

Coa mirada perdida estaba cando os dous mozos viñeron onda min (371).

Pero ela non estaba connosco [...] pois había certo tempo que se atopaba soa na amura de estribor [...] *coa mirada perdida* (373).

Manterlle a mirada [a alguén]. Non acovardarse ante os modos autoritarios de alguén.

Mariña non abriu a boca e *mantívolle a mirada* a Saint-Syr (317).

MIRAMENTO(S)

Sen (máis) miramentos. Directamente, sen requilorios.

Así o entendeu o doutor, que se ergueu e, *sen máis miramentos*, achegouse ó Sr. Trelawney (315).

MIÚDO

Polo miúdo. Con moito detalle, de forma minuciosa, punto por punto.

Estaba disposto a relatarlle ó monarca *polo miúdo* todos os servizos levados a cabo no seu libre corsear (109).

Observei *polo miúdo* o sitio onde nos atopabamos (295).

MONA

Durmir a mona. Durmir despois dunha borracheira.

Cos mariñeiros non confabulados *durmindo a mona* (86).

MORRER

Morrer de pena. Perder a vida por causa da tristeza.

Só había unha cousa que lle impedía dar ese paso: a malpocada da nai, que *morrería de pena* se a deixaba soa (156).

MORTE

Ver a morte aos ollos. Ventar un grave perigo de morte.

Mais, cando xa o noso almirante *vía a morte ós ollos*, escoitouuse [...] unha voz (124).

MORTO, -A

[Deixar/Estar] **máis morto/a que vivo/a.** En mal estado físico ou psíquico, próximo á morte.

Chegados ó pau trinquete, prepareime para recibir nas costas as xostregadas que me ían *deixar máis morto que vivo* (147).

—Home! Ti xa *estabas máis morto que vivo!* (154).

[Deixar/Estar] **medio morto/a.** Moi magoado/a, moi ferido/a.

Pois hai uns días un fato deles veu bater en min sen dó e *deixánome medio morta* (271).

Espantarse o morto do aforcado. Ver os defectos alleos sen se decatar dos propios.

Non se pode confundir o real co imaxinario [...] «*Espantarse o morto do aforcado!*», dixen para min (229).

[Estar/Quedar] **mortiño/a de amores.** Estar/Quedar moi namorado/a.

Por aquela cántiga xa quedara Frolinda *mortiña de amores* polo Buxerán (249).

Facer o morto [no mar]. Aboiar na auga volvéndose boca arriba.

Son os peitos dunha muller espida *facendo o morto* no mar (47).

MOURO(S)

No tempo dos mouros. En tempos moi antigos.

Hai moitos anos, *no tempo dos mouros*, había un castelo (274).

MUIÑEIRA

[Facer] **un punto de muiñeira.** (aquí) *fig.* Empezar a brincar de alegría.

Se os piratas soubesen a verdade *farían un punto de muiñeira* e botarían foguetes para unha foliada (244).

MUNDO

Desde que o mundo é mundo. Desde sempre.

As cousas son así *desde que o mundo é mundo*. A que vén tanta estrañeza, logo? (388).

O outro mundo. O máis alá, o alén, o que hai despois da morte.

Esas luces parecen *doutro mundo* (348).

Un mundo de. Moito, gran cantidade.

Deunos *un mundo de* traballo limar e tronzar as grosas cadeas da porta (383).

Virar o mundo do revés. Revolucionar todo.

Non era o único co que non estaba de acordo; para min que desexaba *virar o mundo do revés* (329).

SIN: **Poñer o mundo do revés**

Vírselle o mundo abaixo [a alguén]. Perder toda esperanza.

Estaban xa chegando ó *An Ankou*. *Véuseme o mundo abaixo* (336).

Véuseme o mundo abaixo porque pensei que todo o plan se estragara pola miña «brillante» idea (358).

N

NABO

Manda nabo! Expresión que denota sorpresa ante algo negativo.

Manda nabo con este mexón de auga bendita [...]! (99).

Crego Sabio, *manda nabo!* Certo que os que me queren ben me chamaban así (307).

NACIÓN

De nación. (aquí) De nacemento.

Chamábase frei Martín [...] Era galego *de nación*, pero había moitos anos que residía en Madrid (308).

NADA

Nada ten que perder quen nada ten de seu. Máxima que remarca que quen é pobre xa non ten nada que perder.

A eles isto pouco lles importaba, pois *nada ten que perder quen nada ten de seu* (391).

NAI

Nai de leite. Muller que, sen ser a nai biolóxica, dálle de mamar a unha criatura.

Farruca é a miña *nai de leite*, pois foi ela quen me deu de mamar ó non poder mi madre (238).

SIN: **Ama de cría**

NATURA

Contra natura. [locución latina]: contra as consideradas leis da natureza; expresión que se aplica a pecados considerados antinaturais.

—A min que máis me ten que os mariqueiros reis de Inglaterra e Portugal forniquen *contra natura* no mesmo leito? (126).

Só ela podería facerlle esquecer a vergonzosa atracción *contra natura* que tamén sentía por outros homes (317).

NEGOCIO

Negocio sucio. Negocio ilegal ou inmoral.

[...] e pillarán a vosa mercé metido ata o pescozo en *sucios negocios* de piratería (343).

NESGO

Ao nesgo. En sentido oblicuo.

[...] mozos e mozas [...] formaron unha longa fileira que baixaba *ó nesgo* (310).

NOITE

A cerradiña da noite. O anoitecer, última parte da tarde, período de tempo posterior ao solpor.

Xa na cerradiña da noite entrou madre Farruca na estancia (244).

SIN: **A bocanoite. A cerrada da noite. A xunta da noite. O cerrado da noite.**

O luscofusco

Caer a noite. Ir anoitecendo.

Xa estaba caendo a noite cando chegamos á aldea de Valverde (160).

Da noite para a mañá. En pouco tempo.

—Non penses que se fixo *da noite para a mañá* (154).

SIN: **Da noite para o día. Da noite á mañá**

Mudar coma da noite ao día. Cambiar por completo.

—Quedo abraiado dos cambios que vosa mercé experimentou nesta travesía, John! *Mudou coma da noite ó día* e abofé que me alegro (416).

SIN: **Mudar/Cambiar coma do día á noite**

Pasar a noite en claro. Sen durmir; en vela.

—respondín tentando seguir durmindo, pois tiña a impresión de que *pasara toda a noite en claro* (366).

NOME

Nome de conveniencia. Nome que se emprega para disfrazar unha actividade ilegal ou inmoral.

Non era o único caso de navío corsario camuflado *cun nome de conveniencia* (102).

Non ter nome. Ser algo tan intolerable que non hai cualificativo que o exprese.

Actitudes coma as dos veciños de Vilasumisa *non teñen nome*, pero non son as únicas (395).

NON

Non ha! De ningunha maneira [negación enfática].

—Morto? Chavián morto? *Non ha*, ho!

SIN: **Non tal!**

Non si? Certo? Non é certo?

Quero pensar que aínda estamos a tempo, *non si?* (362).

Non tal. De ningunha maneira [negación enfática].

Non, *non tal*; iso non —recapacitei de súpeto en voz alta (22).

NOTA

Tomar nota. Servir de exemplo.

Os seus compañeiros dos remos *tomaron nota* e fixeron un esforzo sobrehumano (353).

NUBE

Fender (as) nubes. Arrepiar, asustar.

—interveu Saint-Syr cunha mirada que *fendía nubes* (125).

Entre frase e frase intercalaba restras de xuramentos que *fendían nubes* (218).

O Chavián estaba que *fendía nubes*, turrando coma todos os demais polo condenado pedrolo. (360).

—Almirante, veño coa orde de embarcar decontado. O capitán está que *fende nubes* (397).

NUNCA

Nunca máis! Negación enfática.

Nunca máis os poderosos volverán mercar con esmolas as vontades dos veciños desta costa! —*Nunca máis! Nunca máis!* —interrompérono repetidas veces os berros afervoados da xente nova das dúas freguesías (395).

SIN: **Nunca xamais!**

O

OBEDIENCIA

Obediencia debida. A que se supón que se lle debe a alguén superior en xerarquía.

Mariña non respondeu. No seu interior había unha loita entre os seus sentimentos e *a obediencia debida* ó seu proxenitor (393).

OBRA

Obra mestra. Obra moi ben feita, case perfecta.

Aí che vai a parte máis vistosa da *obra mestra* do meu proxenitor (154).

OÍDO(S)

Chegar [algo] aos oídos [de alguén]. Coñecer algo indirectamente.

Se iso *chega ós oídos* do voso prometido rompe co compromiso nun airiño de Deus (257).

Facer oídos xordos. Facer coma quen non oe; non facer caso.

—Por outra parte —continuou o cabaleiro *facendo oídos xordos*— (116).

SIN: **Facer oídos/orellas de mercador**

Non prestar oídos. Non querer escoitar.

Suplicámoslle a berros que volveuse [...], pero *non prestaba oídos* (364).

Ter oído de porca parida. Ter oído moi fino.

Ti non, pero o fillo de mi madre si, que por algo ela di que *teño oído de porca parida* (288).

OLLADA

Ollada de can tras cadela. Ollada chea de luxuria.

As olladas de can tras cadela daqueles frades cara á miña nena xa os delataba (276).

Ollada de ferreiro. Ollada que expresa anoxo.

Despois de botarlle unha *ollada de ferreiro* ó carpinteiro (64).

OLLO(S)

Abrir os ollos [a algo]. Poñerse en disposición de admitir outras opinións ou ideas.

O voso futuro, filla, non está aquí [...] senón na cidade, onde hai vida social e se *abren os ollos* ás novas ideas (256)

Botar o mal de ollo. Causar maleficio (meigallo) coa mirada.

O xa finado patrucio consideraba que así evitaba que algún veciño envexoso lles *botase o mal de ollo* ós animais da casa (160).

Con cen ollos. Moi atento e vixilante.

Sen tempo para alentar, camiñei *con cen ollos* encol dos esvaradíos bolos (148)

Cos ollos fóra das órbitas. Abrir os ollos polo medo ou por unha sorpresa inesperada.

Cos [seus] *ollos fóra das órbitas* cara ás riquezas parecían posuídos do Maligno (128).

SIN: **Regalar os ollos. Retorcer os ollos. Revirar os ollos**

Crer cos ollos pechados. Crer cegamente.

Se algo hai que deixe tremendo o máis desalmado dos piratas son as supersticións, nas que os bucaneiros *cren cos ollos pechados* (320).

Como argallou vosa mercé esa historia, por certo tan ben armada, tanto que eu mesmo cheguei a *crer* nela *cos ollos pechados?* (415).

Choscar un ollo. Enviar un sinal de complicidade cerrando un ollo.

O Chavián *choscoume un ollo* e continuou, sen lle importar a miña presenza (377).

SIN: **Chiscar un ollo**

Cos ollos abertos dunha cuarta. Cos ollos moi abertos, denotando asombro.

—Déixame abraiado, almirante! —exclamou o doutor *cos ollos abertos dunha cuarta*— (414).

Cos ollos fóra das órbitas. Cos ollos moi abertos, pola sorpresa ou pola dor.

Cos ollos fóra das órbitas, Saint-Syr sentiu máis vergonza que dor na puñalada recibida en vindo de quen viña: dunha simple mociña (376).

[Dar] **un ollo da cara.** Pagar un prezo excesivo.

Asegúrolle que *daría un ollo da cara* por saber expresarme na súa [lingua], *mon ami* (94).

SIN: [Dar] **os ollos da cara**

Esbagoar os ollos. Chorar moito.

Os dous (pai e filla) deixaron *esbagoar os ollos* a doután (368).

[Mirar/Ver] **polo rabo do ollo.** Mirar de lado, oblicuamente, de maneira disimulada.

O abesullón volveuno *mirar polo rabo do ollo* (79).

Polo rabo dun ollo pareceume ver o Dr. Livesey (366).

SIN: [Mirar/ver] **de esguello**

Non quitar ollo. Mirar con moita atención; ter vixilancia extrema.

O tripulante máis atento era Mingos o *Tiopa*, que, provisto dun telescopio [...] *non quitaba ollo* do corredor paralelo á costa (119).

Diante miña seguía un fero bucaneiro que *non me quitaba ollo*, temeroso de que me apropiase dalgunha alfaia (138).

Ollos esbagullados. Ollos chorosos.

Cuns *ollos esbagullados* vermellos de ira (262).

Ollos feitos un río. Ollos moi chorosos.

Cando nos separamos, Mariña tiña *os ollos feitos un río*; semellaba que nos despedíamos para a morte (398).

Ollos fiteiros. Ollos que miran de fronte, fixamente.

Ademais, detrás deses *ollos fiteiros* só pode estar unha muller intelixente (386).

[Poñer] **diante dos ollos**. Facer que se vexa ou repare na cousa que se indica.

Se de certo hai algún tesouro na súa bodega, xa llo *poñerei diante dos ollos* (98).

[Poñer] **os ollos en branco**. Asustarse ou sorprenderse moito.

—Un tesouro! Ía dicir un tesouro? —repetiu *poñendo os ollos en branco* coma un poseso— (96).

OMBREIRO

Ombreiro con ombreiro. Un ao lado do outro en estreita colaboración.

Eu atopábame *ombreiro con ombreiro* con el (360).

SIN: **Ombro con ombro**

ONDA

Galgaron as ondas ouveando roucas coma cans famentos. Descrición poética dunha tormenta no mar [tomada dunha poesía de R. Cabanillas].

Galgaron as ondas ouveando roucas coma cans famentos (38).

ORDENAR

Ordenar de ir. Decidir ir.

Ordenamos de ir dar unha volta eu e mais el nunha lancha para ver as furnas (166).

ORELLA(S)

Abrir ben as orellas. Estar atento/a; prestar atención.

Servíume para espelirme, pois a partir daquela procurei *abrir ben as orellas* (162).

SIN: **Abrir ben os oídos**

Baixar as orellas. Ceder, dobregarse, humillarse, aceptar algo con submisión.

—Vós o dixestes, son coma ovellas: submisos cos poderosos e mesquiños cos que non *baixamos as orellas* (271).

Se en vez de *baixaren* tanto *as orellas* baixasen algo máis a espiña do lombo (272).

Chegar á orella. Ter coñecemento; escoitar.

Calquera barco podería denunciar o feito, que axiña *chegaría á orella* do cónsul británico na Coruña (135).

Algo me *chegou á orella* deses amores desgraciados, oíu! (248).

SIN: **Chegar aos oídos**

[Facer] **orellas de mercador**. Escoitar moi ben facendo que non se escoita.

Fixen *orellas de mercador*, pois ben sabes que andén embarcado dunha fragata inglesa [...] e que entendo muitas palabras inglesas (68).

Falar polas orellas. Falar sen tino.

Os do *An Ankou falaban polas orellas* da gran foliada de ron e lume (195).

Poñer a orella. escoitar.

Achegueime onda eles e *puxen a orella*, sen que a eles lles importase (413).

[Sorrir] **de orella a orella.** Sorrir con moita satisfacción.

—Co glorioso almirante Edward Hawke [...] —contestoume sorrindo *de orella a orella* (25).

E *sorrindo de orella a orella* o espigado *gentleman* pasounos polos focinos o seu mapa (33).

[Sorriso] **de orella a orella.** Sorriso amplo e satisfactorio.

—Todo ó noso favor, capitán! —dixo o temoneiro Dos Santos *cun sorriso de orella a orella* (346).

Todo vai cadrando [...] —dixo o almirante *cun sorriso de orella a orella* (402).

Ter a orella posta [en algo]. Estar escoitando disimuladamente.

[...] o Chavián *tiña unha orella posta* na nosa conversa (329).

Óso

Deixar nos ósos. Deixar moi fraco; (aquí): sen aparello, sen velas.

Os bravos cabaleiros de fortuna puideron ollar [...] a desolación do veleiro que eles mesmos *deixaran nos ósos* (131).

Nin comer o óso nin darllo ao can. Non facer nin deixar facer.

[...] e para iso é a paga que a Confraría lles dá ós veciños de Vilasumisa, para que *nin eles coman o óso nin llo dean ó can* (278).

SIN: **Nin comer nin deixar comer. Nin facer nin deixar facer**

OSTRACISMO

Condenar ao ostracismo. Illar por completo unha persoa.

Vai ter que amosar moita enteiraza: ímolo *condenar ó ostracismo* afastándoo coma un apestado (213).

Debería quedar patente que eu fora *condenado ó ostracismo* por orde do armador (214).

OURO

Coma ouro en pano. Con moita estima e coidado.

O mapa de España e Portugal do que tanto presumía e que gardaba *coma ouro en pano* cal reliquia curiosa! (18).

OUTRO, -A

Non (lle) haber outra [a alguén]. Non haber máis remedio.

Non lle hai outra, John —respondinlle temendo amosar certo aire de resignación— (336).

SIN: **Non (lle) quedar outra**

Non (lle) quedar outra [a alguén]. Non haber máis remedio.

Xa te irás afacendo a min, *non che queda outra* (326).

Arríscome porque sei que a ti *non che queda outra* (338).

SIN: **Non (lle) haber outra**

OVELLA

Coma ovelas sen dono. Sen goberno e con medo.

pero non atopamos a quen preguntar, pois en Vilasumisa ata os cans fuxino *coma ovelas sen dono* (271).

[Ser] **unha ovella tosquiada**. Ser de aparencia dócil.

Sodes lobos de mar ou ovelas tosquiadas? (321).

P

PACTO

Pacto de silencio. Acordo para non falar dun asunto molesto.

—Eu mesmo tardei en sabelo máis de vinte anos [...] Na mansión houbera *un pacto de silencio* (414).

PAGAR

Pagar coa vida. Morrer por algún acto atrevido ou imprudente.

[...] pois ningún humano se atreverá a roldar por unha paraxe demoníaca; os máis botados para a diante xa *pagaron coa vida* o seu atrevemento (210).

PAIRO

Ao pairo. Acción de pairar: parar ou permanecer case parado, sen poder avanzar, un navío reducindo o velame.

—*Ó pairo, ó pairo!* Póñanse *ó pairo* ou abrimos fogo a discreción (120).

Puxo o navío *ó pairo* e mandou arriar un bote tripulado (326).

O barco, que estaba a piques de virar a babor [...] quedou *ó pairo* (350).

O bergantín seguía *ó pairo*, pois aínda os remeiros dos botes non se atreveran a baixar os remos (352).

PALABRA

Non ser quen de articular palabra. Non poder falar; sen poder dicir nada; sen retrucar.

Todas as miradas se centraron no meu amigo [...], pero como el *non fose quen de articular palabra* o almirante continuou (404).

Cumprir coa palabra. Facer o que se prometeu.

Cumprimos coa nosa palabra de non levar máis do que nos corresponde: o tesouro conquistado nunha illa perdida no océano (390).

E logo, rapaz! Desde cando deixei eu de *cumprir coa palabra* dada? (419).

SIN: **Manter a palabra**

Dar (a) palabra. Comprometerse seriamente en algo.

Se me *dá palabra* de respectar as nosas vidas [...] eu mesmo o levarei ó lugar (125).

Fala xa e *douche palabra* de que non che pasará nada! (317).

Doulle a miña palabra de que recibirá esa axuda (280).

Dirixir a palabra. Falar.

Ninguén lle *dirixirá a palabra* (213).

Non me volva *dirixir a palabra*, pídollo por favor! (336).

Maltratar de palabra e de obra. Agredir con insultos e tamén fisicamente.

Fixemos unha cadea humana baixo a vixía hostil de arrepiantes piratas que *nos maltrataban de palabra e de obra* (138).

Non crer palabra. Non crer nada do que lle din a un.

Sendo sincero, eu ó Chavián *non lle cría palabra* do que me estaba a contar (229).

Palabra por palabra. Sen omitir nada, reproducindo con toda exactitude.

Para que non lle esquecese, de volta para casa viñera repetindo en alto a partida *palabra por palabra* (168).

PÁLIDO, -A

Tornar pálido/a. Perder a cor natural, tirando a branco (debido a algo que non gusta ou que se teme).

O meu desconcerto non era nada en comparanza co señor da Torre da Atalaia, que *foi tornando pálido* a medida que o cura avanzaba no seu sermón (396).

PANO

De tal pano, mala saia. Refrán que indica que os fillos herdan os defectos dos pais.

«*De tal pano, mala saia*», xa o di o refrán (268).

Vai haber pano para mangas. Dito que indica que vai haber que traballar moito.

Vai haber pano para mangas [...] —dixo o Brandomil tratando inutilmente de separar ou dobrar os rexos barrotes coas súas mans de ciclope (294).

PAPAS

Falar sen papas na boca. Dicar claramente o que se pensa, sen rodeos.

Falemos xa sen papas na boca. Todos sabemos que na furna do Trabeiro se agochan moitas riquezas (278).

SIN: **Falar sen pelos na lingua. Falar sen lixos na lingua. Non ter a lingua trabada**

Pedir papas. Claudicar, renderse.

Ó final acabarés *pedindo papas* e berrando contra ese rei, pero El-Señor xa non vos responderá (330).

PAPO

Abrir o papo. *fig.* Introducirse no interior dunha cousa para roubar o seu contido.

Prepara as armas, que lle imos *abrir o papo* a esa paxariña! (106).

Co papo baldeiro. *fig.* Sen nada.

[...] se logran marchar con vida, aínda que sexa *co papo baldeiro* (135).

PARTE

De parte a parte. Polas dúas partes, dun lado ao oposto.

[...] e lanzou unha estocada mortal [...] con idea de atravesalo *de parte a parte* (261).

PARTIDO

Sacar bo partido [de algo ou de alguén]. Obter bo proveito.

Mariña e Chavián *sacaron bo partido* do pouco que lles podía aprender aquel pobre mestre (245).

SIN: **Tirar bo partido**

PARVO

Con cara de parvo. De maneira inocente.

Eu mantiña un completo silencio escoitando o relato *con cara de parvo* (228).

Facer o parvo. Comportarse como unha persoa ignorante.

Fai o parvo, pero para a miña idea entende a nosa fala máis do que parece (144).

PASCUAS

De pascuas en ramos. De cando en vez, con pouca frecuencia.

Cando *de pascuas en ramos* arriba algún barco, tratamos de venderlles viandas á tripulación (188).

SIN: **De pascuas en venres**

PASO

Ir ao paso. Sen apurar.

Nun momento en que os cabalos *ían ó paso* (307).

Saír do paso. Salvar unha situación; superar unha dificultade.

Quizais mi padre o inventou *para saír do paso* (169).

Volver sobre os pasos. Desandar o camiño andado.

Volvíñ sobre os meus pasos para botar unha man nos preparativos do exterior (323).

PATENA

Máis limpo ca unha patena. Moi limpo, (aquí) *fig.* Sen nada.

[...] para que este lle larete ó capitán do *An Ankou* que Jim deu co agocho e que está deixando o sitio *máis limpo ca unha patena* (242).

Matarasme, pero Jim e os meus amigos vanche deixar a gaiola *máis limpa ca unha patena* (320).

SIN: **Limpo coma unha patena**

PAU

A paus. De maneira violenta.

Pero non teñas medo, non, que antes acabarían co mar *a paus* (272).

PAUTO

Ter pauto co demo. Aplícase a alguén que leva a cabo accións extraordinarias, fóra do común (polo tanto, sospeitoso de meiguería).

Ó se veren descubertos, liscano estarrecidos, convencidos de que era certo que eu *tiña pauto co demo* (277).

PAZ

Deixar en paz [a alguén]. Non molestalo; deixalo tranquilo.

Deixe en paz o meu capitán, que está malferido (122).

(Que) en paz descanse. Fórmula para referirse con respecto a unha persoa morta.

O intrépido navegante de Bristol do que che falei, compatriota de meu pai *que en paz descanse* (234).

Pensén que era meu avó, *en paz descanse*, carallo! (358).

SIN: **(Que) en gloria estea**

Pé

A catro pés. *fig.* Nun cabalo e con moita présa.

Vimos *a catro pés* para avisalo de que non leve a cabo o seu plan (362).

SIN: **A uña/unlla de cabalo**

Andar con pés de la. Andar con moito coidado e precaución, cautela ou en segredo.

Aigas, voitres e bandadas de gaivotas pousábanse nel [no valo] *con pés de la* (154).

Por alí hai que *andar con pés de lan*, pois xa empeza a empinada baixada cara ó cantil (275).

SIN: **Andar con pés de manteiga**

Andar con pés de manteiga. Andar con moito coidado e precaución, cautela ou en segredo.

Erguinme e *andei con pés de manteiga* non fose o demo que as miñas pisadas me delatasen (140).

Eu *andaba con pés de manteiga* e aspiraba fondo cada vez que o vía andar —ou correr— dun sitio para outro (311).

SIN: **Andar con pés de la**

Bater cos pés no cu. Correr moito, a todo dar.

Bebeu un grolo de viño e liscou *batendo cos pés no cu* (268).

SIN: **Dar cos pés no cu**

Chamar aos pés compañeiros. Saír fuxindo dun lugar.

De novo movido polo seu instinto *chamou ós pés compañeiros* e alancou cara á borda de estribor para saltar ó mar (356).

Co ánimo nos pés. Moi desanimado/a.

Cara a alí fomos *co ánimo nos pés*, pois sabiamos que en rematando o acto fúnebre virían as despedidas (394).

Dar pé. Dar motivo.

Mesmo *dera pé* a coplas de escarnio no entruido (267).

En pé. En posición vertical.

Contra a medianoite case ningún dos bucaneiros era quen de manterse *en pé* pola bebedela (130).

Un pé aquí e outro acolá. Moi rápido.

Un pé aquí e outro acolá e vas avisar a Lourenzo de Aboal, o meu segundo (80).

SIN: **Un pé aquí e outro alá**

PECADO

Feo/a coma un pecado. Moi feo/a.

[...] a figura amosaba grande indignación no seu rostro, *feo coma un pecado* (262).

Un lugar para a expiación dun pecado cruel. Un lugar moi arrepiante e perigoso.

Parecía *un lugar para a expiación dun pecado cruel*: quen tivese a desgraza de caer alí non sobreviviría (287).

PECHADO, -A

Expresarse [nun idioma] pechado. Falar dun xeito moi enxebre, castizo, ese idioma.

[...] o alporizado enmascarado *expresábase nun castelán pechado*, da Castela profunda (342).

SIN: (**Expresarse/Falar**) [**nun idioma**] **cerrado**

PÉCORA

Mala pécora! Expresión despectiva, xeralmente referida á muller: persoa malvada.

—*Mala pécora!* Tiveches unha oportunidade e botáchela a perder (317).

—Escusas tentarme enganar outra vez, *mala pécora!* (375).

PEDICHA

Andar á pedicha. Andar pedindo esmola.

—E de que von vivir, logo? *Andar á pedicha* polas portas non é o meu (90).

E cando non lles chega a paga, disfrázanse de mendigos e *andan á pedicha* polas aldeas (309).

PEDRA

Dar cunha pedra no peito. Considerarse afortunado.

Por iso os deste navío *darán cunha pedra no peito* se logran marchar con vida (135).

Quedar de pedra. Quedar paralizado, petrificado; quedar abraiado, aterrizado.

Quedei de pedra sen saber que facer (119).

Quedou de pedra cando dexergou o pavillón pirata no seu mastro maior (154).

Os piratas non se axeonllaron, pero *quedaron de pedra* (262).

Unha vez máis soubera dominar a situación cando a tripulación *quedara de pedra* polas premonicións da astuta moza (321).

Todos *quedamos de pedra* e á bela rapaza foille mudando a cor da cara imaxinando o peor (368).

PEITO

A peito descuberto. Sen protección adicional.

Como un grupo de soldados [...] desembarcara, baixei para loitar *a peito descuberto* (53).

[...] pois en ningunha das incontables abordaxes sufrira feridas de consideración; e iso que era o primeiro en atacar *a peito descuberto* (109).

SIN: **A peito nu**

Botar peito. Encoraxarse.

Agora eran os do país os que *botaban peito*, fachendosos pola admiración que entre os forasteiros provocaba esa torre (105).

—Confíemos no capitán, compañeiros, que sempre nos levou á vitoria!
—interveu Gallardo *botando peito* (349).

SIN: **Encher o peito**

Encher o peito. Encoraxarse.

Prefería deixar que dese a orde o seu lugartenente, Lourenzo de Aboal, que así *enchía o peito* compartindo funcións de mando (103).

SIN: **Botar peito**

Tomar a peito. *fig.* Ofenderse.

O malcriado René-Albert de Saint-Syr [...] *tomou tan a peito* a suposta ofensa que acabou matando o mozo algareiro polas costas (100).

PEL

[Deixar] **a pel de galiña.** Estremecer(se) polo medo, grima, noxo etc.

No entanto, os mastros do barco [...] caeron sobre a cuberta cun estrépito tal que *deixou con pel de galiña* ós que momentos antes eran os máis destemidos machotes (133).

PELICO

Salvar o pelico. *fig.* Salvar a vida.

O que máis inquedo me deixou foi que os meus amigos [...] pensasen que eu quedara adrede no barco para *salvar o meu pelico* (139).

PENA

Pagar a pena. Recompensar o esforzo ou o traballo.

Se hai algo que *pague a pena* [...]terás unha boa recompensa da miña man (81).

Coa paz non hai negocio que *pague a pena* [...]Unha ruína, díggollo eu! (127).

Paga a pena apostar forte nesa empresa, pois, se o tesouro é tan grande, veríamos cumpridos todos os nosos soños (204).

SIN: **Merecer a pena. Valer a pena**

PENSAR

Sen pensalo dúas veces. Sen meditalo, valoralo, pensalo mellor.

Sen pensalo dúas veces dirixinme en voz alta ós dous xefes piratas (201).

PERDER

Botar a perder. Malograr, derramar, estragar.

Calquera de nós pode accionar o mecanismo da apertura da trapela que *botará a perder* a nosa prezada carga (125).

Tiveches unha oportunidade e *botáchela a perder*. Buscáchela ben buscada (317).

PERENO, -A

[**Achegarse**] **pereno/a.** (aquí) Ir tranquilo/a, sen se inmutar.

O pegureiro [...] *achegábase todo pereno* cara ós gardas (190).

PESAR

Mal que me/che/nos/vos pese. Aínda que non guste.

[...] *mal que nos pese*, non son poucos os paisanos que non están a desgusto ó seu servizo [da Confraría da Man Morta] (395).

PESCOZO

Metido/a ata o pescozo. Totalmente involucrado/a.

En pouco tempo aparecerán por aquí barcos da Mariña de Guerra da S.C.M. e pillarán a vosa mercé *metido ata o pescozo* en sucios negocios (343).

PESTE(S)

Falar pestes [de alguén]. Falar moi mal de alguén, proferir impropiedades.

Ruíns deben ser, pois inda a vella *falaba pestes* deles (252).

SIN: **Botar pestes**

Ser [alguén] **(coma) a peste que cheira.** Ser desprezable.

Neste lugar de nome vil *son todos a peste que cheira* (271).

PETO

Calar coma un peto. Non dicir palabra; non falar por medo ou discreción.

—*calou coma un peto* ó lembrar que o alcume de Peido Calado non era o máis axeitado— (80).

PINGA

Pinga a pinga. *fig.* Pouco a pouco.

[...] tiña esperanza nas novas ideas que *pinga a pinga* entraban no reino (302).

PINTADO, -A

[Vir] **que nin pintado/a.** [Chegar] no momento oportuno.

A ocasión *veulles que nin pintada* ós dous cómplices pola imprudencia do capitán do bergantín (85).

PIQUE

Botar a pique. Provocar o afundimento dun barco.

Eu ideara o estratexema para gañar tempo, pois estaba claro que onte á noite nos ían *botar a pique* (195).

Agora atende, que antes de marchar imos *botar a pique* a carraca dos ingleses (324).

Vogade, remeiros, vogade, vogade que nos *botan a pique!* (354).

O pedrazo fora infernal, mais, con todo e iso, o navío resistira; aínda non foran quen de *botalo a pique* (355).

PIQUES

Estar a piques de. Estar a punto de.

A noite *estaba a piques de caer* (211).

O barco, que *estaba a piques de virar a babor* [...] quedou ó pairo (350).

Foi unha luz que me alumeou cando *estabamos a piques de embarcar* (414).

PLANO

Pasar [algo] a segundo plano. Perder importancia un asunto.

Os amores imposibles do Chavián e Mariña fixeron que o meu *pasase a segundo plano* (248).

POBRE

Pobre de solemnidade. Moi pobre.

Comprendín que tentaba aparentar un pegureiro *pobre de solemnidade* (188).

PODER

A máis non poder. Ao máximo posible, ao límite de todas as forzas.

Púxose a nadar *a máis non poder* cara á bocana da enseada (356).

SIN: **Ata máis non poder**

POMBO

Matar dous pombos dun tiro. Facer ou lograr dúas cousas dunha soa vez.

Penso que el qui xo vingarse da cregaxe [...] ó tempo que burlaba os inquisidores; así *mataba dous pombos dun tiro* (292).

SIN: **Matar dous paxaros dun tiro**

POPA

A popa. Pola parte de atrás do barco.

A conversa cortouse cando un mariñeiro berrou «Navío *a popa*, por babor!» (419).

[Na/Pola] **parte da popa.** Na parte de atrás do barco.

Puido ver ó lonxe, *na parte da popa*, os dous piratas de garda rindo a cachón (192).

Un bloque pétreo de varias toneladas: o golpe de graza para o seu fachendoso bergantín, pois abrira *pola parte da popa* unha brecha enorme (356).

Por popa. *fig.* Pola parte de atrás [expresión mariñeira].

Como me van poñer os teus laios de dor cando sintas *por popa* o meu tolete (375).

PORTA

De portas para dentro. En familia, en privado, na intimidade.

O problema solucionouse *de portas para dentro*, como se fai nas familias da nosa caste (414).

Estar ás portas. Estar moi próximo/a.

No ceo escuro retumbaron hórridos tronos [...] A tempestade *estaba ás portas* (36).

POTE

A pote. En abundancia.

Abriron máis barricas de ron e deixaron beber *a pote* a todo aquel que desexase divertirse (86).

POUCO, -A

Aos poucos. Cada pouco tempo; de xeito continuado pero lento.

—Así é Chavián. Xa vexo que che vai entrando o entendemento. —*Ós poucos*, si (292).

SIN: **Aos pouquiños**

PREGUNTAR

Se non é moito preguntar. Expresión usada para tratar de non molestar cunha pregunta indiscreta.

—*Se non é moito preguntar*, que buscaba vosa mercé alí? (272).

PRESA

Levantar a presa. Espantar ou quitarlle a un cazador a presa nunha cacería.
[...] pois calquera cazador queda burlado cando outro *lle levanta a presa* diante dos fociños (120).

PRÉSA

Ás présas. Moi rapidamente.

[...] o noso tesouro recoñecía ben, pois fora depositado *ás présas* na parte máis próxima a aquela porta (294).

SIN: **Á presa. A toda présa**

Unha présa do demo. Moita présa.

Foi unha luz que me alumeou cando estabamos a piques de embarcar, co capitán Smollett aburándonos *cunha présa do demo* (415).

PREZO

A prezo de ouro. A prezo moi alto.

[...] para a importación deste produto tan cobizado [...] e tan caro, pois había que pagalo *a prezo de ouro* (74).

SIN: **A peso de ouro**

PRIMEIRO, -A

De primeiras. Nun primeiro momento; ao principio.

De primeiras pensei que era Ben Gunn (219).

Non polas boas, claro, que as mulleres *de primeiras* sempre dicides que non (326).

PROA

A proa. Pola parte dianteira do barco.

Logo viramos a estribor e recibíunos *a proa* unha brisa intensa (117).

De súpeto vímonos obrigados a deternos en seco en canto se nos atra-vesou *a proa* [...] outro navío (119).

Vendo o medo da súa chusma, Saint-Syr achegouse *á proa* e fixo estralar a súa tralla (352).

De proa a popa. Todo ao longo dun barco (da parte de adiante á de atrás).

Caparémolos a todos, cona divina, e penduraremos os seus carallos nas vergas, *de proa a popa* e de arca a couso! (347).

[Na/Pola] **parte da proa.** Pola parte dianteira do barco.

Procure estar *pola proa*, o sitio natural dos mariñeiros rasos (213).

Todos tiñan [...] os ollos cravados *na parte da proa* (346).

Poñer proa. Dirixirse (unha embarcación) cara a un lugar.

—Hawke ordenou *poñer proa* ó encontro da frota inimiga (25).

PROVEITO

Facer algo de proveito. Facer algo útil.

Mágoa non estar alí agora; polo menos *facía algo de proveito* (295).

PRUDENCIA

Toda prudencia é pouca. Expresión que indica que cómpre ser moi precavido/a.

Toda prudencia era pouca (186).

PULSO

Non tremer o pulso. Non dubidar, non ter reparo, dó ou compaixón para facer algo inmoral ou delituoso.

Aqueles homes ós que nunca *lles tremera o pulso* para pasar polas armas a quen se lles puxese diante (320).

PUNTADA

Non dar puntada sen fío. Non facer nada sen esperar conseguir algo favorable.

E aínda máis se son comenenciudos ingleses que *nunca deron puntada sen fío!* (122).

Cando se trata de lobos, hai que desconfiar de todos, e os frades de Moraime *nunca deno puntada sen fío* (396).

Non perder puntada. Prestar moita atención para non perder detalle do que se di.

Ninguén perdía puntada da erudita explicación do noso fidalgo (402).

PUTA

Aínda á puta máis fina lle pode escapar un peido. Frase vulgar que expresa que aínda a persoa que se ten por máis lista e perfecta se pode enganar.

—Non me fodas, Gallardo! Ben sabes que *aínda á puta máis fina lle pode escapar un peido* (349).

Dunha puta vez. Expresión vulgar para esixir que algo se leve a cabo xa, definitivamente.

—Aquí remataron as túas argalladas, cativo do demo, morre *dunha puta vez!* (149).

—Calade todos *dunha puta vez*, que hai que collelos na allada! (349).

Baixade os remos *dunha puta vez* ou mallarei en vós sen dó (352).

Q

QUERER

Queira non queira / Queiran non queiran / Queiras non queiras. Á forza, inevitablemente.

Ese seu recado xa llo vai cantar ela, *queira non queira*. Non quixera estar no seu lugar (336).

—E terán que volver ó mar *queiran non queiran* (142).

Ese «cargamento» ímolo atopar *queiras non queiras*, Matusalén (122).

SIN: **Queira(n/s) que non. Queira(n/s) que non queira(n/s)**

Quererse coma rulas. Quererse moito.

Eses dous, a súa filla e o Chavián, *quérense coma dúas rulas* (387).

Quero eu. Expresión que se usa para reforzar unha afirmación.

Non ha, ho! *Quero eu* que non (369).

R

RABIA

Vermello de rabia. Moi anoxado.

—berrei *vermello de rabia* (144).

RABO

Co rabo entre as pernas. [Sentir] **o rabo entre as pernas.** Quedar acovardado, avergonzado ou humillado polo medo.

O temoneiro estremeceuse e, *co rabo entre as pernas* púxose ó leme (104).

Aqueles homes ós que nunca lle tremera o pulso para pasar polas armas [...] empezaban a sentir agora as cóxegas *do rabo entre as pernas* (320).

RAIO

Mal raio me/te/nos/vos parta! Tipo de imprecación ou maldición.

Non, non, *mal raio me parta!* —rectificou ó momento o chosco, nervioso (75).

SIN: **Malo raio me parta! Que me parta un raio!**

Mal raio te/vos escalace! Tipo de imprecación ou maldición.

Mal raio vos escalace a vós e a ese tesouro satánico! (363).

SIN: **Mal raio te/vos parta!**

RAÍZ

Botar raíces. Integramse por completo nun lugar.

O meu amigo *botara* fondas *raíces* no seu país de nacemento e ningunha forza humana podería arrincalo del (405).

RAMO

Poñerlle o ramo [a algo]. Darlle remate.

Que queden algúns aquí para axudarme a *poñerlle o ramo* á obra e os demais empezade xa co que cadaquén ten encomendado (312).

O mestre de obras xa *lle puxo o ramo* á súa obra. Mágoa de albaroque!
—dixo o Crego Sabio (328).

RÁPIDO

Máis rápido que á présa. Moi rápido.

Máis rápido que á présa cheguei ó principio da rampla de area (185).

RATEIRA

Caer na rateira. Caer na trampa.

E ben fachendosa estou de ser eu mesma quen te fixo *caer na rateira* (374).

RAXO

Como raxo...? Expresión utilizada cando non se recorda algo.

Como raxo continuaba a cántiga? (249).

SIN: **Como raio...?**

De que raxo...? Interrogación que denota impaciencia, desesperación ou ira.

De que raxo lles vas servir ós teus se te entregas? (182).

SIN: **De que raio...?**

Malo raxo a cona que o pariu! Expresión vulgar ou maldición que denota rexeitamento cara a unha persoa.

—Velaquí o tendes! *Malo raxo a cona que o pariu!* —berrou Tomé de Viseo— (388).

RAXOR

Ao raxor. Á primeira luz do día.

[...] pois seica os piratas van levar áncoras *ó raxor* da mañán (301).

[...] iremos descansar e continuaremos *ó raxor* do día (361).

—Mañán, á primeira *raxor* do día buscaremos por Mariña e Chavián (364).

RAZÓN

Dar razón [de algo ou de alguén]. Dar explicación ou información de algo ou de alguén.

[...] e se alguén viñese preguntando por Trillones ninguén *lle daría razón* (169).

Como perdera a memoria, nunca me soubo *dar razón* del [do medallón] (400).

Daquela, Sr. Trelawney, podería *darme razón* de quen era mi padre? (402).

Perder a razón. Tolear.

Perdiu a razón e tamén acabou crendo no meigallo do Trabeiro (275).

RECADO

Deixar un recado. *fig.* Avisar de maneira indirecta.

O doutor e mais eu pensamos que o finchado sarxento nos estaba *deixando un recado*, por se o noso barco non era o que aparentaba (54).

RECÚ

De recú. Cara a atrás.

O Chavián foi o primeiro en facelo [...] Como baixara *de recú* non se decatara [...] (412).

REDE

Caer na(s) rede(s). Caer na trampa.

Non fora o único en *caer nas súas redes* (24).

REGO

A regos. En abundancia.

Pois cerca da portuña notei unha calor moi forte que me fixo suar *a regos* (171).

SIN: **A rego**

Vir ao rego. Entrar en razón, convencerse dun erro.

[...] don Cristovo reviritou o fociño dubidando [...] pero [...] acabou por *vir ó rego* (301).

REGUEIFA

Cantar/Escoitar a regueifa. *fig.* Casar [a regueifa cantábase nos casamentos].

Non vai ser doado *escoitar a vosa regueifa* (248).

REI

[Estar] **coma un rei nunha cesta.** Estar moi feliz, moi satisfeito.

O almirante estaba *coma un rei nunha cesta* por ter achado a solución definitiva (407).

Nin rei nin roque. *fig.* Ninguén.

Abofé que chegaremos a tempo aínda que rebenten as bestas! E, se non é así, non vai quedar en pé *nin rei nin roque* (345).

RENTE(S)

A rentes. Polo nivel por onde empeza a sobresaír unha cousa; polo mesmo nivel que se expresa.

Mais [...], no preciso momento de pasar *a rentes* deste illote penedío, escoitouse un disparo de canón (118).

Descubrín na parte baixa un carreiro que me levou á bocana da cala, case *a rentes* do mar (372).

RIR

Rir a cachón. Rir moito repentinamente; rir ás gargalladas.

[...] o Chavián quedou co queixo na man e puido ver ó lonxe, na parte da popa, os dous piratas de garda *rindo a cachón* (192).

RISA / RISO

Escachar coa risa. Rir moito repentinamente; rir ás gargalladas.

Os dous piratas da cuberta fórono seguindo coa mirada, esperando a ocasión de *escacharen coa risa* (192).

Uns labregos que estaban sachando no millo *escacharon coa risa* cando lles preguntamos por aquel lugar (304).

SIN: **Escachar a rir. Rebentar coa risa**

Risa/Riso de coello. Riso/a falso/a, forzado/a ou astuto/a.

—Esta Ádega sempre fui medio marimacho, ghi, ghi! —comentou con *riso de coello* un dos que ían preto de min (358).

Agora el é tan fidalgo coma ela e todos felices, ghi, ghi! —respondeu Trelawney cunha *risiña de coello* (416).

ROGAR

Facerse de rogar. Mostrarse remiso a facer algo para que llo pidan con insistencia.

Veña, *non vos fagás de rogar!* (248).

ROLOS

A rolos. Dando voltas sobre si mesmo, xeralmente pendente abaixo.

Empuxei a un tempo as pedras do valado e provoqueei unha retumbante enxurrada de croios que baixaron *a rolos* pola pendente (153).

Fixose audible [...] o son seco do golpe pola caída do pedrolo no chan, que nun tristrás empezou a baixar *a rolos* pola pronunciada aba (342).

[...] pois se aquel voluminoso penedo non marchaba *a rolos* [...] quizais a anterior sarabiada de croios non servise de moito (360).

Botala logo *a rolos* pola pendente [...] xa foi arar no barbeito (361).

O seu corpo inerte baixou *a rolos* cara ó mar e quedou estomballado (376).

ROXO

Ao roxo. Cun grao moi alto de temperatura.

—A quen se lle ocorre tocar o rogado do forno! Xa vos dixen que o forno está *ó roxo* (173).

Ti pensas que se notaran que a pedra da entrada estaba fría ían crer que o forno estaba *ó roxo*? (173).

RUÍDO

[Recibir] **un bo ruído.** Levar unha reprimenda.

Farruca tamén recibiu *un bo ruído* por consentilo (255).

RULO, -A

Contento/a coma un rulo / unha rula. Moi contento, moi feliz.

—exclamou *contento coma un rulo*— (295).

RUMBO

A rumbo. Como cadre, desordenadamente.

O navío seguiu navegando *a rumbo*, case á valga, dirixido o seu leme ás toas polo sufrido Gray (39).

Non sei canto tempo andei *a rumbo* coa ansia de me afastar daquel lugar (365).

A foxa era única, ampla e fonda, e nela collían todos os cadáveres; mais non se colocaron *a rumbo* (394).

SIN: **Á ventura. Ao chou. Ás toas**

Enfilar o rumbo. Dirixir o rumbo dun barco.

[...] o que supoñía que en canto *enfilasen o rumbo* haberían de volver por alí (140).

RUXERRUXE

O ruxerruxe. (aquí) Murmurio.

Rematado *o ruxerruxe* xeral que orixinaran as súas palabras, o almirante continuou (405).

S

SABOR

Bo/Mal sabor. *fig.* Sensación de agrado/desagrado.

Quero quitarlles *o mal sabor* que lles deixou outra esmorga anterior (135).

SALTO

Salto mortal. O que se dá con perigo de morte ou cun resultado letal.

Aquela ‘pedra bailadora’ rematou os seus derradeiros pasos de danza cun *salto mortal* de preto de trescentos pés encol da cuberta do *An Ankou* (361).

SALVAR

[Estar] **a salvo.** Estar con vida, sen danos, fóra de perigo.

Empezo dicíndolle que Jim, o grumete *está a salvo* (194).

Sálvese quen poida! Que cadaquén procure a súa seguridade [berro que se dá cando se produce un perigo extremo de morte].

Ó final o capitán deu orde de que *se salvase quen puidese* (162).

SAN

San e salvo. Ileso, sen ningún dano.

En vendo que estaba *san e salvo* o fidalgo e o doutor alegráronse (39).

Ía contento, pois endexamais pensou en saír *san e salvo* daquel cuarto (81).

SANGUE

A sangue. Con extrema violencia física.

Vou facer agora o que debín ter feito, galdrapa: montarte *a sangue* e mandarte despois ó inferno! (375).

Arreguízarselle o sangue [a alguén]. *fig.* Ter calafríos ou tremer por causa do frío ou do medo.

[...] ó pensar que sufría alucinacións, pois o que acababa de ver *arreguízáralle o sangue* (356).

Callárselle o sangue [a alguén]. *fig.* Sufrir un gran susto ou perigo.

Callábaseme o sangue cada vez que se achegaba á beira [do abismo] para esculcar (287).

Ós tripulantes do bergantín *calloulles o sangue* nas veas cando viron que lles viña enriba unha moura nube negra (354).

SIN: **Xeárselle o sangue** [a alguén]

Chucharlle o sangue [a alguén]. Consumilo, deixalo sen medios de vida.

Pero non é así, pois as rendas e os trabucos dos labregos tamén manteñen uns intermediarios, os fidalgos, que *lles chuchan o sangue* (329).

Que nos sirva de estímulo para ir preparando unha longa loita contra outros piratas, os da terra, esas sambesugas que *chuchan o sangue* das vosas familias (361).

E non me refiro agora ós que disque provocan naufraxios, senón ós que *chuchan o sangue* das vosas familias con tantas rendas forais (396).

Cando escoitou falar dos que «*chuchan o sangue*» pensei que lle ían rebentar as veas do pescozo (329).

SIN: **Zugarlle o sangue**

Non chegar o sangue ao río. Non ser un conflito grave.

Así e todo, *o sangue non chegou ó río* (397).

Sangue frío. Dominio, autocontrol dos sentimentos e emocións.

[...] atopábase de pé na mesmísima beira do cantil mirando cara ó abismo mariño cun *sangue frío* que arrepiaba (295).

[...] plantouse diante da rapaza, que, en contra do esperado, o estaba agardando cun *sangue frío* abraiante (375).

Verter sangue. *fig.* Matar, causar a morte.

Ben sabe vosa mercé que son inimigo de *verter sangue* (124).

Xeárselle o sangue [a alguén]. *fig.* Sufrir un gran susto ou perigo.

O sangue quedoume *xeado* cando distinguín [...] un mouro pavillón cun esqueleto pintado (118).

SIN: **Callárselle o sangue** [a alguén]

SANGUMIÑOS

Comerlle os sangumiños [a alguén]. (aquí) *fig.* Ameazar; rifar violentamente.

Como se alporizara co prior de Moraime [...]! Cheguén a pensar que *lle comía os sangumiños*. Chamoulle apóstata da lingua! (308).

SANTO

Dar o santo e sinal. Dar o contrasinal, sinal para recoñecer certas persoas de forma clandestina.

Despois de *dar o santo e sinal*, nesta ocasión co movemento da man morta, levárono onda Lourenzo de Aboal (82).

SATÁN, SATANÁS

Esterco de Satán. Insulto de tipo relixioso contra algunha persoa considerada sacrílega ou irreverente.

Sabes a quen representa esta figura, *esterco de Satán*? (261).

Que Satanás me leve. Expresión de xuramento usada para reforzar unha afirmación.

—Polas barbas de Barrabás! *Que Satanás me leve* se non é o [...] *El Trueno*! (120).

SIN: **Que o demo me leve**

Voto a Satanás! Expresión que invoca a axuda do demo para conseguir algo.

Preparémonos, *voto a Satanás!* —berrou don Reimundo en voz baixa (332).

SECO

[Deterse/Parar] **en seco**. Deterse de maneira brusca e total.

[...] pois de súpeto vímonos obrigados a *deternos en seco* en canto se nos atravesou [...] outro navío (119).

Parei en seco en espera dun novo insulto dos seus (213).

SENTADA

Dunha sentada. Dunha soa vez.

O Chavián non daba creto ó que estaba escoitando: eran moitas novas *dunha sentada* (404).

SENTAR

Dar por sentado. Presupóñer, dar por certo sen máis indagacións.

Disque os piratas *dan por sentado* que todos os barcos levan o máis selecto dos seus cargamentos en lugares ocultos (122).

SENTIDO

Poñer os cinco sentidos. Atender con todo interese e atención posibles.

Poñendo os cinco sentidos para lembrar as últimas indicacións de Melania (304).

Recobrar o sentido. Recuperar a consciencia, volver do desmaio.

Aínda que medio atordados, os tres [piratas] xa *recobraran o sentido* (338).

Varrer do sentido. Esquecer por completo.

[...] non me podería esquecer, mais funme decatando de que había cousas que se me *varreran do sentido* e que me ía custar ferro e fariña recordalas (19).

Virárselle o sentido [a alguén]. Tolear; non razoar.

A ti *viróuseche o sentido*, rapaz! (182).

SENTIDO, -A

Estar sentido/a [por algo]. Estar arrepentido/a.

Se de certo *estás sentido* polo que nos fixeches (336).

SEU

De seu. [Precedido dun verbo]: pola propia inercia, de forma natural.

Ó seguir recuando, Chavián atopouse coa folla da porta que abriu *de seu* (255).

SI

Polo si ou polo non. Como medida de precaución.

Así e todo, *polo si ou polo non* hai orde de escorrentar os curiosos da volta do monte Cachelmo (279).

SIN: **Por se acaso**

SILENCIO

Romper co silencio. Empezar a falar.

Foi el o primeiro en *romper co silencio* (150).

Cando escoitou a orde de levala ó camarote, a fidalga comprendeu que era o momento de *romper co seu silencio* (319).

Silencio de morte. Silencio total que evoca a morte.

No mar había un *silencio de morte* (378).

SIN: **Silencio sepulcral**

Silencio sepulcral. Silencio total que evoca a morte.

Foi o sinal para que Saint-Syr ordenase que todos gardasen silencio, pero un silencio absoluto, *un silencio... sepulcral!!* (131).

O reverendo organizou as gardas [...] e, nun *silencio sepulcral*, todos nos dispuxemos a buscar un lugar para ver de pasar aquela mala noite (365).

SIN: **Silencio de morte**

SITIO

Poñer no seu sitio. Ameaza de poñer a alguén no lugar que por xustiza lle corresponde, por razón de xerarquía social ou por outro motivo.

Cando rematemos con este acto xusticeiro, *poñeremos tamén no seu sitio* os piratas da terra (307).

Quedar no sitio. Morrer no mesmo intre.

Que quede no sitio se esta non é a Árbore de Lawney! (399).

SOL

Coma un sol. Moi fermoso/a.

Vosa mercé é un home moi afortunado, pois ten unha filla *coma un sol* (386).

SIN: **Coma un caravel**

De sol a sol. Todo o día, do amencer á noite.

Os pobres dos labradores, despois de traballaren *de sol a sol*, descalzos de pé e perna (329).

Máis bonito/a ca un sol. Moi fermoso/a.

[...] vivía un conde cunha filla chamada Frolinda, *máis bonita ca un sol* (248).

SIN: **Máis bonito/a ca un caravel**

SOLERMA

Con renarte solerma. Con falsa afectividade.

—Benquerido capitán —dixo o Sr. Trelawney con inusual prudencia, pero *con renarte solerma* (32).

SONO

Coller o sono. Empezar a durmir.

El non pasaría fame como a súa familia, pensou ó cambiar de postura e *coller o sono* dunha vez (91).

SIN: **Pegar o sono. Prender no sono. Prender o sono**

Noite de sonos curtos. Noite na que se vai durmir pouco.

Será unha *noite de sonos curtos*, pois teremos que facer garda por rigorosas quendas para evitar sorpresas (46).

Pegar o sono. Empezar a durmir.

A Mingos de Alborés foille *pegando* por fin *o sono* (90).

SIN: **Coller o sono**

Prender no sono. Empezar a durmir.

Envolvínme nas roupas [...] e turrei por durmir, pero aínda tardei en *prender no sono* (365).

SIN: **Coller o sono**

Tomar o sono. Ser vencido polo sono, durmir.

Malia de delirio, finalmente acouguei e *toimei o sono* (366).

Quitar o sono. Perder o sono, quedar sen durmir.

—Chavián está contigo, espectro, no fondo do mar! Lisca e non me *quites o sono!* (366).

SOPA

Embebedarse coma sopas. Emborracharse por completo.

[...] varios tripulantes se lle insubordinaran, e que, malia os seus esforzos por impedilo, *se embebedaran coma sopas* (86).

SORRISO

Sorriso de orella a orella. Sorriso amplo e satisfactorio.

—Todo ó noso favor, capitán! —dixo o temoneiro Dos Santos *cun sorriso de orella a orella* (346).

Todo vai cadrando [...] —dixo o almirante *cun sorriso de orella a orella* (402).

SORTE

Estar botada a sorte. Estar decidido un asunto ou acontecemento.

—Non ten nin xeito nin pés o plan, pero *a sorte está botada* (301).

A sorte estaba botada: mirei cara ó noso vello armador e adiviñei no seu rostro a súa frustración (397).

SÚA

Saír coa súa. Conseguir o que se pretende; facer a súa vontade.

O capitán do *An Ankou* quedou satisfeito *por saír coa súa* (137).

SUAR

Suar coma un boi. Suar moito.

Súas coma un boi, compañeiro! Non me estraña, pois estamos na cora do día (183).

SIN: **Suar a fio**

SÚPETO

De súpeto. De maneira súbita, repentina.

A ledicia inicial [...] non durou, pois *de súpeto* vímonos obrigados a deternos en seco (119).

Deulle mil voltas á cabeza ata que, *de súpeto*, unha idea lostregante fixoa caer na conta (290).

Levantouse *de súpeto* unha forte axada de vento que nos houbo de arrebolrar ó abismo (299).

De súpeto, quitoulle o fachuco aceso a un dos mozos e marchou a fume de carozo (364).

SIN: **De súbito**

SUSPIRO

Nun suspiro. Moi rapidamente; nun intre.

Nun suspiro os xuramentos sacrílegos daqueles asasinados quedaron silenciados (149).

Vestinme *nun suspiro* (170).

Os abouxadores berros cesaron *nun suspiro* (268).

SIN: **Nun airiño de Deus. Nun abrir e pechar de ollos**

T

TÁBOA

Táboa de salvación. Último e único recurso.

Acollera como *táboa de salvación* a idea de asociarse a el (136).

TACADA

Dunha tacada. Cun único golpe.

Á de tres derrubamos *dunha tacada* toda a alta muralla (359).

TALLADA

[Haber/Quitar/Sacar/Tirar] **boa tallada.** Haber bo proveito ou beneficio.

Ben parvo es se non vas, pois, polas normas da Confraría, se hai *unha boa tallada* unha das mellores partes vai ser para ti (69).

«*La course est une loterie*» dicían os moinas pola *boa tallada* que sacaran dela (108).

TANTO

Estar ao tanto (de). Estar ao corrente; ter coñecemento de algo.

Ela xa *estaba ó tanto do* asalto sufrido (240).

Tanto ter. Dar igual, importar pouco.

A min *tanto me tiña* o apelido (169).

Para a miña idea, ó capitán do *An Ankou tanto lle ten* o que fagas (187).

—*Tanto ten*, Lourenzo! Coas bandeiras xa lles avisara ós nosos socios para que bombardeasen a goleta (324).

TARABELO, -A

Ser un/unha tarabelo/a. Ser unha persoa inqueda e inconstante, pouco asisada.

A culpa é toda dese Chavián do Vao [...], un cabeza de vento coma seu pai, que xa *era un tarabelo!* (345).

TARDE

Á caída da tarde. Ao atardecer.

O *An Ankou* apareceu *á caída da tarde* (207).

SIN: **Á caída do día. Ao empardecer. Ao escurecer**

TELLA

Virarille a tella [a alguén]. Volverse (medio) tolo.

Mágoa deste home; a soidade acaba *virándolle a tella* a calquera (21).

TEMA

Cambiar de tema. Falar doutra cousa.

O chamado Mascato secundou os risos do compañeiro, para logo *cam-biar de tema* (142).

TEMPO

A tempo. Antes de que sexa demasiado tarde.

Quero pensar que aínda estamos *a tempo*, non si? (362).

[Durar/levar] **o seu tempo**. Durar un tempo apreciable.

O traslado durou *o seu tempo* (138).

Levoulle *o seu tempo* facelo, pois só viña traballar cando fungaba o vento (228).

En tempo. No momento oportuno.

Organizádevos para poder acabar *en tempo* e podermos recibir como é debido os hóspedes que esperamos (310).

SIN: **A tempo**

Facer tempo. Entreter, enredar mentres chega o momento oportuno.

Veu dar aviso ós ingleses, pero, como lle saíron as contas furadas, agora está *facendo tempo* (321).

Faltar tempo. Darse présa; acudir con demasiada presteza ou prontitude.

Ó abrir o día, os veciños do lugar [...] *faltoulles tempo* para acudiren aló (162).

Faltoulles tempo a todas esas pandorcas para nos iren acusar de bruxas ante o Santo Oficio (276).

Gañar tempo. Facer que o tempo corra para favorecer os intereses de alguén.

Xa *gañara* bastante *tempo* co seu temerario enfrontamento con Saint-Syr (319).

Non era sen tempo. Expresión que indica que se levaba tempo agardando algo ou que se tardou moito en realizar.

Non era sen tempo, pois os piratas van levar áncoras ó raxor da mañán (301).

Ás veces o noso Señorío tamén castiga os malos; *non era sen tempo* (309).

SIN: **Non sen tempo**

Sen tempo de folga. Sen descanso.

Traballamos *sen tempo de folga* (138).

Tempo e tempo. Moito tempo.

Mingos estivo falando comigo *tempo e tempo* sen que eu lle volvесе dirixir a palabra (218).

Supuxen que se deixara maltratar *tempo e tempo* antes de revelar a que viñera á goleta (338).

Ter o tempo contado. Ter pouco tempo.

Perdoe, pero *temos o tempo contado* (194).

TER

Que máis ten. Non importa; dá igual.

—E se non fose así [...], *que máis ten*, Livesey! Mire o lado bo e morra o conto (419).

SIN: **Tanto ter**

Ter para si que. Dar por seguro; coidar, opinar.

—*Teño para min que* foi o Dr. Livesey (158).

Quedamos de ir falando, pero *teño para min que* lles parece pouco o dote (411).

Teño para min que tampouco deixaría pasar a oportunidade de contemplar o vedraño carballo (418).

TERRA

Na terra do demo hai que facer outro tanto. Refrán ou máxima que recomenda facer o mesmo que fan todos en sitios que un descoñece.

—E de que von vivir, logo? Andar á pedicha non é o meu [...] «*Na terra do demo hai que facer outro tanto*», xa o dicía miña avoa (90).

Tragar a terra. Desaparecer sen deixar rastro; morrer.

Desexei que me *tragase a terra* (363).

TINO

Andar con tino. Andar con precaución.

Non me esfraguei de milagre cando botei a correr [...] Despois *andei con máis tino* (371).

TIRO

[Distar] **un tiro de fusil.** Á distancia que marca un disparo de fusil.

A fortaleza, que estreitaba a boca do porto e distaba da cidade *un tiro de fusil* (102).

Ter a tiro. Ao alcance dunha arma.

Non paredes ata que *teñamos a tiro* eses espantallos (351).

TOAS

Ás toas. De forma incontrolada.

O navío seguiu navegando a rumbo, case á valga, dirixido o seu leme *ás toas* polo sufrido Gray (39).

Despois, que Saint-Syr se tornase tan imprudente como para levar áncoras *ás toas* (335).

SIN: **Á toa. A rumbo**

TOLO, -A

Ás tolas. Sen control, sen tino, de maneira irreflexiva.

—Razoa vosa mercé *ás tolas* —contestou o do anteface— (203).

SIN: **O tolo**

[Andar/Estar] **tol/a** [por alguén]. Estar moi namorado/a desa persoa.

Eu *andaba toliña* por aquel estranxeiro tan feitoño (164).

Estaba toliña por el. Meus pais, Chavián e Pascua, xa se decataran diso (166).

Volverse (medio) tol/a. Tolear, enlouquecer. *Fig.* Estar fóra de si.

O Chavián *volviuse medio tolo* coa mala nova e marchou levado da breca (368).

TOMAR

Tomara que... Expresa desexo [expresión do portugués brasileiro, aínda que se escoita tamén polo Baixo Miño].

Tomara eu que arderas eternamente no lume infernal co Gran Castrón, malvado! (215).

SIN: **Quen me dera**

TORRE

Non deixar torre ergueita. *fig.* Desacreditar agrememente un grupo ou número determinado de persoas.

Quedamos pensando nas palabras do sacerdote, decidido a *non deixar torre ergueita* contra o estamento da fidalguía (306).

TORTO, -A

Á torta e á dereita. Por un lado e polo outro, con razón ou sen ela.

Cando notou que a egua xa lle obedecía [...] empezou a zorregarlle coa fusta *á torta e á dereita* para poñela ó trote (71).

TRAPO

A todo trapo. [Aplicado a barcos de vela], coas velas despregadas; a toda velocidade.

Había que ver o navío navegar enfonchado *a todo trapo*, coas amplas velas baixas ben infladas (105).

A estribor [...] *fixose visible a fugaz silueta do velame dun navío que se dirixía a todo trapo* cara a nós (118).

O *An Ankou* [...] observou con sorpresa a nosa inesperada detención, pero seguiu vogando *a todo trapo* (120).

O *An Ankou* romperá amarras *a todo trapo*, e a goleta fará o propio despois (302).

Recoller trapo. Recoller velas unha embarcación.

Seguindo a rilla da auga ía a *Hispaniola*; o capitán Smollet, cauto, optou por *recoller trapo* (346).

TRATAMENTO

Tratamento de respecto. O que se lle dá a unha persoa máis vella ou de superior categoría.

—Pronunciou, *mon... maître* —respondeu Saint-Syr entre dentes, consciente de que ó seu interlocutor lle agradaba ese *tratamento de respecto* (93).

TRATO

Ter trato [con alguén]. Ter relacións de amizade.

Acúsanme [...], sobre todo, de que *teño trato* con Belcebú (308).

TRES

A de tres. Despois de contar ata tres.

Á de tres derrubamos dunha tacada toda a alta muralla (359).

TRIGO

Non ser trigo limpo. Non ser de conduta íntegra.

[...] estes homes que temos ó xornal empezan a darme mala espiña.

Non todos son trigo limpo (116).

Isto non pinta nada bo. Vós *non sodes trigo limpo* (268).

TRIPA(S)

Facer de tripas corazón. Esforzarse moito por facer algo que repugna.

Facendo de tripas corazón considerei que me sería máis útil tirarlle un pouco máis da lingua ó bandallo (215).

Furar as tripas. *fig.* (aquí) Matar con arma branca.

—Do que houbo no acantilado no momento en que os dous piratas me ían *furar as tripas* (153).

TRISTRÁS

Nun tristrás. Rapidamente, con celeridade.

Fíxose audible en toda a redonda o son seco do golpe producido pola caída dun afusado pedrolo, que *nun tristrás* empezou a baixar a rolos (342).

SIN: **Nun tris.** **Nun intre**

TURTULLO

[Sentir] **un turtullo no corpo.** Estar inqueda por algunha preocupación.

Aínda que todos calaban, algúns dos bucaneiros empezaron a *sentir un turtullo no corpo* (348).

U

UNHA

A unha. Ao mesmo tempo, de maneira unánime.

—Ouuuummmm! —berramos todos *a unha* (360).

SIN: **Ao unísono**

UNÍSONO

Ao unísono. Ao mesmo tempo, de maneira unánime.

—Ouuuummmm! —unha vez máis *ó unísono* (360).

SIN: **A unha**

UNLLA, UÑA

A uña/unlla de cabalo. Cabalgando a toda présa.

—Irénn eu mesmo abortar ese diabólico plan! [...] Vamos, Silvestre, *a uña de cabalo!* (245).

Viñemos eu e mais Silvestre *a unlla de cabalo* para que non se leve a cabo o plan (368).

[Montar] **ás catro unllas.** Acto que se realiza apoiándose nas catro extremidades.

Ó final acáballes gustando a todas a monta *ás catro unllas* (318).

Con que estás de acordo? Con que te monte *ás catro unllas*, poldriña? (319).

V

VADE RETRO

Vade retro [Satanás]. ‘Retrocede [Satanás]’, expresión latina que se emprega para rexear algo que se presenta como tentador.

—*Vade retro!* Non quero vevos choída en convento ningún, entre monxas e cregos inmundos (258).

VAGA

Vaga de mar campal. Onda moi violenta [expresión fisterrá].

Un ‘quebranto’ é *unha vaga de mar campal* nunha tormenta (51).

VALGA

Á valga. Sen goberno, á deriva [referido a unha embarcación].

O navío seguiu navegando a rumbo, case *á valga*, dirixido o seu leme ás toas polo sufrido Gray (39).

VELLO, -A

De vello. De moito tempo atrás.

Daba gusto ver parolar [...] aquela parella de homes fisicamente tan opostos [...] coma se se coñecesen *de vello* (53).

VENCER

Darse por vencido. Renunciar á loita ou desistir dun empeño ao non ver posibilidades de éxito.

Xa case me *dera por vencido* (403).

VENTAR

Ventar un cifral. Ventar moitísimo [expresión fisterrá].

—Tivo que ser terrible o vendaval de onte —dixo un mariñeiro— pois se por aquí *ventaba un cifral*, no mar non debía caber o vento (50).

VENTO

Marchar con vento fresco. Escapar sen ningún dano.

Non imos permitir que a goleta *marche con vento fresco* (202).

Non caber o vento. Ir moitísimo vento, case un furacán [expresión fisterrá].

—Tivo que ser terrible o vendaval de onte —dixo un mariñeiro— pois se por aquí *ventaba un cifral*, no mar *non debía caber o vento* (50).

Ter vento en popa. Co vento a favor [unha embarcación].

—Este vento do nordés vains favorecer, René [...] Iso quere dicir que imos *ter vento en popa* (324).

VENTURA

Á ventura. Sen rumbo fixo.

Deixámonos ir *á ventura* empuxados polo vento (40).

SIN: **A rumbo. Ás toas**

VER

[Estar/Quedar/Seguir] **a velas vir.** Estar sen facer nada a ver que pasa.

[...] e como che enganche levántache o barco polo medio e medio e *quedas a velas vir* (51).

Matarannos, pero *quedarán a velas vir* (125).

—Esquéceste dos piratas que fan garda [...] e de que o barco pirata que quedase non *estaría a velas vir* (241).

Pero que raxo facés aí *a velas vir*? (312).

Ou o plan do rapaz, que xa está en marcha, ou *seguir a velas vir* (336).

Vela e non vela. Moi rápido, nun intre.

Foi *vela e non vela* pero pareceulle que fuxía escorrentada chorando a fío (78).

SIN: **Nun suspiro. Nun airiño de Deus**

VERME

Co verme no corpo. Sentir inquietude; non ter acougo.

—Ten que perdoarme [...] —atinou a responder *co verme no corpo*— (404).

VIDA

Deberlle a vida [a alguén]. Ser salvado da morte por unha persoa.

Media cidade *lle debía a vida*, pois fixera un grande esforzo para non subir os prezos do gran (111).

Custar vidas. Causar mortes.

[...] non levar máis do que nos corresponde: o tesouro conquistado nunha illa perdida no océano, onde *custara vidas* (390).

Irlle a vida [en algo a alguén]. Considerar algo de importancia vital.

Perdoa que insista, pero é que niso *vai-me a vida* (405).

[Pasar] **a mellor vida.** (aquí) Esquecer, morrer.

[...] os meus momentos heroicos estaban *pasando a mellor vida* (243).

Salvar a vida. Librar da morte.

Pero non me pesa, pois serviu para *salvar a vida* dun compatriota (154).

Vender cara a vida. Defendese ata a morte.

Prepareime para *vender cara a miña vida*, pero non tiña outras armas (148).

VIEIRO

Andar por vieiros retortos. Ir por mal camiño, levar unha vida errada moralmente.

Quizais porque o santo titular da freguesía tamén *andara por vieiros retortos* antes de vir ó camiño recto (305).

SIN: **Camiño torto**

VIMBIO

Tremer coma un vimbio. Tremer moito, de frío ou de medo.

Desculpouse *tremendo coma un vimbio* (83).

VR

Ser un víndeo ver. Algo moi bo, incomparable.

Érache un víndeo ver á porta da vila: un esvelto valado de buratos que se mantiña en pé [...] (154).

VIRAR

Virar en redondo. Dar a volta completa [sobre todo unha embarcación].
Remeiros, *virade en redondo!* Volvemos a terra (407).

VISTA

Facer a vista gorda. Facer coma quen que non se ve algo que se quere disimular ou desculpar.
Ben que me alegrei cando o aluado Ben Gunn *fixera a vista gorda* e o deixara fuxir do barco (27).

VITORIA

Vitoria pírrica. Vitoria con máis perdas e danos que beneficios.
Vaia vitoria máis tristeira! Unha ridícula *vitoria pírrica*, con máis danos que beneficios! (365).

VIXÍO

[Quedar] **ao vixío.** Manter unha actitude vixilante.
Así quedaría só un navío *ó vixío* nos coídos (241).

VOLTA

Darlle a volta ao follado. Virar o dereito do revés; interpretar ao contrario do que se pensaba.
Sabedor disto, o meu devanceiro *deulle a volta ó follado*: a serpe é aquí a parte boa (292).

Dar media volta. Poñerse en sentido oposto ao que se levaba.
Xa podes *dar media volta* (313).
[...] fixo que *dese media volta* e se afastase do grupo (397).
E con estas palabras, *deu media volta* e marchou en dirección ó bote que nos estaba esperando (406).

Darlle (mil) voltas á cabeza. Sopesalo moito.
Pensou para os seus adentros e *non lle deu máis voltas á cabeza* (91).
Mentres eu *lle daba voltas á cabeza* Saint-Syr e o seu asociado mantiñan unha conversa fóra da nosa vista (209).
Deulle mil voltas á cabeza ata que, de súpeto, unha idea lostregante fixoa caer na conta (290).
Jim sabe que toda esta mañá andei *dándolle voltas* a todo isto (403).
Des que falou del non paro de *darlle voltas á cabeza* (413).

Non ter volta de folla. Ser incontestable.
Pois seguramente é nela onde se abre a porta da perdición; iso si que *non ten volta de folla* (281).
SIN: **Non haber volta de folla. Sen volta de folla**

VOTO

Facer votos. (aquí) Expresar un desexo.

Fago votos porque non teña que loitar contra o exército patrio do seu proxenitor (387).

Todos *fixemos votos* por iso, eu máis ca ninguén, pois os meus mellores amigos quedaban [...] na Costa do Solpor do reino de Galicia (420).

VOZ

Alzar a voz. Falar alto.

«*Away, away! God will provide!*» berrou Smollett *sen alzar* moito *a voz* (117).

Con voz contida. Voz moi baixa, case inaudible (por precaución).

—Abonda xa de contos de velllas [...], berrou, esgorxándose pero *con voz contida*, René de Saint-Syr (351).

En voz baixa. Falando baixo, de maneira pouco audible.

—Entendín a súa artimaña, amigo Livesey —díxome *en voz* moi *baixa* e mirando de esguello para comprobar que estabamos sós— (213).

Preparémonos, voto a Satanás! —berrou don Reimundo *en voz baixa* (332).

Voz apagada. Voz moi baixa, case imperceptible.

Tales eran os berros que eu profería desde o meu agocho con prudente *voz apagada* (223).

Por todos os demos do inferno! —exclamou con *voz apagada* (259).

—Aínda non se decatou vosa mercé? —cortou o estrábico con *voz apagada* (336).

Voz celestial. Voz moi melodiosa.

[O trovador] tiña unha *voz celestial* (248).

X

XAN

Digoche Xan, enténdeme Pedro. Refrán ou máxima para advertir de maneira indirecta.

O Chavián mantívose en silencio, humillado por aquelas ferintes palabras que máis ían dirixidas a el que a ela: «*Digoche Xan, enténdeme Pedro*» (257).

XEITO

Non ter nin xeito nin pés. Non ter razón de ser; non ser razoable.

Non ten nin xeito nin pés o plan, pero a sorte está botada (301).

SIN: **Non levar xeito**

Ao seu xeito. Á súa maneira, ao seu saber e entender.

O Chavián e a súa nai pronunciárono cada un *ó seu xeito*, pero non sabían como se escribía no noso idioma (392).

Ao xeito. [Precedido de verbo]: da forma adecuada.

Deixádemo no camarote *ó xeito*: atado de pés e mans ó leito e ben estricado boca abaixo (144).

Mentres trataba de enxugar as bágoas, cadroume *ó xeito* ver de esguello o seu medallón (398).

XEO

Romper o xeo. Iniciar un diálogo ou conversa, sobre todo en persoas que non se coñecen.

O noso fidalgo *rompeu o xeo* pronunciando unhas palabras (48).

XOGAR

Xogar forte. Arriscar moito.

Xogou forte vosa mercé (416).

XOGO

Ser un xogo de nenos. Ser unha actividade doada de levar a cabo.

Non teñas medo, ho, que isto *é un xogo de nenos* (185).

XUDAS

[Ser un] **Xudas.** Ser un traidor.

—Ti es o traidor que subiu a bordo en Fisterra para nos delatar. A que vés, *Xudas?* (215).

XUGO

Facer bo xugo. Conxeniarse, entenderse ben.

[...] mozos e mozas, *facendo bo xugo*, formaron unha longa fileira que baixaba ó nesgo (310).

XUNCRAS

Voto a Xuncras! Xuramento que invoca eufemisticamente a Xudas, nome maldito.

Nin que fose o do noso pavillón, *voto a Xuncras!* —exclamou o Alacrán (350).

XURAMENTO

Rosario de xuramentos. Xuramentos encadeados.

—exclamou o Alacrán ceibando *un rosario de xuramentos*— (350).

XURAR

Xurar pola memoria [de alguén]. Xuramento que reforza unha afirmación.

—*Xúrollo pola memoria* de mi madre —díxome pasando ó seu idioma (216).

Xuro pola memoria de mi padre que algún día construirei unha obra comparable á súa! (231).

2.2. *Expresións tomadas do inglés*

A quiet flash in the pan (375). Chispazo inútil. Fallo no disparador dunha arma.

All hands on deck! (29 e 413). Toda a tripulación a cuberta! Berro para chamar a tripulación ao traballo a bordo dun barco.

Away, away! (30 e 117). Avante, avante! Orde para que un barco levante áncoras ou para que avance con présa.

Dr. Livesey, I presume? (193). O doutor Livesey, supoño? Frase inspirada na lendaria do xornalista Henry M. Stanley cando se atopou en 1871 co doutor Livingstone, na selva africana.

God bless us! (30). Que Deus nos bendiga!

God will provide! (117). Deus proverá!

Heave-to! (120). Ao pairo!

Mayday, mayday! (192). Socorro! Sinal para pedir axuda.

Of course [the Oak-tree of Lawney!] (400). E logo! [o Carballo de Lawney].

When I take the earth bath (17). Cando tome o baño de terra. Cando eu morra.

2.3. *Expresións tomadas do francés*

D'accord, mon maître (209). De acordo, meu señor / meu amo.

En avant, en avant! (104). Avante, avante!

Il est de Saint-Malo; il entend à demi-mot (93). É de St.-Malo; entende as medias palabras. Máxima dos habitantes de St.-Malo, para mostraren a súa agudeza nos negocios.

La course est une loterie (108). Andar ao curso é unha lotería.

Ni français ni breton; malouin suis (93). Non son nin francés nin bretón; só maluíno. Máxima localista dos habitantes da cidade de St.-Malo, para reivindicar a súa independencia da Bretaña e de Francia.

2.4. *Expresions tomadas do bretón*

Yao, yao! (104). Avante, avante!

2.5. *Expresións tomadas do córnico*

Nyns yw marow Mygthern Arthur! (132). O rei Artur non morreu! Histórico berro de guerra dos córnicos, coa esperanza de que o mítico rei Artur regrese para recuperar o seu reino.

3. Algunhas perífrases verbais

Dar en + INFINITIVO. Perífrase verbal que indica que se toma unha decisión; acabar por.

Como non conviña demorar máis a cousa [...] *dei en dicir* [...] que fixeramos unha boa travesía (17).

Dera eu en pensar que o armador e almirante [...] estaría matinando (21).

O do anteface *deu en pensar* que, en realidade, a el tanto lle tiña o que fixese o Denociña (136).

Algúns mal pensados *deno en dicir* que o *Neupor* era un barco de contrabandos (164).

[...] e remexeron en todo ata que ó chegares ti, Chavián, *deron en marchar* (240).

Pero *dera en pensar* que preferían estar xuntos (391).

O doutor *deu en calar*, considerando que o seu interrogatorio acabara amolando o seu amigo (419).

[Non] dar + PARTICIPIO. Perífrase verbal que significa ‘[non] ser capaz de’.

Non o daba quitado do sentido (22).

—Parece un zapato [...] —dixen cando *dei centrado* a lente do telescopio (30).

Eles saben ben onde nos atopamos; se *non damos chegado* a tempo virán investigar e falarán co cónsul británico (126).

O lume aínda *non dera chegado* ós seus encerros (131).

O Chavián íame traducindo polo baixo a cada pouco o que eu *non daba entendido* (162).

Mi padre e mi madre consentino que Alfred permanecese na nosa casa mentres *non daba recobrado* a memoria (164).

Eu, nervioso e inqueda, *non me daba remexido* no tallo en que estaba sentado (166).

Arrastrándome *dei metido* todo o corpo dentro do forno, axudado polo Chavián (171).

—Non ho! Nin todos os da parroquia xuntos *o darían feito!* (179).
[...] pero aínda *non dei identificado* o lugar amentado (196).
A ver se Jim lembra a conversa da bodega e *damos localizado* o tesouro (196).
Disque non hai cova de meiga que non teña un agochado, pero aínda falta o primeiro que o *dese atopado* (210).
Así que marchano, andén a buscar unha entrada á cova, pero *non a den atopado* (278).

Haber de (p. en pasado) + INFINITIVO. Perífrase verbal que significa ‘estar a punto de’.

Houben de quedar durmido outra vez, e fixen por espelirme (140).
Como lle saltou á gorxa o vellouco da casaca azul, cona bendita. *Houbo de esganalo* (141).
Houben de me marear con tan só mirar cara a abaixo! Baixar por alí era talmente un suicidio! (184).
Cando despois apareceu polo camiño *non o houben de coñecer*, pois parecía un mendigo miserento (188).
Houben de esbirrar cando o escultor estaba berrando con eles. —Se o chegás a facer, os piratas brincan arrepiaados ó río (263).
Levantouse de súpeto unha forte axada de vento que nos *houbo de arrebolrar* ó abismo (299).
[...] interrompido por un refacho de vento descomunal [...] que fixo abanear o barco e *houbo de arrebolrar* a Saint-Syr pola borda, salvándose grazas a que se asiu a un cabo con rapidez (355).
—Alegreime de que todo saíse ben e mesmo *houben de botar* un berro de alegría [...] Pero contívenme (367).
O Sr. Trelawney recibíume coma un pai, cunha aperta tan forte que me *houbo de deixar* sen alento (369).

4. Conclusións

Poñémoslle o ramo a este traballo co que pretendemos poñer en valor a riqueza fraseolóxica que aparece na novela *Costa do Solpor*. Na actual prosa literaria galega é difícil atopar unha obra cunha abundancia de ditos e expresións tan enxebres, sen seren frases calcadas do castelán. Mais ao mesmo tempo queremos que sirva esta análise que facemos dunha novela de máis de 400 páxinas para poñer o foco nun grave problema da nosa literatura, como é o da

mingua da calidade léxica das obras, que se ve sobre todo reflectida no campo da fraseoloxía.

Pódese dicir que a fraseoloxía é a alma da lingua, a expresión máis fonda da maneira de ver o mundo, do xeito de pensar e das vivencias históricas dun pobo. Volvo de novo sobre o discurso de ingreso na RAG de Xesús Ferro Ruibal (1996) no que el xa advertía sobre a “crise na literatura” hai un cuarto de século. El achacaba esa crise a catro factores: á mocidade dos escritores de hoxe (“a aprendizaxe da fraseoloxía é lenta porque depende da transmisión oral”), a que o escritor busca un lector urbano (e como parte das nosas expresións remiten “a un contexto cultural que xa non lle parece actual porque non é aquel no que viven os seus presuntos lectores, coída que se arrisca a usar expresións que lles resulten opacas”), a que o propio escritor vive nun ambiente urbano e carece de experiencia rural ou mariñeira, e como último motivo sinalaba a falta de ferramentas necesarias para o escritor (dicionarios e repertorios fraseolóxicos).

Pois ben, en vinte e cinco anos a situación mudou e o problema non só non se arranxou, senón que empeorou. Hoxe en día contamos cun amplo material lexicográfico a disposición do público, pero a fraseoloxía propia do galego nesta última década é cada vez máis escasa nos nosos escritores. A escusa tantas veces posta de manifesto de que as expresións remiten a xente vella e do rural implica un descoñecemento da nosa lingua oral na actualidade, que, máis alá da que podemos apreciar nos escasos medios de comunicación que a empregan, segue a ser rica na creación de novas frases feitas, acordos cos tempos que nos tocan vivir.

Porque a fraseoloxía de calquera lingua vai da man das vivencias da xente, e todos os días se vai renovando o seu corpus e moitas expresións han de quedar fixadas como quedaron sempre: pola comprensión entre emisor e receptor e polo seu uso. E esta é unha tarefa que moitos dos escritores actuais parecen non querer asumir, coma se a cuestión fraseolóxica fose irrelevante. Por iso nos congratula tanto atopar unha obra como esta de Xosé María Lema, que é hoxe en día unha gozosa excepción, e isto é o que quixemos poñer de relevo nesta achega.

5. Bibliografía

- Baña Pose, Xosé (2005). *As historias de Pepe de Xan Baña. A obra de Xosé Baña Pose*. Santa Comba: tresCtres Editores. Edición de Xosé María Rei Lema.
- Cadernos de fraseoloxía galega* (2000-). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dirixida por Xesús Ferro Ruibal (2000-2015); Isabel González (2015-2018) e Manuel González (2018-). Disponible en <http://www.cirp.gal/cfg>
- Carballeira Anllo, Xosé María, coord. (2009). *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Feixó Cid, Xosé, coord. (2007). *Dicionario fraseolóxico castelán-galego e de correspondencias galego-castelán Século 21*. Vigo: Galaxia; Vilaboa: Edicións do Cumio.
- Fernández Rei, Francisco (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Rei, Francisco (2013). Aventuras do mar e da terra en “Costa do Solpor”. *A Trabe de Ouro*. 93, pp. 99-104.
- Ferro Ruibal, Xesús (1996). *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.132>
- García González, Constantino e González González, Manuel, dirs. (2004). *Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega e Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- González González, Manuel, dir. (2012). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en: <https://academia.gal/dicionario>
- López Taboada, Carme e Soto Arias, María do Rosario (1995). *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. A Coruña: GaliNova.
- López Taboada, Carme e Soto Arias, María do Rosario (2008). *Dicionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- López Taboada, Carme e Soto Arias, María do Rosario (2020). *Dicionario de fraseoloxía. Galego-castelán. Castelán-galego*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- Losada Aldrey, M.^a Carmen, Cid Fernández, Alba e Fernández Carballido, Xurxo (2016). *Para dar trela. Manuel práctico de fraseoloxía galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Pena, Xosé Antonio (2001). *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Rivas, Paco (2005). *Diccionario fraseolóxico do mar. Así falan os mariñaos*. Vigo: A Nosa Terra.
- Rivas, Paco (2015). *De punta a chicote. Así falan os mariñaos (locucións, ditos, refráns e outras combinacións frecuentes)*. Ponte Caldelas: Cumio.
- Romero Lema, Francisco (2000). *Vocabulario de Soneira. Cadernos de Lingua*. Anexo 6. A Coruña: Real Academia Galega. Edición e notas de Xosé María Rei Lema. Dispoñible en <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/155>

OLA, SEÑOR, DÁSME O LIBRO? ADQUISICIÓN DE ESTRATEXIAS DE CORTESÍA EN GALEGO

Tamara Rial Montes

Instituto da Lingua Galega
tamara.rial.montes@gmail.com

Resumo: A cortesía é unha competencia pragmática clave para o dominio dunha lingua e a súa adquisición é un proceso que comeza na primeira infancia pero que non se completa ata a adolescencia. Á súa vez, as peticións constitúen un dos actos de fala que máis requiren da cortesía, posto que supoñen unha ameaza para o destinatario, o que leva á necesidade de empregar mecanismos que atenúen esta ameaza, para así preservar as relacións sociais e o bo desenvolvemento do intercambio comunicativo.

Neste traballo estúdase o proceso de adquisición das estratexias de cortesía nas peticións por parte dos nenos e nenas galegofalantes, dende os catro ata os doce anos. Para isto, pártese dun traballo de campo que permitiu crear un corpus dun total de 504 peticións formuladas por 21 informantes divididos en tres grupos de idade diferentes. Análizanse, a partir deste corpus, cales son as principais estratexias de cortesía empregadas, que variables parecen incidir no emprego dunhas ou doutras estratexias e en que medida inflúen certos factores como a idade e o sexo das persoas informantes.

Palabras chave: cortesía, petición, competencia pragmática, infancia, lingua galega.

Title: *Hi, Sir, can I have the book?* Acquisition of politeness strategies in Galician language.

Abstract: Politeness is a key pragmatic competence for mastering a language and its acquisition is a process that begins in early childhood but it is not completed until adolescence. In addition, requests are one of the most demanding acts of politeness, since they pose a threat to the recipient, which leads to the need to use mechanisms to mitigate this threat, in order to preserve social

relations and the proper development of the communicative exchange.

This work studies the process of acquiring the politeness strategies in the requests by Galician-speaking boys and girls, from the age of four to twelve. For this, we start from a fieldwork that allowed us to create a corpus of a total of 504 requests made by 21 informants divided into three different age groups. We analyse, from this corpus, which are the main politeness strategies used, as well as which variables seem to affect the use of one or other strategies and to what extent certain factors such as the age and sex of the informants.

Key words: politeness, request, pragmatic competence, childhood, Galician language.

1. Introducción

Unha conversa é unha forma de comunicación entre persoas nunha determinada situación, polo que vai máis alá do encadeamento de sucesivas construcións lingüísticas, xa que implica a necesidade de poñer en relación a lingua co seu contexto de uso. Ademais, os participantes dunha conversa adoitan desexar que a interacción se desenvolva de forma agradable, polo que se ven na obriga de empregar códigos de conduta considerados como correctos polo grupo sociocultural no que se integran, favorecendo así o intercambio comunicativo e as relacións sociais. É aquí onde entra en xogo a cortesía, obxecto de estudo deste traballo, que é entendida como “rational behaviour aimed at the strategic softening (or mitigation) of face-threatening acts” (Brown e Levinson 1987, p. 15), é dicir, como un comportamento consciente destinado a controlar a agresividade nas interaccións.

Neste traballo estúdase a cortesía nas peticións, uns actos de fala cuxo interese vén motivado pola ameaza que supoñen para o destinatario, o que leva á necesidade de botar man dos mecanismos da cortesía para preservar as relacións sociais e o bo desenvolvemento do intercambio comunicativo.

A pragmática e, con ela, a cortesía, é unha competencia que os falantes adquiren durante a infancia de forma progresiva. Diversos

estudos –entre os que destaca o de Ervin-Tripp, Guo e Lampert (1990)– demostraron que as bases da cortesía se asentan entre os 2 e os 5 anos, pero o desenvolvemento pleno desta competencia non se dá até a adolescencia e, incluso neste momento, non pode considerarse como un proceso acabado. Este é, xustamente, un dos puntos de interese deste traballo, que busca analizar o proceso polo cal as nenas e os nenos galegofalantes adquiren as estratexias de cortesía empregadas nas peticións, o que, ademais, permite poñer de manifesto as súas habilidades sociais e cognoscitivas (Solé e Soler 2005, p. 161).

Malia ter sido a cortesía o centro de numerosas investigacións lingüísticas nas últimas décadas, existe un importante baleiro neste campo nos estudos lingüísticos galegos. Destacan neste sentido os traballos de Piccardi (2004), Fernández López (2007-08 e 2009) e Moreda Leirado (2007). Deste xeito, o presente traballo pretende achegar unha pequena contribución a este campo de estudo.

Os principais obxectivos, por tanto, radican no estudo das estruturas lingüísticas preferidas polas nenas e nenos galegofalantes para levaren a cabo unha petición. Ademais, analízase tamén o peso de certas variables sociais e contextuais (familiaridade, poder relativo e custo da petición) na escolla dunhas ou doutras estratexias, así como a relevancia dos factores da idade e do sexo, tendo en conta sempre a importancia das diferenzas individuais. Para isto, pártese dun corpus de peticións formuladas por un total de 21 nenas e nenos agrupados en tres grupos de idade (4-5 anos, 7-9 anos e 11-13 anos).

2. Marco teórico

O concepto de *cortesía lingüística* naceu nos anos 70 do pasado século, no campo dos estudos sobre a conversa, como un dos principios que regulan a interacción. Foron moitos os autores e autoras que repararon na importancia da cortesía neste senso e que trataron de definila e de establecer as súas bases, partindo, por norma xeral, da proposta de Grice (1975) sobre o *principio de cooperación* e as *máximas conversacionais*. Pero, sen dúbida, os principais estudosos da cortesía foron Penelope Brown e Stephen Levinson (1987), cuxa

teoría, tomada como marco teórico deste traballo, segue a funcionar como guieiro nos estudos da cortesía.

Estes autores parten da proposta de Grice, que intentan completar prestando atención aos aspectos sociais da comunicación. Ademais, a súa teoría fundaméntase no concepto de *face* (imaxe), que toman de Goffman (1967). A *face* é, para Goffman, a auto-imaxe que cadaquén elabora de si mesmo para presentar na interacción social, cumprindo co que a sociedade considera como positivo. A partir desta proposta, Brown e Levinson (1987) establecen que cada individuo conta cunha imaxe pública que debe preservar na interacción social, de xeito que o falante debe coidar a súa imaxe propia e a do seu interlocutor. Este respecto pola imaxe do interlocutor xustifícase por identificación emocional cos seus sentimentos e por razóns puramente prácticas, xa que a mellor forma de preservar a imaxe propia é preservar a dos demais (Brown e Levinson 1987, p. 61). Ademais, establecen que esta imaxe consta de dúas caras: unha imaxe positiva e outra negativa. A primeira fai referencia á necesidade que sente cada individuo por ser aprobado e aceptado como membro dun grupo, e a segunda, ao seu desexo de non ser impedido na súa liberdade de acción e de estar libre de imposicións.

Para estes autores, cada unha destas imaxes está asociada, á súa vez, a un tipo de cortesía, distinguíndose así a cortesía positiva e a negativa. Existen múltiples interpretacións desta dicotomía, entre as que se tomará, no presente traballo, a que realizaron autores como Carrasco Santana (1999), que, a partir da teoría de Brown e Levinson, concibe a cortesía negativa como a que se basea na evitación ou na reparación dun acto ameazante fronte á positiva, empregada cando os falantes estiman que non existe ningunha ameaza, senón que se parte dun terreo de acordo común.

En relación con isto, Brown e Levinson postulan que as imaxes do falante e do oínte se ven frecuentemente ameazadas nos FTA (*face-threatening acts*) durante as interaccións comunicativas. É nestes casos cando se sente a necesidade de recorrer ás que denominan *estratexias de cortesía*, que encadran en cinco grandes grupos, cuxo grao de cortesía se presenta de forma ascendente. O primeiro é o das estratexias abertas e directas, empregadas cando o falante percibe que o risco é mínimo (ex.: “Faiame un café”). O segundo

grupo está formado polas estratexias abertas e indirectas, con cortesía positiva. Neste caso, o falante percibe certo risco, pero é tan leve que non precisa da acción reparadora da cortesía negativa (ex.: “Por que non tomamos un café?”). As terceiras son as estratexias abertas e indirectas, con cortesía negativa, empregadas cando o nivel de risco leva ao falante a preservar a imaxe negativa do interlocutor, sen limitar a súa liberdade de acción (ex.: “Se houberse café feito, tomaba un”). Seguen a estas as estratexias encubertas, empregadas cando o nivel de ameaza é moi elevado, de xeito que o emisor opta por non mostrar a súa intención de forma explícita, evitando así que lle sexa atribuída a responsabilidade de realizar un acto ameazador, para o que ofrece ao destinatario varias interpretacións (ex.: “Que ben ole ese café!”). Por último, Brown e Levinson establecen que, nos casos en que o nivel de ameaza é extremadamente alto, adoita optarse por evitar esa acción, tanto por medo ao fracaso como polo risco que suporá para a imaxe do falante.

O emisor decantárase por estratexias dun ou doutro tipo en función da súa percepción do nivel de ameaza da acción que vai levar a cabo. En relación con isto, Brown e Levinson establecen que o grao de ameaza é calculado tendo en conta tres variables: a familiaridade ou distancia social horizontal entre os participantes, o poder relativo ou distancia social vertical e o custo que supón a acción para o interlocutor. A familiaridade ten que ver co grao en que varias persoas se coñecen (Economidou-Kogetsidis 2010, p. 2266), o que vén determinado pola frecuencia do contacto, as vivencias compartidas, o tempo que hai que se coñecen etc. Canto ao poder relativo, refírese ao dereito non recíproco dunha persoa para controlar dalgún xeito o comportamento do outro (Economidou-Kogetsidis 2010, p. 2267; Brown e Gilman 1972, p. 255), determinado por factores como a idade, as xerarquías familiares ou profesionais, a clase social etc. O custo da acción ten que ver coa invasión da imaxe negativa do interlocutor, é dicir, o grao de imposición e a relación custo-beneficio que lle vai supoñer unha determinada acción, o que está determinado por factores como o dereito do emisor para realizar esa acción, o esforzo que lle suporá ao interlocutor etc. Deste xeito, o esperable será que, canto menores sexan a familiaridade e o

poder relativo respecto do interlocutor e maior o custo, maior será o grao de cortesía.

Canto ás peticións, centro de estudo deste traballo, son actos exhortativos, caracterizadas por implicaren unha ameaza á imaxe dos participantes, algo que o falante debe xestionar para non poñer en risco a súa propia imaxe (Fernández 2007-08, p. 87). Para isto, terá que botar man das estratexias de cortesía que, nestes actos de fala, estarán baseadas, xeralmente, na cortesía negativa e terán como fin a atenuación da forza ilocutiva do enunciado, entendendo *atenuación* como “a redución dos efectos indesejados daquilo que é dito para o ouvinte [...]. Significaría, assim, suavizar os efectos de uma ordem [...] ou fazer uma crítica de modo mais aceitável” (Wrubel 2009, pp. 4-5).

Para analizar a cortesía nas peticións, optouse neste traballo por distinguir unha estrutura formal composta por apelativos, núcleo e reforzos (Blum-Kulka 1987; Blum-Kulka e House 1989, Escandell 2005; Fernández 2007-08 e 2009 etc.). A etiqueta de *apelativos* aplícase ao conxunto de estratexias que abren a intervención do falante e que serven para chamar a atención do oínte, ademais de adiantar –en moitos casos– o tipo de acto de fala que se vai realizar. Así, o tipo de apelativo empregado serve para resaltar a relación entre os interlocutores e adiantar as intencións do falante, así como para predispoñer positivamente ao oínte (Fernández 2009, p. 80). É importante remarcar que constitúen case sempre marcas de cortesía negativa. As principais estratexias propias dos apelativos son os vocativos, a fórmula de cortesía *por favor*,¹ os marcadores conversacionais (ex.: *perdoa, mira, a ver* etc.)² ou as interxeccións empregadas para chamar a atención do interlocutor. Canto ao núcleo, trátase da proposición que fai explícita a vontade do falante, polo que é a unidade mínima que pode realizar a petición (Fernández 2009, p. 80). Os principais mitigadores empregados no núcleo das peticións teñen que ver coa modalidade oracional, o tempo verbal, a persoa gramatical, o emprego de verbos modais ou verbos realizativos

1 Esta estratexia pode ser empregada tamén despois do núcleo, porén, neste estudo, encadrouse en todos os casos dentro dos apelativos por cuestións puramente metodolóxicas.

2 Denominación de Moreda Leirado (2007).

como *pedir*, a formulación de peticións indirectas ou outros mitigadores internos. Finalmente, os reforzos son elementos externos ao núcleo que teñen como obxectivo único a atenuación da forza ilocutiva. Empréganse cunha finalidade puramente pragmática e cargan cun importante peso de cortesía, de xeito que, por regra xeral, canto máis risco supoña a petición, máis reforzos se empregarán (Fernández 2009, p. 97). Non resulta posible establecer un inventario pechado das estratexias empregadas como reforzos das peticións, posto que dependen da creatividade dos falantes. Con todo, figuran entre as máis frecuentes as xustificacións (ex.: “Pódesme deixar o coche? *É que o meu está avariado e teño unha urxencia*”), as promesas de compensación (ex.: “Podes substituírme mañá no traballo? *Se queres vou eu no teu sitio a fin de semana*”), os minimizadores da imposición (ex.: “*Xa que vas ao supermercado, cóllesme leite?*”), a procura de compromiso previo (ex.: “*Tíñache que pedir un favor, impórtache baixar un segundo comprar pan?*”), os diminutivos e cuantificadores (ex.: “Dásmo torta, por favor? *Só un anaquiño*”) etc.

Para rematar, é preciso esclarecer o concepto de *petición indirecta*, por ter suscitado numerosas interpretacións. Neste traballo, considerouse necesario distinguir entre peticións directas, indirectas convencionais e indirectas non convencionais (Solé e Soler 2005; Félix-Brasdefer 2006 etc.). As directas son aquelas nas que se dá unha correspondencia total entre a forma do enunciado e a súa forza ilocutiva (ex.: “Por favor, pásame o sal”). As peticións indirectas convencionais caracterízanse, xustamente, por non presentaren esta correlación pero por seren percibidas de forma inequívoca como peticións, xa que responden a fórmulas convencionalizadas (ex.: “Podedes recoller a mesa?”). Por último, as indirectas non convencionais corresponden coas que Brown e Levinson (1987) denominaban *encubertas*, que dan pé a certa ambigüidade interpretativa, aínda que, contextualmente, tamén poden chegar a ser interpretadas de forma inequívoca (ex.: “Que ben ole ese café!”).

3. Informantes e metodoloxía


Para a realización deste estudo, contouse cun total de 21 nenas e nenos galegofalantes, agrupados en tres grupos de idade constituídos

por 7 informantes cada un: o primeiro, composto por nenas e nenos de 4 anos, con algún caso de 5 anos; o segundo, por informantes de 8 anos, aínda que tamén se incluíu algún de 7 ou 9 e o terceiro, por nenas e nenos de 12 anos, con algunha excepción de 11 ou 13 anos.

Decidiuse partir dos 4 anos por ser a idade a partir da que se considera que se teñen as competencias lingüísticas e pragmáticas necesarias para a realización das peticións (Solé e Soler 2006, p. 87). En consonancia con isto, estableceuse como idade tope os 12 anos por marcar a fronteira entre a infancia e a adolescencia e porque se teñen adquiridas as competencias pragmáticas máis complexas (Matthews 2014, pp. 219-237).

Canto á proporción de nenos e nenas, non foi exactamente a mesma en todos os grupos, aínda que se tentou buscar un certo equilibrio. O grupo máis desequilibrado é o dos máis pequenos, cun total de 5 nenas fronte a 2 nenos, mentres que o segundo grupo está formado por 3 nenas e 4 nenos, e o terceiro por 4 nenas e 3 nenos. Por último, é de interese destacar que todos os informantes teñen a mesma procedencia, xa que todos pertencen ao concello de Zas, o que permite controlar a variable xeográfica.

No que se refire á metodoloxía empregada nesta investigación, decidiuse traballar a partir de viñetas (deseñadas expresamente para este estudo) que representasen diversas situacións nas que un neno ou unha nena tivese que formular unha petición. Así, presentóuselles cada unha destas viñetas aos diferentes informantes e pedíuselles que indicasen como formularían as peticións os protagonistas das distintas historias. Cada unha das viñetas foi creada atendendo ás diferentes combinacións posibles das variables analizadas (familiaridade, poder social e custo da petición). Por exemplo, a viñeta 1 corresponde cunha situación na que a petición implica un custo elevado para o destinatario (o neno ten que deixar de xogar coa súa tableta nova para lla deixar a seu irmán), nun contexto no que este ten menos poder relativo ca o emisor (é o pequeno), co cal mantén unha relación de familiaridade. Xogando con estas tres variables, obtéñense 12 combinacións distintas (por exemplo, no caso mencionado: custo +; poder relativo -; familiaridade +), para cada unha das cales se deseñaron 2 viñetas. Traballouse, por tanto, con



Viñeta 1: Sergio é o irmán maior de Raúl e quedou só con el, encargado de coidalalo. A Raúl acábanlle de regalar unha tableta e leva todo o día xogando con ela, moi ilusionado. Sergio, que non ten tableta, quere pedirlle que lla deixe probar.

24 viñetas, que deron lugar a un total de 504 peticións (24 peticións de 21 informantes).

Cada unha das entrevistas foi gravada co previo consentimento das familias e posteriormente transcrita. Finalmente, creouse unha táboa de cálculo na que se etiquetaron as distintas estratexias de cortesía empregadas en cada unha das 504 peticións para, posteriormente, elaborar as estatísticas que se presentarán a continuación.

Por último, hai que dicir que a metodoloxía empregada resulta de grande utilidade pola posibilidade de controlar as variables de familiaridade, poder relativo e custo, pero é importante termos presentes tamén os seus límites. Sen dúbida, o seu principal condicionamento é a non obtención dun corpus de fala espontánea. Isto implica que os resultados obtidos reflicten as percepcións que os nenos e nenas presentan sobre o que resulta cortés (formularon as peticións como crían que debían facelo para seren corteses), pero non poñen de manifesto os seus comportamentos reais. Ademais, tamén hai que ter en conta que, á marxe das tres variables contempladas nas viñetas, puideron entrar outras en xogo como o grao de familiaridade coa situación representada, que dependerá da

experiencia individual de cada informante. Para rematar, tamén se debe reparar en que non se atende á posibilidade de negociación da petición en varias quendas.

4. Resultados

4.1. Estratexias empregadas

Para comezar, resulta de interese mostrar unha perspectiva xeral das principais estratexias de cortesía empregadas polos informantes, como se recolle no seguinte gráfico.³




Figura 1. Principais estratexias empregadas polos informantes (porcentaxes sobre o total do corpus).

A partir dos datos da Figura 1, obsérvase que a fórmula de cortesía *por favor* aparece como a principal estratexia nas peticións das persoas entrevistadas, xa que foi empregada no 61,3% das peticións (un total de 309 ocorrencias).

3 No gráfico non se inclúen nin as estratexias cuxo emprego non era posible en todas as viñetas por estaren asociadas a un determinado contido semántico (por exemplo, o emprego do verbo *prestar* fronte a *dar*), nin as estratexias dos núcleos das peticións como a modalidade oracional, tempo verbal ou persoa gramatical, xa que serán comentadas á parte a continuación.

As seguintes estratexias máis frecuentes foron os reforzos; porén, este dato debe ser tomado con prudencia posto que, como se expuxo, a etiqueta de *reforzos* engloba un conxunto de estratexias diversas (xustificacións, diminutivos e cuantificadores etc.). Dentro dos reforzos, a estratexia máis empregada foi a das xustificacións (“Martín, pásasme a goma, *que non trouxen?*”), rexistradas no 21,8% das peticións. Seguen ás xustificacións, por orde de frecuencia, os diminutivos e cuantificadores (ex.: “Mamá, pódeme deixar *un pouco* o ordenador?”), as promesas de compensación (ex.: “Abuelo, pódeme deixar ver un programa de televisión hoxe e *mañá ves ti o que queres*, por favor?”), os minimizadores da imposición (ex.: “*Xa que vas por galletas*, tráesme a min unhas poucas?”), a procura de compromiso previo (“Sonia, *somos amigas desde fai moito tempo e hoxe olvidouseme a merenda*, pódeme dar ti un pouco desa chocolatina?”) e, dentro destas, o anuncio explícito dunha petición inminente, moitas veces mediante o emprego de verbos realizativos (ex.: “Ola, *queríache pedir un favor*, podo durmir eu na cama de arriba [...]?”).

Seguen aos reforzos en frecuencia de uso, como se ve na Figura 1, as peticións indirectas non convencionais baseadas nas preguntas pola capacidade do oínte para realizar o acto requirido (ex.: “Por favor, podes pandar ti?”). Este recurso foi empregado no 47,8% do total das peticións, o que é indicativo da relevancia desta estratexia, que semella estar experimentando un avance nas novas xeracións fronte a outras fórmulas como as suxestións, das que non se obtivo ningún caso. Moreda Leirado (2007) asocia a expansión desta estratexia ao resultado do contacto lingüístico co castelán.

O emprego de vocativos tamén foi moi común, rexistrándose no 38,7% das peticións. Estes vocativos fan referencia ao nome do interlocutor (ex.: “Por favor, *Pablo*, déixasme ver a televisión a min?”), á relación familiar entre falante e oínte (ex.: “*Mamá*, pódeme deixar un pouco o ordenador?”), á profesión do interlocutor (ex.: “Por favor, *bibliotecario*, podes axudarme a coller o libro?”) ou a termos máis xenéricos (ex.: “*Señor*, por favor, pódeme coller ese libro, que eu non lle chego?”). En relación a isto, é interesante remarcar a necesidade que mostraron algúns informantes polo emprego

dos vocativos, preguntando o nome do destinatario incluso naquelas viñetas nas que os participantes non se coñecían.

Finalmente, rexistráronse outras estratexias de forma máis esporádica, como é o caso dos marcadores conversacionais (ex.: “*Mira*, mentras que eu recollo o puzzle, podes ir ti por ese xogo?”)⁴ ou do uso da segunda persoa de cortesía, empregados cada un unicamente en 12 peticións. Débese destacar tamén a utilización de dativos de interese (ex.: Por favor, *vasme* buscar un puzzle?), coa vontade de remarcar o beneficio que suporá para o falante a realización do acto que se lle require ao oínte (xogo coas imaxes públicas de ambos os participantes). Ademais, tamén se rexistrou algún caso en que se acudiu á variación da entoación como estratexia clave, ou incluso casos nos que o informante optou por evitar a petición ao considerar que implicaba demasiado custo para o oínte, o que corresponde co punto máis alto da escala da cortesía fixada por Brown e Levinson (1987).

Canto ao núcleo das peticións, é de interese analizar o emprego que fixeron os informantes das diferentes modalidades oracionais, tempos verbais e persoas gramaticais. En relación coa modalidade oracional, predomina, con moito, a modalidade interrogativa (93,5 % das peticións), fronte a un escaso 5,5 % de peticións en modalidade imperativa e un 1 % en modalidade asertiva. Ademais, a meirande parte das peticións en modalidade imperativa foron rexistradas nunha mesma informante, que empregou a devandita modalidade no 83,3 % das súas peticións, polo que este dato debe ser tomado con cautela. No tocante ao tempo verbal, imponse o presente de indicativo, utilizado no 91,6 % das peticións. Rexistráronse tamén casos esporádicos do condicional (2,9 %) e, como se dixo, do imperativo (5,5 %). Finalmente, no que se refire á persoa gramatical, predominou de forma clara a segunda persoa de singular, empregada no 94,7 % das peticións, fronte á primeira de singular (5,2 %) ou de plural (0,2 %). Isto débese a que a meirande parte das peticións se orientaron cara ao oínte, posto que o que se

4 É de destacar o uso do marcador *ho[mé]*, exclusivo do galego, que unicamente se rexistrou nunha petición (“David, por favor, déixame ese cromó *ho!*, que a min só me falta ese e a ti fáltanche outros [...]”).

busca con estes actos de fala é xustamente lograr un cambio no seu comportamento.

Tamén en relación ao núcleo das peticións, resulta de interese analizar o uso do verbo *dar* (“Por favor, dásmo a goma?”) fronte a *prestar* ou sinónimos (“Préstasme a goma?”). Como é lóxico, *prestar* implica certa carga de cortesía respecto a *dar*, o que explica que fose o máis empregado neste tipo de peticións, xunto co seu sinónimo *deixar*. É interesante mencionar certos casos nos que os informantes demostraron ser claramente conscientes da diferenza no grao de cortesía entre estes dous verbos, o que os levou a empregar a forma *prestar* incluso en contextos de incompatibilidade semántica (“Por favor, Sonia, préstasme un pouquiño desa chocolatina?”), o que demostra tamén certa inexperiencia comunicativa.

Unha vez analizadas as distintas estratexias ás que se acudiu nas peticións, é preciso facer un dobre estudo nun plano máis abstracto: por unha banda, sobre a utilización de peticións directas ou indirectas (convencionais ou non convencionais) e, por outra, sobre o predominio da cortesía positiva ou negativa.

Canto á (in)directividade, a maioría das peticións (53%), foron formuladas como indirectas convencionais, practicamente todas baixo a forma de preguntas sobre a capacidade do oínte para realizar o acto requirido (*podes...?*). Das peticións restantes, o 46% foron directas (ex.: “Pedro, por favor, cóllesme o boli?”) e o 1%, indirectas non convencionais. O predominio das indirectas convencionais fronte ás directas demostra a conciencia por parte dos informantes da ameaza que supón a petición para o interlocutor, polo que buscan protexer a súa propia imaxe positiva e a imaxe negativa do oínte mediante o emprego da cortesía negativa. Finalmente, hai que remarcar que a escasa aparición de peticións indirectas non convencionais se debe, probablemente, ás limitacións da metodoloxía. Un dos poucos casos rexistrouse nunha viñeta na que unha nena tiña que pedirllas cartos aos avós dunha amiga; unha informante do grupo 3 (12 anos) optou por lles pedir que a levasen á súa casa buscar os cartos, coa intención de que lle contestasen que xa llos deixaban eles (“Podédesme levar á miña casa, que me quedaron os cartos? É unha urxencia, que teño que ir ao súper comprar algo”).

Por último, é importante falar da utilización da cortesía positiva, negativa ou “mixta”. A meirande parte das peticións (o 86 %) foron formuladas mediante estratexias de cortesía negativa (fórmula *por favor*, tempos verbais como o condicional, peticións indirectas, reforzos etc.). Isto vén demostrar que as peticións son percibidas como ameazas cara á imaxe pública do oínte, o que leva ao falante a empregar estratexias para mitigala. En contraposición, unicamente o 10 % das peticións se basearon na cortesía positiva (peticións directas e sen estratexias destinadas á atenuación da ameaza). Porén, esta clasificación de Brown e Levinson (1987) resulta demasiado ríxida para uns datos empíricos coma estes, aparecendo certas peticións (o 4 % restante) a medio camiño entre a cortesía positiva e negativa, polo que foron denominadas *mixtas*. É o caso, por exemplo, de peticións nas que o imperativo (cortesía positiva) se combina con estratexias como a fórmula *por favor* (cortesía negativa) (ex.: “Por favor, nena, déixame o sitio”), ou casos nos que se busca a creación dun territorio común (cortesía positiva) pero empregando ao mesmo tempo estratexias coma as peticións indirectas (cortesía negativa) (ex.: “Alberto, podes ir mirar a ver se teño algún xogo que nos interese aos dous?”).

Para concluír, é importante esclarecer que o número de recursos empregados nunha petición non ten por que ser directamente proporcional ao grao de cortesía, do mesmo xeito que unha petición directa sen estratexias de cortesía non ten por que ser descortés dependendo do seu contido semántico así como das variables de familiaridade, poder relativo e custo.

4.2. *Influencia das variables sociais e contextuais (familiaridade, poder relativo e custo da petición)*

Neste traballo, asumíuse a relevancia das variables de familiaridade, poder relativo e custo como factores determinantes do grao de cortesía requirido en cada acto de fala. A asunción deste principio, proposto por Brown e Levinson (1987) e seguido por moitos autores posteriores, levou a que fosen estas as variables que guiaron o deseño das viñetas.

En primeiro lugar, no tocante ao poder relativo, semella que esta variable apenas influíu na escolla dunhas ou outras estratexias

de cortesía por parte dos informantes. Unicamente se percibe tal influencia no emprego de certas estratexias dos reforzos, destacando o caso das xustificacións, os diminutivos e cuantificadores e as promesas de compensación. Porén, isto só ocorre nos grupos 2 e 3, posto que os reforzos foron empregados de forma case exclusiva por estes informantes (vid. 4.3.).

En segundo lugar, a variable da familiaridade tampouco foi un factor determinante á hora de escoller as estratexias de cortesía. Os únicos casos nos que se percibe certa influencia desta variable obsérvanse nas peticións dos grupos 2 e 3 en relación ao emprego de vocativos e de dous tipos de estratexias propias dos reforzos: as promesas de compensación (predominan en situacións nas que non hai familiaridade) e os diminutivos e cuantificadores, rexistrados sobre todo en contextos en que si se dá esta relación.

Por último, a variable do custo tamén repercutiu exclusivamente sobre o emprego das estratexias dos reforzos, pero fíxoo dunha forma máis acusada ca o poder relativo ou a familiaridade, sendo xa que logo a variable que demostrou ser considerada como a máis relevante. Dentro dos reforzos, as estratexias cuxo emprego se viu máis influenciado polo custo da petición foron os diminutivos e cuantificadores e as promesas de compensación, que predominaron en peticións que supoñían un custo elevado para o oínte.

Polo tanto, como conclusión ao que se acaba de expoñer, é importante remarcar que as tres variables estudadas influíron de forma practicamente exclusiva no emprego das estratexias dos reforzos, que demostraron ser as que son percibidas como de maior efectividade á hora de mitigar a forza ilocutiva das peticións.

Ademais, é importante destacar que se distingue claramente o grupo 1, cuxos membros non parecen prestar atención a estas variables na escolla das súas estratexias de cortesía, fronte aos grupos 2 e 3, que presentan comportamentos practicamente idénticos entre si (vid. 4.3.). Isto parece non coincidir co establecido por Gordon e Ervin-Tripp (1984), que aseguraban que, xa con 2 anos, os nenos e nenas son sensibles ás variables da familiaridade e do poder relativo, mentres que a do custo non se valora ata a idade escolar, aproximadamente. Con todo, estes resultados deben ser interpretados con prudencia pois, de tratarse dun corpus de fala espontánea, é probable

que os informantes do grupo 1 (4 anos) si demostrasen ter en conta algunha destas variables, en maior ou menor grao.

4.3. *Influencia da idade e sexo*

A idade

A adquisición das estratexias de cortesía dáse de forma progresiva dende a primeira infancia ata a adquisición da competencia comunicativa adulta. Canto á influencia da idade no noso corpus, é preciso indicar que, por unha banda, certas estratexias foron empregadas na mesma medida nos tres grupos de idade. Por outra banda, rexistráronse outras nos grupos 2 e 3 (8 e 12 anos respectivamente) pero non no grupo 1 (4 anos), e outras exclusivamente no grupo 3. Destas observacións dérivase que existen certas estratexias que se adquiren nun momento relativamente temperán, anterior aos 4 anos, mentres que outras semellan ter un carácter máis complexo, polo que son adquiridas de forma máis tardía.

No que concirne ás estratexias rexistradas nos tres grupos indistintamente, hai que destacar o emprego da modalidade oracional interrogativa así como da segunda persoa de singular do presente de indicativo. Deste xeito, todas e todos os informantes empregaron estas estratexias de forma absolutamente maioritaria nas súas peticións. O mesmo ocorre coa cortesía negativa, tamén rexistrada na práctica totalidade das peticións do corpus. A fórmula de cortesía *por favor* é un caso especial, xa que o seu emprego, no canto de manterse inalterado ou aumentar progresivamente durante a infancia –como a meirande parte das estratexias– parece experimentar un retroceso. Así, o 53% das ocorrencias desta estratexia foron rexistradas nas peticións do grupo 1, fronte ao 24% do grupo 2 e o 23% do grupo 3. Este fenómeno débese a que as primeiras estratexias adquiridas para as peticións son aquelas que se formulan explicitamente e que reflicten formas aprendidas, establecidas como convencionalmente cortesés (Gordon e Ervin-Trip 1984, p. 303; Ervin-Tripp, Guo e Lampert 1990, p. 315). Deste xeito, as nenas e os nenos máis pequenos botan man desta estratexia porque se lles repite constantemente que deben empregala sempre que pidan algo. Pola contra, non ocorre o mesmo con outras estratexias como

as dos reforzos, que non poden ser ensinadas explicitamente e que dependen da creatividade e da competencia lingüístico-comunicativa do falante.

Outras estratexias, en cambio, foron rexistradas de forma practicamente exclusiva por parte dos informantes dos grupos 2 e 3, que presentaron un comportamento máis ou menos homoxéneo, polo que semellan ser adquiridas nun momento posterior aos 4 anos e anterior aos 8. É o caso, por exemplo, dos vocativos, dos que se rexistraron 99 ocorrencias no grupo 2 e 75 no grupo 3, mentres que os informantes do grupo 1 unicamente os empregaron en 21 ocasións. Tamén se observa un comportamento semellante no caso da distinción entre o verbo *dar* e outros como *prestar*, de xeito que os informantes do grupo 1 demostraron ser moi directos, empregando na meirande parte das peticións o verbo *dar*, mentres que os dos grupos 2 e 3 presentaron unha clara preferencia polos verbos menos impositivos como *prestar*. Por último, resulta fundamental facer alusión ao caso das estratexias dos reforzos que, como se avanzou, tamén apareceron de forma practicamente exclusiva nas peticións dos e das informantes dos grupos 2 e 3, que produciron o 89,7% dos reforzos rexistrados no corpus. Neste caso, convén facer certas puntualizacións respecto das diferenzas entre os grupos 2 e 3. Así, ambos os grupos presentaron un comportamento practicamente homoxéneo no que respecta a certas estratexias coma os diminutivos e cuantificadores; porén, obsérvase unha tendencia a un maior emprego por parte dos membros do grupo 3 doutras estratexias como as promesas de compensación, como se reflicte na Figura 2.

Os datos presentados na Figura 2 tamén permiten deducir que as primeiras estratexias en seren adquiridas son as xustificacións e os diminutivos e cuantificadores, posto que están presentes xa, aínda que de forma moi restrinxida, no grupo 1 e parecen estar practicamente igual de asimiladas polos membros do grupo 2 ca polos do grupo 3. Pola contra, outras estratexias como a procura de compromiso previo ou o anuncio explícito da petición parecen ser máis complexas, de xeito que apenas foron empregadas nin polos informantes do grupo 3.

Por outra banda, existen estratexias cuxa adquisición se percibe como gradual entre os grupos 1 e 3. É o que ocorre no caso




Figura 2. Uso dos reforzos segundo a idade (porcentaxes sobre o total de peticións de cada grupo de idade).

das peticións indirectas convencionais baseadas en preguntas sobre a capacidade do oínte para realizar a acción requirida (ex.: “Por favor, podes pandar ti?”). Así, os máis pequenos empregaron esta estratexia unicamente no 28% das súas peticións, mentres que os membros do grupo 2 a empregaron no 50% das súas e os do grupo 3, no 65,5%.

Por último, rexistráronse outras estratexias que poden ser consideradas como as de maior complexidade do corpus, posto que apareceron de forma practicamente exclusiva nas peticións do grupo 3 e, en varios casos, incluso neste grupo o seu emprego foi moi reducido (posiblemente polo carácter non espontáneo do corpus). Podemos citar como exemplos destas estratexias o uso da modalidade asertiva, do condicional, dos marcadores conversacionais ou dos reforzos baseados na procura de compromiso previo, entre outros.

En síntese, a idade demostrou actuar como factor fundamental na regulación da cortesía das peticións do noso corpus. Así, demostrouse que certas estratexias están xa plenamente adquiridas antes dos 4 anos mentres que outras se van adquirindo de forma progresiva ao longo da infancia.

O sexo

En xeral, no corpus non se rexistraron diferenzas significativas motivadas polo sexo da persoa informante. Como excepción pódese citar o emprego dos verbos *dar* e *prestar* ao pedir un obxecto pertencente ao oínte. Neste caso, as nenas preferiron empregar formas menos impositivas como *prestar* ou *deixar*, mentres que os nenos usaron estes verbos indistintamente. Ademais, os nenos presentaron unha tendencia maior ca as nenas a empregaren a cortesía positiva, nomeadamente no grupo 3, o que demostra unha maior preocupación por parte das nenas por protexeren a imaxe pública de ambos os participantes.

5. Discusión

Comentados todos os aspectos, pódense extraer múltiples conclusións. En relación ás estratexias empregadas —á marxe de calquera variable— pódese comezar destacando a importancia dos apelativos. Así, a fórmula *por favor* demostrou ser a estratexia máis empregada, e os vocativos tamén estiveron presentes nun elevado número de peticións. Canto ao núcleo, a forma preferida para as peticións foi a das oracións interrogativas en presente de indicativo orientadas á perspectiva do destinatario (2ª persoa de singular). Ademais, foron tamén moi frecuentes as peticións indirectas convencionais baseadas en preguntas pola capacidade do oínte para realizar o acto requirido. Por último, as estratexias dos reforzos demostraron ser percibidas como ferramentas clave para a mitigación da forza ilocutiva das peticións por parte dos nenos e nenas do grupo 3 e, en menor medida, do grupo 2. Canto á (in)directividade, a meirande parte das peticións foron indirectas convencionais e apenas se rexistraron casos de indirectas non convencionais, o que se debe probablemente ás limitacións da metodoloxía. Finalmente, como é lóxico, predominou, con moito, a cortesía negativa sobre a positiva.

Canto ás variables de familiaridade, poder relativo e custo, as nenas e os nenos entrevistados pareceron non telas en conta na medida en que se esperaba, o que pode estar relacionado coa metodoloxía empregada. Estes factores só foron claramente decisivos na aparición dos reforzos, empregados en maior medida nas situacións

en que existía un importante custo e unha desigualdade de poder entre os participantes.

Canto á relevancia da idade, este factor si foi clave para os resultados. Así, malia haber casos de estratexias empregadas de forma indiferente polos tres grupos (predominio da modalidade interrogativa, cortesía negativa etc.), foron moitos os exemplos nos que a idade xogou un rol fundamental. Nalgúns casos, presentouse un padrón polo cal se opón o grupo 1 aos grupos 2 e 3, como no emprego de *por favor*, o que parece indicar que existe unha fronteira entre os 4 e os 8 anos que marca a adquisición de importantes contidos relacionados coa competencia pragmática e comunicativa. Noutros casos, percibiuse unha progresión gradual do grupo 1 ao grupo 3 (por exemplo, no incremento das peticións indirectas convencionais) e, finalmente, tamén se deron casos de estratexias rexistradas unicamente no grupo 3, demostrando así seren as máis complexas.

A variable do sexo, por último, apenas determinou ningún cambio nas estratexias de cortesía empregadas, se ben se observou certa tendencia a unha maior cortesía por parte das nenas, moitas veces ligada a unha vontade por evitar as peticións máis directas.

Resulta de grande interese, ademais, comparar os resultados co establecido por distintos autores sobre a cortesía en galego. Por unha banda, Fernández López (2009, pp. 107-108) considera que as suxestións (ex.: “Quedei sen coche, *se me puideses levar ti...*”) constitúen unha estratexia básica das peticións dos galegofalantes. Porén, isto non se ve reflectido no noso corpus, no que non se rexistrou ningún exemplo desta estratexia. Ademais, esta mesma autora afirma que o imperativo é o tempo máis habitual nas peticións en galego, mentres que esta tendencia unicamente se percibiu nunha das informantes entrevistadas (unha nena do grupo 1). En relación co tempo verbal, Fernández López incide tamén na frecuencia do futuro, cuxo emprego estivo completamente ausente neste corpus, e do presente, que si se rexistrou abundantemente. Por último, tamén di que, nos casos das estratexias indirectas convencionais interrogativas (*podes...?*) predomina o presente sobre o condicional, en oposición ao que ocorre en castelán. Este último aspecto, á diferenza dos outros, coincide completamente cos resultados obtidos. En conclusión, agás neste último punto, o modelo establecido por

Fernández López para as persoas galegofalantes tradicionais parece non corresponder co que se observa nas xeracións máis novas. Finalmente, Moreda Leirado (2007) repara no emprego crecente por parte dos nenos e nenas da fórmula *podes...?* que, segundo ela, responde a padróns foráneos. Isto reflíctese de forma moi clara no noso corpus, no que esta estratexia foi rexistrada no 47,9% das peticións. Así, sexa ou non unha estrutura resultado do contacto lingüístico co castelán, o que parece estar claro é que o seu emprego está moi estendido, cando menos, nas xeracións máis novas.

6. Conclusión

A cortesía é unha das competencias pragmáticas que os falantes deben adquirir para dominar unha lingua de forma plena. Esta idea de que os sistemas lingüísticos non se limitan ás regras de carácter léxico ou gramatical resulta clave para os estudos das últimas décadas e constitúe unha perspectiva que non se debe perder de vista. En relación á adquisición da competencia pragmática, é fundamental entender que se trata dun proceso que comeza na primeira infancia (as primeiras vocalizacións son pura pragmática) pero que non se completa ata a adolescencia. Canto ás peticións, moitos estudos (Solé e Soler 2005 e 2006, Bernicot 2006 etc.) afirman que con 4 anos xa se teñen as competencias lingüísticas necesarias para a formulación destes actos de fala. No presente traballo, comprobose que as competencias pragmáticas e as puramente lingüísticas están estreitamente interrelacionadas e que evolucionan da man polo menos ata os 12 anos. De non ser así, non se observarían cambios entre as peticións dos informantes máis pequenos e as dos maiores. Como conclusión, é fundamental considerar en todo momento a adquisición lingüística como un proceso gradual que se dá de forma moi progresiva mediante a incorporación constante de contidos de diversa natureza, cuxa complexidade vai en aumento.

En relación co que se acaba de expoñer, unha das principais conclusións ás que se chegou ten que ver coa relevancia innegable da idade das persoas informantes como factor determinante da complexidade das peticións. Este aspecto maniféstase de forma especialmente clara (aínda que non exclusiva) nos reforzos, que

constitúen as estratexias máis complexas das peticións. Así, mentres que os membros do grupo 1 empregaron de forma case exclusiva a fórmula *por favor* (non teñen aínda as competencias necesarias para empregar estratexias máis complexas), os do grupo 3 –e, aínda que en menor medida, tamén os do grupo 2– botaron man de numerosos reforzos e outras estratexias, moitas veces dunha complexidade considerable.

Canto ao modelo de Brown e Levinson (1987), marco teórico do que parte este traballo, demostrou propoñer categorías realmente útiles para o estudo da cortesía. Deste modo, as variables de poder relativo, familiaridade e custo foron tomadas como piares para o deseño das viñetas a partir das que se obtivo o corpus. Se ben é certo que, en xeral, a relevancia destas variables non se viu reflectida nas estratexias empregadas, si que se tiveron en conta –especialmente o custo e, en menor medida, o poder relativo– nos grupos 2 e 3 á hora de empregaren os reforzos. As estratexias dos reforzos son xustamente as máis propensas a variar por cuestións desta natureza, posto que outros recursos como a fórmula *por favor* poden ser empregados en calquera situación, independentemente da configuración destas variables. Porén, a devandita teoría de Brown e Levinson presenta a limitación de propoñer categorías pechadas nas que non sempre é doado encadrar todas as producións lingüísticas reais. Vimos por exemplo a dificultade á hora de establecer, nalgúns casos, se unha determinada petición presenta cortesía positiva ou negativa, ante o que se optou por propoñer unha terceira categoría de *cortesía mixta*.

Para rematar, é importante insistir nas limitacións da metodoloxía que, como se expuxo, non buscou obter un corpus de fala espontánea. Así, se se quere coñecer o verdadeiro comportamento lingüístico e pragmático dos nenos e nenas, é preciso obter datos procedentes de situacións reais. Como é lóxico, isto implica serias dificultades, posto que non resulta doado provocar situacións nas que se produzan de forma natural suficientes peticións como para constituíren un corpus de análise rico e completo. Ademais, nese tipo de estudos resulta practicamente imposible controlar as variables que entran en xogo en cada momento, dificultando en gran medida a análise posterior dos datos. Por tanto, ambas as metodoloxías presentan certas vantaxes e claras limitacións, co que a solución

ideal pasa probablemente pola combinación e complementación das dúas vías, o que achegaría, sen dúbida, unha información extremadamente rica e valiosa para o estudo da cortesía.

Referencias bibliográficas

- Bernicot, Josie (2006). L'acquisition du langage par l'enfant et la pragmatique : quand la parole est utile aux enfants. *Le Langage et l'Homme*. 41/2, 1-6.
- Blum-Kulka, Shoshana (1987). Indirectness and politeness in requests: same or different? *Journal of Pragmatics*. 11, 131-146.
- Blum-Kulka, Shoshana e House, Juliane (1989). Playing it safe: the role of conventionality in indirectness. En: Shoshana Blum-Kulka, J. House e Gabriele Kasper, eds. *Cross-cultural Pragmatics: Requests and Apologies*. Norwood: Ablex, 123-154.
- Brown, Roger e Gilman, Albert (1972). Pronouns of power and solidarity. En: Pier Paolo Gigliogli, ed. *Language and Social Context*. Penguin: Harmondsworth, 252-282.
- Brown, Penelope e Levinson, Stephen C. (1987). *Politeness: some universals in language usage*. Cambridge: University Press.
- Carrasco Santana, Antonio (1999). Revisión y evaluación del modelo de cortesía de Brown & Levinson. *Pragmalingüística*. 7, 1-44.
- Economidou-Kogetsidis, Maria (2010). Cross-cultural and situational variation in requesting behaviour: Perceptions of social situations and strategic usage of request patterns. *Journal of Pragmatics*. 42 (8), 2262-2281.
- Ervin-Tripp, Susan, Guo, Jiansheng e Lampert, Martin (1990). Politeness and persuasion in children's control acts. *Journal of Pragmatics*. 14, 307-331.
- Escandell Vidal, M. Victoria (2005). *La comunicación*. Madrid: Gredos.
- Félix-Bradesfer, J. César (2006). Linguistic politeness in Mexico: refusal strategies among male speakers of Mexican Spanish. *Journal of Pragmatics*. 38 (12), 2158-2187.

- Fernández López, Xemma (2007-08). Estrategias lingüísticas para la mitigación de las peticiones en gallego. *Pragmalingüística*. 15-16, 84-111.
- Fernández López, Xemma (2009). Interferencias pragmáticas: aproximación ás estratexias de cortesía nas peticións en galego. *Revista Galega de Filoloxía*. 10, 75-113.
- Goffman, Erving (1967). *Interaction ritual. Essays on face-to face behavior*. New York: Anchor Books.
- Gordon, D. e Ervin-Tripp, S. (1984). The Structure of Children's Requests. En: Richard L Schiefelbusch e Joanne Pickar, eds. *The acquisition of communicative competence*. Baltimore: University Park Press, 295-321.
- Grice, H. Paul (1975). Logic and conversation. En: Peter Cole e Jerry L Morgan, eds. *Syntax and semantics. Vol. 3. Speech acts*. New York: Chicago Linguistic Society, 41-58.
- Matthews, Danielle, ed. (2014). *Pragmatic development in first language acquisition*. Amsterdam: John Benjamins.
- Moreda Leirado, Marisa (2007). Os marcadores conversacionais como marca de cortesía no galego actual. En: Helena Chrystello e Chrys Chrystello, orgs. *Galiza: Berço da Lusofonia: Atas do V Colóquio Anual de Lusofonia*. Bragança: Arcos Online, 185-198.
- Piccardi, Alice (2004). A *retranca* como acto lingüístico. *Cadernos de lingua*. 26, 99-108.
- Solé Planas, María Rosa e Soler Vilageliu, Olga (2005). Las peticiones directas e indirectas en el habla infantil. *Infancia y Aprendizaje*. 28 (2), 159-178.
- Solé Planas, María Rosa e Soler Vilageliu, Olga (2006). Requests in children from two different points of view. *Le langage et l'Homme*. 41/2, 81-100.
- Wrubel Brants, Giovanna (2009). Aspectos da cortesía verbal no discurso infantil. *Letra Magna. Revista Eletrônica de Divulgação Científica em Língua Portuguesa, Lingüística e Literatura*. 11. Disponible en <http://docplayer.com.br/53988146-Aspectos-da-cortesia-verbal-no-discurso-infantil.html> [20/04/2016].

IDEOLOXÍA E IDENTIDADE NO DISCURSO MUSICAL: O CASO DO HIP-HOP E O TRAP GALEGOS A TRAVÉS DE REBELIOM DO INFRAMUNDO E BOYANKA KOSTOVA

M.^a Belén Senín Santiago

Universidade de Santiago de Compostela

belen.senin.s@gmail.com

Resumo: No panorama actual da música a nivel global, os xéneros urbanos como o trap ou o hip-hop atópanse en auxe, especialmente entre a mocidade. O caso galego non é unha excepción. Se ben o hip-hop gozaba xa de certa traxectoria, a entrada en escena do trap é, aínda que recente, innegablemente triunfal. Porén, constituiría unha grave ausencia de análise reducir a popularidade destes xéneros a meras tendencias. A música, como produto cultural fillo do contexto no que nace, serve de ferramenta para a creación ou reforzo da identidade, e como tal non está exenta de ideoloxía. Así, a través da análise dos devanditos xéneros baixo o prisma da análise crítica do discurso, amosaremos como estes encerran dúas posturas opostas no que á identidade e a ideoloxía transmitida se refire, dúas reaccións diferentes ao mundo da modernidade líquida.

Palabras chave: análise crítica do discurso, ideoloxía, identidade, hip-hop, trap.

Title: Ideology and identity in musical discourse: the case of Galician hip-hop and trap through Rebeliom do Inframundo and Boyanka Kostova.

Abstract: In the current global music scene, urban genres such as trap or hip-hop are on the rise, especially among youth. The Galician case is no exception. While hip-hop already enjoyed a certain trajectory, the entry into the scene of trap is, though recent, undeniably triumphant. However, it would be a serious absence of analysis to reduce the popularity of these genres to mere trends. Music, as a cultural product child of the context in which it is born, serves as a tool for the creation or reinforcement of identity, and as

such it is not free of ideology. Thus, through analysis of these genres through the prism of critical discourse analysis, we will show how these enclose two opposite positions in terms of transmitted identity and ideology, two different reactions to the world of liquid modernity.

Key words: critical discourse analysis, ideology, identity, hip-hop, trap.

1. Introducción

Toda nación precisa unha identidade cultural diferenciada acorde co proxecto político que a enmarca. A idea de Galiza como nación, isto é, como suxeito político propio, estivo dende os seus comezos asentada nun esencialismo que, aínda (se cadra) con vontade de ser estratéxico, rematou por crear en consecuencia unha identidade cultural e, por tanto, nacional debilmente cimentada nunha análise minuciosa da nosa realidade material, e que apenas se diferencia da imaxe estereotípica que proxectan outros sobre nós. Tendo en conta os cambios políticos, sociais e culturais acontecidos ao longo do século XX ata os nosos días, ese *Volksgeist* descubriuse obsoleto na actual sociedade posmoderna onde a identidade foi diluída e fragmentada. É por este motivo que agromaron novas tendencias (máis ou menos satisfactorias dependendo da perspectiva) que buscan introducir Galiza no século XXI, intentando crear unha identidade cultural que, en lugar de ficar ancorada no pasado, vaia acorde co presente, unha iniciativa de modernización e universalización que xa vimos a comezos do século XX da man do grupo Nós.

Esta tensión entre tradición e modernidade pode verse nitidamente na música, un dos elementos culturais fundamentais da nosa sociedade. Esta posición dótaa dun dos discursos máis potentes á hora de construír identidade, especialmente entre a mocidade. En palabras de Rossana Reguillo (2000, p. 257):

La música és el llenguatge que vehicula els emergents sentits del que és social-identitari per als joves, la possibilitat de trencar el tancament de la seva pròpia pell. És el llenguatge que permet explorar el món i al mateix temps expressar les pròpies

valoracions sobre aquest món. [...] el món com a experiència subjectiva adquireix el seu sentit social per la (co)presència d'un(s) altre(s) que, “iguais” i “diferents”, simbolitzen els ritus d'obertura i clausura que dinamitzen les identitats socials.

Precisamente por esta función de canle de expresión indirecta de valoración sobre o mundo, así como pola súa vinculación coa identidade,¹ a música convértese tamén nun medio chave para a difusión de ideoloxía.

Á luz do devandito, no presente traballo analizarase como esta dobre cara do discurso musical pode provocar a conversión da propia ideoloxía nunha identidade político-cultural. Co fin de confirmar esta hipótese, tomaranse como obxectos de estudo o hip-hop e o trap galegos, por seren xéneros de especial interese debido á súa relación con dúas das identidades socioideolóxicas máis fortes na actualidade e polos lazos de vinculación e diferenza entre os mesmos.

Para isto, foron elixidos dous grupos salientables pola súa representatividade dentro de cadanseu xénero, así como polo seu carácter actual: Rebeliom do Inframundo (hip-hop) e Boyanka Kostova (trap). Tras un proceso de selección de cancións en base ás súas temáticas, de xeito que poidamos ollar a través delas os discursos dos seus respectivos xéneros, elaborouse un corpus no que se baseará a análise:

Corpus

Rebeliom do Inframundo	Boyanka Kostova
Skit 2 (2012) https://youtu.be/ctSbvp4rehs	Leiraz (2018) https://youtu.be/6C-yEbnKARY
Bang bang (2016) https://youtu.be/nFVx7UR22w8	Colacao (2018) https://youtu.be/vwO8hnXqh_s
No choio fála-se dum ERE (2016) https://youtu.be/QtvS5YAyW50	Orquesta (2019) https://youtu.be/dEcRI7CcYAA

1 En palabras de Bucholtz e Hall (2004, p. 388): “sameness and differency, the raw material of identity, do not exist apart from the ideologies and practices through which they are constructed”.

Corpus

Rebeliom do Inframundo	Boyanka Kostova
Non imos polo regho (2019) https://youtu.be/LQ7LoKKnWvo	D. Tristán (2019) https://youtu.be/XPDxVtvkuLI
Run madafaka (2019) https://youtu.be/nFVx7UR22w8	Camerino (2019) https://youtu.be/YvdBrcyDpgQ
Vendetta (2021) https://youtu.be/yaGIQIPkh-E	Muinheira de Interior (2020) https://youtu.be/_CK0wFccakE

Ao conxunto aplicaráselle a análise crítica do discurso (Fairclough 1995, Dijk 2001) por constituír unha metodoloxía que busca desentrañar a relación do poder coa linguaxe (xa sexa como dominación ou como resistencia) e analizar como a ideoloxía agroma no discurso. Do mesmo xeito, axudarémonos dunha análise indexical a través do prisma da sociolingüística interaccional para analizar a emerxencia da identidade no discurso. Recorreremos tamén de forma complementaria a unha análise da estética dos videoclips por ser un elemento que reforza o discurso e que achega unha visión panorámica das identidades creadas.

2. Análise

2.1. Nacemento e bases dos xéneros

A pesar da súa evolución musicalmente diferente e ideoloxicamente oposta (como explicaremos a continuación), o hip-hop e o trap teñen máis vínculos dos que aparentemente semella.

O hip-hop ten a súa orixe a finais dos anos 60 nos barrios máis pobres de Nova York (o Bronx ou Queens, por exemplo), lugares de residencia dos colectivos excluídos da sociedade burguesa da Gran Mazá, especialmente comunidades obreiras e/ou migrantes como a afroamericana e a latina. Como explica Abad (2018, p. 18):

La gente de un estatus social más bajo tenía vetado el acceso a las discotecas de la Gran Manzana, por lo que empiezan a surgir las block parties, fiestas callejeras que se organizaban en

los barrios más pobres a ritmo de *funk* y *soul*. Pronto aparecen los primeros DJ's (*Disc-Jockeys*) frotando los vinilos para conseguir ritmos más bailables, hecho que les garantizó un gran éxito en estas fiestas, y se empiezan a realizar improvisaciones cantando al ritmo de la música en la que los jóvenes expresaban sus sentimientos de frustración o el orgullo hacia su pandilla, de la mano de los llamados MC's (Maestros de Ceremonias). Este género musical nace como una subcultura, en sus inicios la finalidad de estos *rapeos* era la mera diversión.

O barrio como berce do xénero é un elemento fundamental para entender o hip-hop, xa que este será a peza angular sobre a que xire o seu discurso. A clase (encarnada no barrio e, ás veces, máis concretamente no grupo) será a identidade socioideolóxica fundamental do hip-hop, presente aínda a día de hoxe. Así, transmítense un discurso colectivo intrínseco ao xénero que percorre os problemas sociais sufridos transversalmente (a opresión, as dificultades económicas, a drogodependencia...), así como o feito de que a súa posición social dinamita calquera intento de mellora neste sistema.

Por outra banda, Rey e Vilares (2019, p. 18) describen así o nacemento do trap:

El origen de la música trap podemos encontrarlo a principios de los años 90 en ciudades del sur de Estados Unidos como Atlanta, en el estado de Georgia. En esta época, donde el rap que dominaba era el de las costas este y oeste, se estaba fraguando en los estados del sur del país lo que ahora denominamos música trap. El origen de este género está indudablemente ligado a la música rap y al hip-hop, pues de ello surgen sus ritmos e influencias. [...] se diferenciaba con respecto al rap dominante en el momento, en que empleaba bases más lentas² y una temática diferente, ya que fueron los primeros en utilizar la palabra “trap” para referirse a las zonas donde se trapicheaba (fabricación y venta) de droga. En esta época, el trap era visto

2 Posteriormente, xa nos anos 2000, o trap adoptou un ritmo de base moito máis rápido, intercalado con outras velocidades. Musicalmente tamén se incorporou o *autotune*, ferramenta de afinación artificial que “se ha convertido en condición casi *sine qua non* para realizar trap, formando parte de la estética y del estereotipo creado sobre estos artistas” (Rey e Vilares 2019, p. 19).

como un espacio físico y no todavía como un estilo musical (García 2018). [...] El trap comienza a aparecer como estilo musical a principios de la década del 2010.

Aínda que, como vemos, a orixe do trap está directamente relacionada co hip-hop, o seu discurso foi diferenciándose cada vez máis a través dun proceso de macdonalización ata tornarse practicamente oposto. Ao igual que o hip-hop, o trap nace no barrio da man de individuos que sufrían as mesmas condicións materiais que os DJ's e MC's dos que falabamos anteriormente. Con todo, a apoloxía das drogas, a reivindicación persoal como pequenos traficantes e a exaltación da cousificación e sexualización feminina tomaron unha posición central no discurso do trap que o afastan do carácter colectivo e reivindicativo do hip-hop. Esta é tamén a tendencia dos primeiros cantantes de trap no Estado español. Porén, neste territorio o xénero foi modificándose tanto musical como ideoloxicamente, adoptando un maior abano de ritmos á vez que a mercantilización que estaba a sufrir provocaba a absorción do seu discurso por parte do neoliberalismo. Como expoñen Rey e Vilares (2019, p. 20):

Como explica Baena (2016, p. 18), más que un género artístico, el trap en España es una escena compuesta por un grupo social que comparte una serie de valores, códigos, convenciones y rituales al margen de la mayoría de la sociedad, aclamando así una identidad propia. Bajo esta definición, vemos que el trap en España no se adscribiría entonces a ningún formalismo musical, sino más bien a unos rasgos coyunturales heredados del hip-hop: se trataría más de “ser trap” que de “hacer trap”.

Así, o trap español tornouse unha oda ao capitalismo, reproducindo, ademais do devandito, o falso mito da meritocracia, sendo a súa voz a dun exrapaz do barrio que conseguiu ascender socialmente a través da música e que agora goza das vantaxes do sistema, “un relato que recuerda en buena medida al imaginario social de competencia, darwinismo social, incertidumbre y búsqueda desmedida del éxito económico como fin último que plantea la ideología neoliberal” (Rey e Vilares 2019, p. 46).

2.2. *Hip-hop galego: Rebelliom do Inframundo*

Rebelliom do Inframundo é un grupo independente de hip-hop en galego nado en Pontearreas no 2005. Entre os seus traballos atopamos os álbums *A sorpresa* (2012), *Lume e Rebelliom* (2016) e *Ilegal* (2019), contando con varias mudanzas respecto aos membros do grupo ata chegar á composición actual con Nervo (MC, o único que participou no proxecto dende os seus inicios), Malvares de Moscoso (MC), Frank (MC/produtor), Movementss (produtor) e Pol (DJ).

O discurso que mantén Rebelliom do Inframundo aseméllase bastante ao discurso orixinal do hip-hop norteamericano, así como ao dos principais grupos do Estado español, como poden ser Los Chikos del Maíz, e de Galiza en particular, como Dios ke te crew, SonDaRúa ou Ezetaerre. Porén, o hip-hop galego mestura elementos globais e locais para crear un discurso propio que atende ao contexto no que se produce. A continuación analizaremos as principais cuestións que o vertebran.

Trataremos en primeiro lugar a peza chave do hip-hop: a clase. A pesar de que o barrio non ten unha presenza importante en Galiza debido á distribución dispersa e atomizada da poboación e ao carácter maiormente rural dos nosos asentamentos, as aldeas ou vilas (especialmente aquelas achegadas ás cidades) funcionan como o seu equivalente a nivel identitario no discurso do hip-hop galego, en canto son núcleos periféricos onde reside maiormente a clase traballadora (xunto cos barrios das poucas grandes cidades). Así, a marxinalidade destes espazos convértese nun símbolo territorial da marxinalidade da propia clase, e a súa reivindicación como orixe é, por tanto, unha proclamación de orgullo de clase (*somos da rúa*, en “Bang bang”³). Con todo, non se poden esquecer os problemas que atravesan o barrio (no amplo senso do termo, á luz do que foi exposto anteriormente) e a xente que vive nel. O consumo e a venda de droga é unha cuestión recorrente no discurso de Rebelliom do Inframundo e no hip-hop en xeral, abordado dende unha perspectiva crítica que entende a droga como unha ferramenta de

3 Todos os fragmentos foron transcritos fielmente pola autora do presente traballo, sen modificar incorreccións gramaticais de ningún tipo.

alienación e destrución da clase obreira.⁴ Defenden, ademais, que só a conciencia desta análise e da propia clase pode outorgar as ferramentas para a superación da drogodependencia e para evitar caer no lumpenproletariado.⁵

Por outra banda, o traballo é outro elemento habitual, obxecto de crítica por motivos como as condicións laborais, o soldo insuficiente ou a dificultade para atopar emprego (especialmente despois do importante aumento do paro tras a crise do 2008), e enmarcado na perspectiva marxista sobre o traballo asalariado.⁶ Do mesmo xeito, a crítica ás elites burguesas, atendendo especialmente ao choque entre os seus intereses e os da clase á que dominan, constitúe outra constante no discurso do hip-hop, levando así á música a loita de clases e o antagonismo entre burguesía e proletariado.⁷

Todas as ideas previamente expostas teñen a súa conclusión no enalzamento do levantamento popular, a ansiada revolución da clase dominada contra a clase dominante para romper co xugo da súa opresión.⁸ Esta ideoloxía é obviamente perseguida polo sistema,

4 [...] *alcohol, antidepressivos, perico | ficamos cansos | evasión para o proscrito* (“Non imos polo regho”). [...] *volvinme tolo cando fun quen de ver o que sufriron nosos pais nosas nais co arao' nas mans dándolle lume e eu de tripi* (“Skit 2”).

5 [...] *cada un prioriza | non vou viaxar a Ibiza | nin a mover fariña | vou mercar botas de auga para a miña filla* (“Non imos polo regho”). [...] *crinme Lucifer con petrodólares | despois tirado no portal vin que só tiña dores* (“Skit 2”).

6 [...] *un mes sen cobrar outro mes outro pasa | sen cartos para levar de xantar a casa | [...] / explicalle a Fenosa que non pagas porque non cobras hostia | que es a vítima do veneno das cobras | bestas cegadas polos cartos | se quixera currar gratis chamaría a Amancio Ortega | non lles chega con pagar un soldo de merda que agora xa non paga | [...] / e non comas | á empresa lla sopla | á rúa con cuarenta ou cincuenta onde choias | [...] / nómina anémica | enfermidade endémica | vida laboral patética* (“No choio fála-se dum ERE”). [...] *malabarismos a fin de mes* (“Non imos polo regho”).

7 [...] *maldito bastardo | sempre co mercedes* (“No choio fála-se dum ERE”). [...] *chama ós TEDAX | dilles que odiamos o barco do alcalde | [...] / primata | só vives polos quilates | buscam diamantes | moverse en iates | iso é para Feixoo e narcotraficantes | [...] / muito farsante | muita fariña | fascistas como o tonto de Manquiña | [...] / delito é vós comendo e nós estar pasando fame* (“Bang bang”). [...] *non aturo peros | pandilla de peperos | patético como o intelecto dun torero | [...] / queren vivir a costa de outros* (“Non imos polo regho”). [...] *pois o poder do rico reside na túa pobreza e en aniquilar as túas ambicións | [...] / control social | manipulan os sentidos | que apostar se fan trampa no puto casino | [...] / cúspides conspiran en reunións secretas | mentiras ditas mil veces chegan a ser certas* (“Vendetta”).

8 [...] *porque o pobo berra | dálles lume e rebelión | prende a mecha* (“Bang bang”). [...] *espíritu álzase como Varsovia | [...] / empresario estafador vas a soñar con Lenin* (“No choio fála-se dum ERE”). [...] *corto a Rockefeller coma un gruyter* (“Skit 2”). [...] *como um checheno*

risco que asumen conscientemente (*son carne de presidio* / [...] / *a pasma estuda os nosos movementos*, en “Bang bang”). A súa estética, tanto a roupa coma os movementos e a actitude que manteñen durante a interpretación, reforza o carácter marxinal, imponente e mesmo en ocasións violento do seu discurso, lembrándonos a estética *hooligan*⁹ e de barrio (roupa deportiva, cores escuras, capuchas, *piercings*...).



Fotograma do videoclip “Non imos polo regño”.

Do mesmo xeito, a cuestión nacional maniféstase a través da defensa da lingua¹⁰ ou, como podemos ver noutras cancións, da terra.¹¹ Porén, xeralmente, a cuestión de xénero é a grande esquecida do discurso do rap, posuíndo unha presenza moi escasa, cando non presenta expresións ou comentarios machistas que pretenden reforzar o ego. Rebeliom do Inframundo non é unha excepción, se ben tenden máis ao esquecemento que ao machismo. Con todo,

enfurecido coa Kalashnikov / *cego de Eristoff* / *antes de quedar en off* / *lévome por diante os...* / *e despois killing me soft* / [...] / *son quen de rebentar esa cadea que me apresa sen descanso e condena o meu amor* / [...] / *vou firme e decidido como un harakiri* / *vai e dille a Siri “xa chegou a rebelión”* / [...] / *vendetta* / *sen careta* / *a cara descuberta* / [...] / *arde Troia* / *pregúntalle a Ulises* / *até o máis grande ten tendón de Aquiles* / [...] / *que pasa se cuspinos bombas de nacemento* (“Vendetta”).

- 9 En “Non imos polo regño” din *somos do St. Pauli*, facendo referencia á afección do equipo de fútbol FC St. Pauli, a cal conta cunha das gradas *hooligans* antifascistas máis recoñecidas do mundo.
- 10 [...] *o fago en galego porque así falo* (“Non imos polo regño”). [...] *fôra o que fixera que sentira máis a dor da miña lingua* / *Castelao, Rosalía, Carvalho Calero, Manuel María* / *vou curar esta ferida que aniquila na Galiza tras palizas dos de arriba* (“Vendetta”).
- 11 “Plantaron lume ao monte” (2019). Dispoñible en <https://youtu.be/k56y0XuhYvQ>

cómpre dicir que esta cuestión está a mudar coa entrada no panorama do hip-hop de mulleres artistas que combinan a clase e o xénero no seu discurso, como o grupo Flow do Toxo.

A tensión entre tradición e modernidade tamén está presente. No seu discurso, Rebeliom do Inframundo intenta atopar o equilibrio entre os dous polos, que no caso de Galiza se materializan no rural e o urbano. É por isto que introducen nun xénero esencialmente urbano fragmentos de cancións tradicionais, maiormente interpretados dun xeito tradicional por Íria Medranho, pero tamén por eles mesmos a ritmo de rap (xeralmente outorgándolles un dobre sentido), e que moitas veces fan referencia ao mundo rural (*se non tendes sacho traerémolo nós / arados de ferro e carros con bois / e carros con bois / e carros con bois / se non tendes sacho traerémolo nós*, en “Bang bang”).

Cómpre parármonos tamén no papel que ten no discurso a propia música, vista como canle de expresión e desafogo para todos os problemas anteriormente expostos, así como unha ferramenta de concienciación popular (*sangro en cada verso* en “Non imos polo regho”; *rimo como paliativo / [...] / sentimentos volátiles no tempo / que me berran Nervo rima por favor*, en “Bang bang”; *paro e a peña dime tío Nervo sigue*, en “Skit 2”).

Do mesmo xeito, entra en xogo a autenticidade. Pennycook (2007, p. 103) referíase a este concepto dicindo:

One of the most fascinating elements of the global/local relations in hip-hop, then, is what we might call the global spread of authenticity. Here is a perfect example of a tension between on the one hand the spread of a cultural dictate to adhere to certain principles of what it means to be authentic, and on the other, a process of localization that makes such an expression of staying true to oneself dependent on local contexts, languages, cultures, and understandings of the real.

Así, a parte global do auténtico está conformada pola obriga imposta (e, en última instancia, autoimposta) pola comunidade do hip-hop de ser consciente do carácter combatente intrínseco ao xénero, mentres que a parte local inclúe cuestións máis individuais como a lealdade á clase, ao grupo e ás ideas que se defenden, así

como a unidade con respecto aos camaradas, a familia ou os amigos, albergando deste xeito dentro do auténtico o comportamento a nivel persoal e a vertente emocional. A autenticidade é, así, a posta en práctica da ideoloxía a través da música e da propia vida, polo que, se non é mantida por algún intérprete ou colectivo, este pode (e será) obxecto de críticas por parte doutros artistas, xeralmente en forma de *beef*² (*нено, teu rollo progrе talaguero non o cre nin a nai que te pariu iso o primeiro* [...]/ *primeiro ser real antes que os putos cartos* [...]/ *son copias de copias que copian sen amor propio* [...]/ *ponos con Marta Sánchez a cantar merda de himnos*, en “Run madafaka”; *dá igual o que se escriba se a alma está fría*, en “Vendetta”).

2.3. Trap galego: Boyanka Kostova

Boyanka Kostova, formado por O Chicho do Funk (Chicho)¹³ e Saibrán Yiyi (Cibrán) en 2016, é considerado o primeiro grupo de trap en galego, e conta con tres álbums ás súas costas (ademais de varios sinxelos): *Vella canción galega* (2018), *Nova canción galega* (2019) e *Os dous de sempre* (2020). No relativo ao seu discurso, desenvolven varias liñas que analizaremos a continuación.

2.3.1. Trap rural

O grupo lanzouse á fama grazas ao trap “rural” satírico de cancións como “Leiraz”, onde levaban o costumismo rural ao contexto do trap, unha mestura que, de entrada, pode semellar incompatible, pero que os mozos lograron cun grande éxito na recepción. O que inicialmente foi interpretado como un intento de actualización e introdución do mundo rural nun xénero *per se* urbano para o seu achegamento á xuventude (na liña da tensión tradición-modernidade da que falabamos anteriormente), tras situalo baixo a ollada da análise crítica do discurso observamos que non é máis que unha

12 O *beef* constitúe unha rivalidade entre artistas do hip-hop (herdada tamén no trap, aínda que menos común), manifesta a través dunha sucesión de cancións directa ou indirectamente dedicadas, que van seguindo un modelo crítica-contracrítica. Os ataques explícitos ao traballo musical ou a cuestións persoais do outro, así como a reafirmación da superioridade do eu, forman parte da esencia discursiva do *beef*.

13 Chicho tamén conta con outro grupo musical, Esteban & Manuel, e cunha carreira en solitario baixo o nome de Ortiga.

parodia do contexto do que, en teoría, proveñen.¹⁴ De feito, dende un primeiro momento podemos percibir esta intención grazas á propia fonética, forzada en comparación coa súa fala habitual, atopando vogais medias e trazos dialectais como o seseo e a gheada, ambas características das que carecen no resto das súas cancións, en conxugación cunha forte tendencia ao uso de castelanismos.

Nesta liña, atopamos múltiples tópicos relacionados cos costumes e o estilo de vida do rural, sendo o máis destacable o que lle dá nome á súa canción debut: que alguén “teña leiras” como incentivo para casar (*me basta con dicirlle solamente que teño leiras*), ao igual que a posesión de vacas (*teño duascentas cabezas / vacas pintas e marelas*) ou de árbores (*teño piñeiros marcados / no monte de aquí do lado*). Este estereotipo ten relación co feito de que a economía rural está baseada principalmente no sector primario (gandaría e agricultura), que foi historicamente unha das maiores forzas da economía do país. Tendo isto en conta, a posesión deste capital convertíase nun interese para as familias á hora de casar os seus fillos e fillas, xa que a unión destes implicaría unha unión tamén dos seus respectivos capitais. Con todo, este interese económico detrás do matrimonio non está exclusivamente vencellado ao ámbito rural nin á clase traballadora, senón que a propia base do matrimonio burgués e da familia como institución dentro do sistema capitalista persegue ese mesmo obxectivo. É máis, este costume (actualmente encuberto por unha cuestión de corrección política) é hoxe en día moito máis notable na burguesía, xa que o capital que pode posuír un habitante do rural que se dedica ao sector primario, ademais de moito máis escaso, xa non ten o mesmo valor do que tiña no pasado, debido á forte decadencia do sector como consecuencia do éxodo rural e da competencia desigual dos pequenos produtores

14 “Ambos trapean, pero su contexto no es ni un suburbio, ni un polígono industrial, ni un gueto; más bien es el mundo rural gallego. Crecieron ligados a entornos plácidos y tranquilos como A Rúa (\$aibran) y Carballedo (Chicho), lugares con ‘rollo más calmado, comida casera, animales... Tampoco es nuestro contexto diario, porque vivimos en Santiago de Compostela, pero es cierto que tenemos una gran conexión con el rural, ya que tenemos familia allí’, dicen” (extracto dunha entrevista para a revista dixital *Vice* (8/II/2019), dispoñible en <https://www.vice.com/es/article/evezde/boyanka-kostava-trap-galicia-rural>).

coas grandes empresas. Por tanto, a relación desta situación co rural non é máis que unha falacia.

O machismo tamén se presenta como unha suposta característica esencial do home rural en fragmentos como *mena é que me quentas como lareira | con esas cadeiras parideiras | quero casarme contigo se os teus pais me deixan | traio de dote un cacho das miñas leiras*. En primeiro lugar, cómpre sinalar a animalización da muller na frase “cadeiras parideiras” (expresión habitualmente empregada para referirse ás femias dos animais), que ademais centra a vontade de casamento na posterior crianza de fillos, o cal garda relación co que comentabamos anteriormente da familia, na que os fillos (lexítimos) son os que herdarán o capital e continuarán o legado. Tamén é salientable o feito de constatar a necesidade de aprobación da unión polos pais da moza, un costume xa perdido e, de novo, historicamente presente en todas as clases. Por outra banda, menciónanse tamén diversas frases supostamente típicas (*podría dicirche cousas bonitas de esas | en plan bailas ou fodes | es de aquí ou ves á festa*) que non transcenden á realidade máis aló da imaxe estereotípica e anecdótica do home rural “gañán” e machista, que intenta facer as beiras a unha moza na verbena sen poder evitar que a súa brutalidade agrome.

Confírmase así que, máis aló da técnica musical e a introdución dalgunhas frases en inglés como *I got a lot of leiras* (moi frecuente neste xénero, se cadra por conexión coas súas orixes, mais probablemente tamén por prexuízos relacionados coa globalización que vinculan o inglés coa moda), a proposta amosada en “Leiraz” non se afasta moito do humor baseado en tópicos máis que explotados, feita do urbano para o urbano, por moi rural que intente ser a estética.

Esta liña foi retomada posteriormente no seu álbum *Nova canción galega* con “Orquesta”, onde a tensión entre tradición e modernidade está moito máis patente. Neste traballo, en vez de combinar o barrio e os cartos como no trap predominante, o grupo fusiona o urbano co rural a través da idea da festa. Así, a descrición

costumista da verbena (referencias á comisión de festas,¹⁵ a diferentes orquestras,¹⁶ a cancións recorrentes,¹⁷ a bailes,¹⁸ a atraccións e postos de feira¹⁹...) vese mediada, ademais de polo propio xénero, por modulacións case psicodélicas da imaxe. Esta mestura é especialmente notable na estética, xa que atopamos, por exemplo, un mozo con rastas e un pendente cunha caveira que tamén leva un chaleco de punto, camisa e unha palla na boca. Mostran, ademais, unha vestimenta que nos remite aos indios, e que dá conta inconscientemente do aburguesamento que o propio xénero está a sufrir por mor da súa mercantilización.



Fotograma do videoclip “Leiraz”.

2.3.2. Trap urbano

Por outra banda, nesta outra liña discursiva, que constitúe o discurso maioritario na súa discografía, Boyanka Kostova reproduce o discurso convencional do trap español.

Atopamos unha moi explícita apoloxía do consumo de drogas con finalidade recreativa. O exemplo máis destacable disto é

15 [...] *xa pasou a comisión / que recauda un montón / eu lles din cincuenta pavazos para que traían un rolo molón.*

16 [...] *que veña a Panorama ou a París de Noia.*

17 [...] *sona “El de los ojos negros”, “El gallo sube”, “Una vaina loca” / [...] / sempre hai que acabar a verbena cantando “Dolores se llamaba Lola”.*

18 [...] *todos os vellos bailan pasadoble / lles boten o que lles boten / eu sempre acabo to' ciego bailando paquito o do chocolate.*

19 [...] *vamos ao campo da feira / hai que cenar no pulpeiro / logo nos vamos aos coches de choque a gastar unhas poucas monedas / [...] / e eu gastándome a pasta no tiro ao pichón.*



Fotograma do videoclip “Orquesta”.

“Colacao”, canción que fala da fame que lles provoca o consumo de cannabis, e que no seu título presenta un xogo de palabras entre “colacao” (estar drogado) e a marca “Colacao”.

Con todo, tamén podemos observalo claramente en “Camerino” (*estou poñéndome fino no reservado / [...] / un Winston para un pisto / [...] / priva gratis na neverita que non se esgota / hai pa’ toda a tropa / hai ata farlopa*), e tamén de forma máis secundaria noutras como “D. Tristán”, dedicada ao ex-xogador de fútbol con fama de ser un asiduo participante das noites de festa coruñesas (*podería estar no top ten / pero mólame máis vaciar botellas de champán / [...] / chega apestando a Jäger e Thunderbeach*).

Por outra banda, o ego ocupa tamén unha posición central no discurso do trap como consecuencia do forte individualismo que o domina, o cal tamén transcendeu ao panorama galego, como




Fotograma do videoclip “Colacao”.

vemos reflectido en cancións como “D. Tristán” (*teño calidá’ como Diego Tristán / [...] / son un puto crack como Diego Tristán / [...] / porque son o mellor como Diego Tristán*).

Relacionado con isto, en “Camerino”²⁰ e en “D. Tristán”²¹ observamos tamén unha exaltación do luxo e do tratamento exclusivo acadados ao ascender socialmente, o cal encaixa con aquela figura do rapaz que conseguiu a través da música saír do barrio e converterse nunha sorte de novo rico que xa comentabamos en relación co panorama do trap español.

Por último, o machismo tamén agroma tanto no discurso como na estética, concibindo as mulleres como trofeos que simbolizan o seu triunfo social (*salindo de festa rodeao’ de mulleres / porque son o mellor como Diego Tristán*) ou como meros obxectos que sexualizar, como xa observabamos no trap rural. Exemplos desta sexualización na estética son os seguintes fotogramas de “Camerino”.



Fotogramas do videoclip “Camerino”.

2.3.3. Trap e tradición

“Muineira de Interior”, canción pertencente ao seu último álbum *Os dous de sempre*, constitúe un caso particular no conxunto da súa obra, xa que realizan unha aproximación á cultura galega tradicional dende a vontade de modernización xa mencionada. O propio título do álbum, que fai referencia á obra homónima de Castelao,

20 [...] *coméndome uns langostinos no reservado / bebebe que to’ está pago / [...] / cuarto de baño privado no camerino / con un chándal de Moschino no reservado / [...] / tes que estar na lista para entrar aquí detrás / VIP enseña esa credencial / [...] / aquí atrás son o dono / aquí son o puto rei.*

21 [...] *andando en Mercedes / comendo percebes.*

funciona como indicador da pretendida conexión con esta cultura consagrada e recoñecida como propia polo pobo galego. Esta é a razón pola que a canción toma como base a “Muiñeira de Cabana”, unha das pezas da música galega máis coñecidas e popularizada polo grupo Milladoiro. Así pois, Boyanka Kostova mestura a muiñeira coa música electrónica nun exercicio de hibridación entre o tradicional e o contemporáneo que pode lembrarnos ao artista galego Baiuca. Neste marco, o grupo achega unha nova letra para a composición que, de igual forma, tamén mestura a súa concepción persoal do tradicional e o moderno que podemos percibir nos traballos previamente analizados. Así pois, ao ritmo desta muiñeira electrónica desenvólvese, respectando o esquema rítmico tradicional no que se refire ao uso de recursos como o paralelismo, a historia dun home chamado Farruco que di ir ao muíño pero realmente vai á verbena e consome cocaína.²² Deste xeito, o discurso de “Muineira de Interior” enlaza coa exaltación do consumo de drogas que vivimos no discurso correspondente ao trap urbano. De igual forma, as constantes referencias a espazos, labores e expresións vencellados ao mundo rural e a cancións populares como “Arrastráche-lo cu polas pallas” e “Unha noite no muíño” de Ana Kiro²³ e “Árdelle o eixo”²⁴, dentro do contexto do exceso, conectan co ton humorístico que o grupo presenta no seu trap rural.

Este discurso vese reforzado pola estética do videoclip, onde vemos os membros do grupo, así como outros colaboradores habituais dos seus vídeos (tamén pertencentes á esfera do trap), xunto coa agrupación folclórica Cantigas e Agarimos. Todos eles, incluídos Chicho e Cibrán, van vestidos con traxes tradicionais galegos, ben de gala ou ben de faena. A idea de modernidade maniféstase nesta estética tradicional a través de diferentes elementos. En primeiro lugar,

22 *Farruco foi ao muíño / volveu cheo de fariña / el muiñeiro non é, eu non sei con quen andaría. / Non sei con quen andaría / que mira como camiña / marchou onte pola noite e volveu hoxe polo día / [...] / A mandíbula de Farruquiño non vexas como se move / el di que non tomou nada pero báilalle o pasodobre. / Báilalle o pasodobre / tamén lle castañea / van a ter que contratalo para tocar no grupo da aldea / [...] / prende ese porro e pasa o cacharro.*

23 *[...] arrastráche-lo cu polas pallas / e fíxéche-la cama no chan / e molláche-la berberechiña / que traías sequiña do vrán // Unha noite no muíño / unha noite non é nada / unha sementiña enteira / eso si que é muiñada.*


24 *[...] árdelle o eixo / árdelle o carro.*



Fotogramas do videoclip “Muinheira de Interior”.

a introdución de compoñentes como bengalas e cócteles molotov (este último feito cunha botella de caña, o cal é en si mesmo unha mostra desta fusión) en mans dos membros do grupo de folclore.

En segundo lugar, a gaita que finxe tocar Chicho, que presenta luces como de neon no ronco.




Fotograma do videoclip “Muinheira de Interior”.

En terceiro lugar, a ruptura por parte dos suxeitos pertencentes ao mundo do trap, isto é, os dous cantantes e os seus achegados, da estética puramente tradicional que os integrantes de Cantigas e Agarimos si que gardan. Así pois, Cibrán carece de camisa, deixando ver as tatuaxes dos seus brazos, e leva a faixa atada á cadeira e co extremo colgando, sen cinguir. Pola súa parte, Chicho e un dos seus compañeiros presentan un peiteado completamente moderno; trenzas largas atadas e rastas, respectivamente. Ademais, os seus traxes son de corte moderno, posromántico ou mesmo industrial, tal e como se pode apreciar polas teas empregadas, padrón que tamén segue a monteira de Cibrán, a cal difire dos modelos tradicionais existentes, ata onde temos constancia.



Fotograma do videoclip “Muinheira de Interior”.

Por último, cómpre mencionar a actitude de superioridade que se mostra no videoclip, vencellada a ese ego do que falabamos con respecto ao trap urbano. Mentres que Chicho actúa nalgunhas escenas como profesor de baile da agrupación, Cibrán pasea a cabalo diante da multitude que permanece inmóbil e en formación, case cun aire militar, coma se se tratase dun xeneral pasando revista ás súas tropas. Deste xeito, semella que o trap, encarnado neste caso



Fotogramas do videoclip “Muinheira de Interior”.

en Boyanka Kostova, estivese salvando a música tradicional da obsolescencia e comandándoa cara á modernidade.

Con todo, é innegable que a traxectoria máis recente comeza a distanciarse do discurso presente nos seus traballos anteriores, virando cara a un intento real de unir o mundo urbano e o rural nunha única identidade galega diversa e ampla.

3. Conclusións

Tras esta análise, observamos que os discursos de ambos os grupos (e, por extensión, de ambos os xéneros musicais) se converten na bandeira das ideoloxías que reproducen, e cada un dos seus suxeitos e obxectivos son símbolo do antagonismo de clase. Isto provoca a emerxencia de dúas identidades sociais e culturais enfrontadas, que poderíamos chamar identidades ideolóxicas, xa que esa é a base da cohesión do grupo social. Así, podemos confirmar que o discurso musical constitúe unha ferramenta chave para a (de)construción da identidade, de modo que os grupos sociais creados están fundamentados na ideoloxía que sustenta o discurso.

O trap é o máximo expoñente no panorama musical actual do posmodernismo, entendido, segundo a definición de Jameson, como a lóxica cultural do capitalismo tardío. Baixo a sombra deste espectro desenvólvese o que Jameson chama “a crise da historicidade”, pola cal o suxeito posmoderno é incapaz de conectar co pasado e co futuro, de xeito que a construción da súa identidade só pode ser feita a partir do presente de forma débil, fragmentada e individualizada. Esta falta de estabilidade identitaria provoca unha necesidade de evasión, manifesta no caso do trap a través da euforia da festa e as drogas. Esta filosofía ao estilo *live fast, die young*, consecuencia directa da ideoloxía neoliberal, constitúe a base da identidade que emerxe no discurso do trap. A popularización desta identidade ideolóxica (especialmente forte nos últimos anos, co auxe do trap tanto a nivel musical como estético) débese á difusión e apoio que recibe por parte do sistema, xa que converte as bases ideolóxicas do mesmo nunha identidade de moda, aínda que feble, entre a mocidade. Como explican Rey e Vilares (2019, p. 35):

El consumo pasa a ser una forma de lenguaje simbólico que crea identidad personal, lo que Baudrillard (2007) denominó “metaconsumo”. La función principal del metaconsumo es la diferenciación social y el desarrollo de la personalidad del sujeto a través de los productos que adquiere. En este aspecto, el metaconsumo tiende a estar inserto en la lógica de la moda –potenciada por la publicidad y las estrategias del marketing–, en función de la cual el sujeto que “va a la moda” es partícipe en un doble proceso identitario: pertenece –por un lado– a un grupo social legítimo que sigue los patrones de la moda y justifica los actos individuales de cada integrante, a la vez que se diferencia de individuos ajenos a la moda en cuestión (Simmel 2010). No obstante, esta configuración de la identidad personal a través del consumo tiende a crear identidades extremadamente débiles o líquidas.

En relación a isto, Layla Martínez (2019) fala do concepto de “turismo de clase” para referirse ao compoñente clasista da popularización e romantización da estética de barrio como base da estética do trap e o consecuente consumo en masa da mesma por parte de individuos separados desa realidade por cuestión de clase:

Fenómenos como la pequeña delincuencia, los trabajos de la economía sumergida o el tráfico de drogas son presentados únicamente en sus facetas estéticas, pero no se abordan las causas de que se produzcan ni se tienen en cuenta los problemas que llevan asociados. Las revistas de tendencias copian la ropa de los chavales de barrio pero no hablan de por qué en el extrarradio la tasa de abandono escolar es mayor, la esperanza de vida más baja y las calles están llenas de casas de apuestas. El público del Primavera Sound corea canciones sobre pasar droga pero vive lejos de las infraviviendas donde se trafica. Esta idealización genera además un fenómeno de turismo de clase: personas que pertenecen a clases medias y altas copian la forma de hablar y vestir que asocian con la clase baja mientras dura la moda, como el que se viste con chilaba mientras está de vacaciones en Marruecos. Así, esta visión romantizada tiene también un componente clasista, porque implica una visión uniforme y estereotipada de las personas que habitan estos barrios: comportarse como alguien de barrio es ponerse chándal, hablar en jerga y

fumar hachís, no parar el desahucio de tu vecino o ayudar a organizar la liguilla de fútbol.

En contraposición atopamos o hip-hop, un xénero que se desenvolve en Galiza xeralmente como proxecto tanto musical e cultural como político dende a resistencia. A identidade constrúese neste caso en clave colectiva en contraposición co *outro*: o poder (clase dominada vs. clase dominante). Isto é palpable tanto no contido (como analizamos previamente) coma no plano fonético, onde atopamos unha forte influencia do movemento bravú, que concibía a música dende a periferia para a periferia, a través da manifestación orgullosa de múltiples trazos dialectais como gheada, seseo ou rotacismo, que se traslada á escrita mediante a norma reintegracionista. Este posicionamento lingüístico constitúe un acto político de reivindicación do que está fóra na norma, sexa política, cultural ou lingüística, e cuxo achegamento á lingua oral real do pobo favorece a identificación do mesmo co discurso. Polo tanto, e á luz tamén do xa devandito no apartado anterior, a identidade que emerxe é unha reprodución cultural da ideoloxía que a atravesada. O hip-hop galego, en particular, está vencellado ao traballo dos sectores ideoloxicamente máis críticos do movemento independentista, asociados ao marxismo, que comezaron un proceso de (re)construción dunha identidade cultural que, sen romper coas raíces do pasado, estea adaptada ao presente e poida facelo co futuro, e que responda á súa vez á ideoloxía que promoven. Conciben a cultura non como obxecto de coleccionista ancorado no esencialismo, senón como órgano vivo indispensable para a elaboración dun proxecto político galego completo.

En definitiva, a voz colectiva derivada da conciencia da unidade de clase que observamos no hip-hop choca frontalmente co individualismo neoliberal do trap, creando dous polos ideolóxico-identitarios enfrontados (manifestos tanto na música como noutros produtos culturais, na estética e ata no propio estilo de vida) en constante tensión por mor do concepto de autenticidade (o cal adiantamos anteriormente ao analizar o discurso do hip-hop). Para o hip-hop, o trap é unha sorte de Caín, un irmán que traizoou a clase (e con ela, a súa identidade ideolóxica) para renderse ao capital. Como dicían Los Chikos del Maíz no seu *beef* ao coñecido *trapper*

C. Tangana, “deja ese rap de fariseo / niño de papá jugando a ser perro callejero / pero si tanto dices ser de barrio / acude a una asamblea o ayuda a parar un desahucio”.²⁵

Por último, cómpre preguntármonos se é posible a reconciliación entre ambos os xéneros e identidades, polo menos no caso galego, como ámbito que nos atinxe. Aínda que a resposta é incerta no presente, a recente colaboración entre Dios ke te crew e Boyanka Kostova en dúas cancións,²⁶ unha de hip-hop e outra de trap, que xiran arredor da sátira social e política e a crítica humorística ao chovinismo, podería constituír o comezo dun novo tempo de irmandade entre os dous xéneros no que o discurso do trap galego se afaste dos ditados neoliberais propios do seu xénero para construír de xeito colaborativo unha identidade fiel e digna para a música urbana galega e, en última instancia, para o pobo galego.

Referencias bibliográficas

- Abad Hermidas, Laura (2018). *Hip hop: reivindicación o moda. Análisis del mensaje de la música rap y su impacto social*. A Coruña: Universidade da Coruña. <http://hdl.handle.net/2183/20790>
- Bucholtz, Mary e Hall, Kira (2004). Language and Identity. En: Alessandro Duranti, ed. *A Companion to Linguistic Anthropology*. Oxford: Blackwell, 369-394. <http://dx.doi.org/10.1002/9780470996522.ch16>
- Dijk, Teun Adrianus van (2001). Critical discourse analysis. En: Deborah Tannen, Heidi Hamilton e Deborah Schiffrin, eds. *The Handbook of Discourse Analysis*. Oxford: Blackwell, 352-371.
- Fairclough, Norman (1995). *Critical Discourse Analysis: The Critical Study of Language*. New York: Longman.
- Loureiro-Rodríguez, Verónica. (2013). ‘If we only speak our language by the fireside, it won’t survive’: the cultural and linguistic indigenization of hip hop in Galicia. *Popular Music*

25 Los Chikos del Maíz (2016). “Los Pollos Hermanos”. Recurso en liña: <<https://youtu.be/OJehu0Lum2U>>

26 OG (2021). <<https://youtu.be/A-UROV8F1AY>> e Ázido Úriko (2021).<<https://youtu.be/TKVWAaYXcfU>>

- and Society*. 5 (36), 659-676. <http://dx.doi.org/10.1080/03007766.2012.717351>
- Martínez, Layla (2019). Glorificar lo quinqu para que nada cambie. *El Salto*. 7/IV/2019. Disponible en <https://www.elsaltodiario.com/culturas/glorificar-quinqui-nada-cambie>
- Pennycook, Alastair (2007). Language, localization, and the Real: Hip-Hop and the Global Spread of Authenticity. *Journal of Language Identity & Education*. 2 (6), 101-115. <http://dx.doi.org/10.1080/15348450701341246>
- Reguillo, Rossana (2000). El lloc des dels marges. Música i identitats juvenils. En: Carles Feixa, Joan R. Saura e Javier Castro, eds. *Música i ideologies: mentre la meva guitarra parla suavement. III Fòrum d'Estudis sobre la Joventut*. Lleida: Universitat de Lleida, 251-257.
- Rey Gayoso, Raúl e Vilares Marrondo, David José (2019). *Trap, algo más que música. Estudio sociológico del trap español*. A Coruña: Universidade da Coruña.

RECENSIÓN

Álvarez Blanco, Rosario, Dubert García,
Francisco e Sousa Fernández, Xulio, eds. (2020).
*Atlas Lingüístico Galego. Volume VII. Léxico.
O ser humano (II)*. A Coruña / Santiago de
Compostela: Fundación Barrié / Universidade
de Santiago de Compostela, 650 pp.
/ Marta Negro Romero



**Álvarez Blanco, Rosario, Dubert García, Francisco e
Sousa Fernández, Xulio, eds. (2020).
*Atlas Lingüístico Galego. Volume VII. Léxico.
O ser humano (II). A Coruña / Santiago
de Compostela: Fundación Barrié / Universidade
de Santiago de Compostela, 650 pp.***

Marta Negro Romero
Instituto da Lingua Galega
marta.negro@usc.gal

O *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) é un proxecto case fundacional do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela e un dos de maior envergadura da institución. Constantino García asumiu a encarga de Manuel Alvar de realizar en Galicia as enquisas para o *Atlas Linguarum Europae* (ALE), e mais, de paso, para o *Atlas Lingüístico de España e Portugal* (ALEP). Naceu deste xeito en 1973 o proxecto do ALGa, realizando o traballo de campo Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González González entre 1974 e 1976, en 167 puntos da xeografía galega e en zonas de fala galega de Asturias, León e Zamora. O cuestionario constaba de 2711 preguntas de fonética, gramática e léxico. Como sinalan Álvarez e Sousa (2017, p. 64), a magnitude do cuestionario é inusual para unha obra das súas características, pero explícase pola necesidade existente dunha recollida sistemática da rica variación diatópica do galego tradicional para poder acometer o labor de normativización do galego.

A publicación dos datos do ALGa iniciouse en 1990 co primeiro volume sobre a morfoloxía verbal, e no ano 2020 saíu á luz, coordinado por Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa e redactado por Raquel Vila-Amado, o sétimo volume, que é o obxecto da nosa atención. Este é o segundo dedicado ao léxico relacionado co ser humano, despois de publicarse en 2005 o quinto volume *Léxico. O ser humano (I)*, elaborado a partir da información dos cuestionarios referida ao campo semántico do corpo humano e constituído por 300 mapas. Este segundo volume contén 294

mapas de léxico tamén referido ao ser humano, aínda que de campos moito máis heteroxéneos ca os contidos no precedente.

Ao igual ca nos volumes anteriores, antes de presentar os datos, na introdución (pp. 7-17) ofrécese información sobre a procedencia dos materiais, as localidades investigadas (ordenadas en primeiro lugar pola clave de referencia, despois polo nome do concello e, por último, alfabeticamente), os tipos de mapas e a súa ordenación xunto coas lendas e as notas. A parte nuclear do volume é a dedicada aos mapas (pp. 19-609), e iníciase cun mapa coa relación de localidades ao que seguen os 294 mapas que presentan a información cartografada. A heteroxeneidade dos datos deste volume é ben salvada mediante o seu agrupamento en seis grandes clases que facilitan a súa consulta:

- a. A familia: do mapa 1 ao 41.
- b. A idade das persoas: do mapa 42 ao 48.
- c. A vida en sociedade: do mapa 49 ao 128.
- d. As medidas e os instrumentos de medición: do mapa 129 ao 161.
- e. As ocupacións e os oficios: do mapa 162 ao 224.
- f. As ferramentas de traballo non relacionadas coa agricultura, a pesca e a vida doméstica: do mapa 225 ao 294.

A información recadada para cada unha das variables léxicas analizadas preséntase a dobre cara: na esquerda, o mapa cos símbolos interpretativos correspondentes; e na dereita, o número de mapa e o título, a relación de variantes e os símbolos que as representan na parte superior da páxina, con toda a información identificativa e explicativa ordenada temática e numericamente en notas na parte inferior.

Neste volume, como acontecía nos anteriores, a información cartográfica está excelentemente representada. A forma de visualización escollida, mediante o uso de diversos símbolos e cores (negra, verde, azul e maxenta), facilita a interpretación da información, pois permite visualizar dunha soa ollada a distribución das variantes e dos grupos de variantes no territorio lingüístico galego. Os símbolos formalmente máis sinxelos son asignados ás formas léxicas de morfoloxía máis simple e as variantes que resultan de procesos de mudanza fónica ou morfolóxica similares levan símbolos

semellantes. A cor negra resérvase para as formas máis comúns ou de maior extensión, e as outras cores, xunto a símbolos máis rechamantes, para as menos frecuentes. Os castelanismos aparecen representados mediante unha cruz, ou cunha cruz dentro dun círculo cando a forma está moi estendida por todo o territorio.

En canto á tipoloxía dos mapas, a maioría mostran unha gran variedade e riqueza léxica, coa dificultade que isto supón á hora da súa elaboración, e son escasos os que presentan unha única variante para todo o territorio. Neste volume encontramos un conxunto singular de mapas conformado polos relacionados coas medidas e os instrumentos de medición. A partir de catro preguntas do cuestionario elaboráronse 31 mapas con variantes que non son estritamente equivalentes entre si, porque se empregan con distintos valores no territorio de fala galega (un ferrado, por exemplo, non ten a mesma equivalencia en todos os puntos). Tamén constitúen un grupo particular os mapas das formas de saúdo, nos que as variantes non se asocian por un mesmo significado, senón por un mesmo valor ou fin comunicativo.

En gran parte dos mapas o título coincide cunha das variantes rexistradas e é tamén a forma común no estándar galego (32. *Curmán*, 34. *Nora*). Nalgúns casos, como explican os autores (p. 13), debido ao carácter singular das variables representadas, o título é unha frase descritiva do concepto, do tipo de información procurada ou do contexto en que se insire a forma analizada (47. *Mozo de 17 anos en diante*, 145. *Unidades menores (superficie)*, 157. *Estar tolo por alguén*). Un grupo reducido de mapas leva por título unha forma estándar que non aparece entre as variantes recollidas (163. *Grazas*).

As variantes, ao igual ca nos outros volumes dedicados ao léxico, transcríbense en grafía convencional. Só nuns poucos mapas encontramos indicacións sobre a realización fonética que se considera de interese e non figura nos volumes anteriores, como é o caso dos mapas 13, 44, 84 ou 111. Nas notas é onde se ofrece a información completa das variantes fonéticas rexistradas e tamén se remite nalgúns casos ao volume de fonética do ALGa para encontrar información complementaria.

As distintas formas léxicas aparecen dispostas nun máximo de catro columnas e ordenadas tendo en conta diversos criterios:

léxico-semántico (o agrupamento realízase por familias léxicas), morfolóxico (as formas simples van antes das derivadas) e socio-lingüístico (os castelanismos preséntanse ao final da súa serie léxica); aínda que cando se fai necesaria a utilización de tres ou de catro columnas, comprobamos que a última non segue o criterio léxico-semántico, debido á heteroxeneidade dos datos, e preséntanse xuntas variantes de familias léxicas diferentes. Nalgúns casos, incluso, non se emprega este criterio en ningunha das columnas polo volume de variantes manexado, como acontece en 17. *Fillo ilexítimo* ou en 159. *Medida acugulada*. Noutros mapas percibimos que se agrupan na mesma columna variantes diversas porque pertencen a un rexistro diferente ao da forma ou formas principais (5. *Esposa*, 6. *Marido*) ou responden a un mesmo proceso de creación de palabras (en 180. *Cabreiro*, as palabras *cabreiro* e *chiveiro* figuran na mesma columna e, en 181. *Besteiro*, sucede o mesmo con *besteiro*, *cabaleiro*, *burreiro*, *muleiro* e *poltreiro*). A este respecto, bótase en falta algunha explicación na introdución sobre o proceder xeral á hora de realizar os distintos agrupamentos das variantes.

As notas recollen información variada relativa a diversos campos, aínda que non sempre se cobre en todos os mapas: procedencia dos datos (número e enunciado das preguntas do cuestionario), outras respostas, realización fonética das variantes, información fonética, significado e fraseoloxía, información adicional, información gramatical e información asociada con outros factores de variación (vixencia das formas, frecuencia de uso, rexistro ao que pertencen...). En moitos casos, cando hai máis dunha resposta nunha localidade, as notas permiten esclarecer se as formas pertencen a rexistros diferentes, se hai algún matiz no significado, se algunha delas está en desuso etc., o que resulta de grande axuda para os investigadores e investigadoras.

O volume péchase cun índice co número e título de mapa e outro das formas da lenda, que permite consultar de forma áxil en que mapa ou mapas se encontra unha variante determinada. Neste sentido, tamén é de grande utilidade a aplicación *Índices do Atlas Lingüístico Galego* (Sousa Fernández), creada no Instituto da Lingua Galega, que posibilita saber en que volume ou volumes figura unha forma.

Somos coñecedoras da dificultade que supón manexar unha cantidade de datos tan elevada e presentalos de forma coherente, polo que só podemos felicitar as persoas que traballaron neste volume polo gran labor realizado. Os datos do ALGa foron fundamentais no proceso de codificación da lingua galega, foron e son a base de numerosos estudos lingüísticos e, aínda que xa pasaron uns cantos anos desde a súa recolla, permiten seguir a coñecer o galego moderno e situalo ao mesmo nivel doutras linguas no contexto románico. Agardamos, con grande interese, a publicación do vindeiro volume.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario e Sousa, Xulio (2017). A investigación sobre a variación lingüística do galego: desde o ALGa ata a actualidade. *LaborHistórico*. 3(1), 63-75. <http://dx.doi.org/10.24206/lh.v3i1.17107>
- Sousa Fernández, Xulio. *Índices do Atlas Lingüístico Galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/indices/>

NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así como á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.
2. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.
3. Os traballos deberán conter material non publicado nin presentado para a súa publicación en ningún outro medio de difusión.
4. Para poder enviar traballos en liña, e para poder comprobar o estado dos traballos enviados, o autor debe rexistrarse previamente cubrindo o formulario pertinente no seguinte enderezo: <https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/index/user/register> Unha vez rexistrado poderá acceder á revista co seu nome de usuario e o contrasinal.
5. O texto será sometido a revisión por pares, polo que debe vir sen marcas de autoría. Debe cubrirse separadamente un formulario complementario co título, nome de autor(es), información sobre adscrición institucional, enderezo de contacto, que se atopa na plataforma da revista. A decisión final sobre a publicación correspóndelle ao Consello de Redacción.
6. O proceso de avaliación, desde a recepción do orixinal ata a resposta ao autor ou autora, non durará máis de dous meses. No caso de que o traballo precise correccións, á vista dos informes, o autor ou a autora disporá do prazo de un mes para devolver o orixinal corrixido.
7. A entrega dos traballos para a publicación en *Cadernos de Lingua* implica a cesión do seu dereito de explotación e copia. Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.
8. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
9. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 11, con entreliñamento sinxelo e cunha extensión dun mínimo de 20.000 e un máximo de 40.000 caracteres por artigo.
10. O artigo virá acompañado dun resumo (que non debe exceder as dúscenas palabras) e das palabras chave (máximo oito) ambos en galego e en inglés.

11. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabeza-mentos, numerados correlativamente (1., 2., 3., 4. / 1.1., 1.2., 1.3., 1.4./ 1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.4.1 etc.) segundo o seu nivel na xerarquía.
12. As referencias á bibliografía no texto faranse conforme o modelo de cita-ción internacional:
 - Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989, p. 47), (Ferreira e Amoedo 1999, p. 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
 - Ao final, incluíranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. Exemplos:
 - Kabatek, Johannes (1996). *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz-und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.
 - González González, Manuel e Regueira, Xosé Luís (2016). Galicia en los inicios de los estudios de fonética acústica dentro del estado español. En: Ana María Fernández Planas, ed., *53 reflexiones sobre aspectos de la fonética y otros temas de lingüística*. Barcelona: Univer-sitat, 373-382.
 - Cabré, M. Teresa (2009). Technologie et terminologie : changements méthodologiques et épistémologiques. *Cahiers de lexicologie*. 94, 31-56.
 - TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2013-). *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://www.ti.usc.es/TILG/> [consulta en maio-setembro 2011].
13. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas, irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se empregarán as cursivas.
14. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluírán aquí as referencias bibliográficas por extenso, para evitar a proliferación de notas no rodapé.
15. Táboas/cadros. Realizaranse utilizando o comando específico de “edición de táboas”. As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2 etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Véxase táboa 1).

16. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para seren dixitalizados. No seu caso, tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2 etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).
17. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade para seren dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:
 - *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en “modo liña” ou “mapa de bits” (non se recomenda o modo “escala de grises”); a resolución será de 1.200 ppp.
 - *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.
Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2 etc.) con números arábigos.
Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Véxase Fig.1).
18. Os materiais complementarios (táboas, gráficos, imaxes, mapas...) deben acompañarse do recoñecemento da fonte e da autoría, e, no seu caso, dos correspondentes permisos de uso e reprodución.
19. Os autores poden solicitar que se lles envíen as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.
20. Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.

Notas

Seguiranse os mesmos criterios ca para os artigos, pero a extensión deberá estar comprendida entre 7.000 e 20.000 caracteres.

Recensións

As recensións deben levar a referencia bibliográfica completa. A extensión máxima dunha recensión será de 10.000 caracteres. Deben presentarse en Times New Roman, corpo 11, espazo simple.



CONTIDO

- 9 Xosé María Rei Lema
Fraseoloxía da novela *Costa do Solpor*,
de Xosé M.^a Lema
- 141 Tamara Rial Montes
Ola señor, dásme o libro?
Adquisición de estratexias de cortesía en galego
- 165 M.^a Belén Senín Santiago
Ideoloxía e identidade no discurso musical:
o caso do hip-hop e o trap galegos a través de
Rebeliom do Inframundo e Boyanka Kostova
- 191 Raquel Vila Amado
Álvarez Blanco, Rosario, Dubert García, Francisco
e Sousa Fernández, Xulio, eds. (2020). *Atlas
Lingüístico Galego. Volume VII. Léxico. O ser
humano (II)*. A Coruña / Santiago de Compostela:
Fundación Barrié / Universidade de Santiago de
Compostela, 650 pp.